

Pais e veciños seguen coas concentracións polo peche do colexio de Baamonde

Os pais de Baamonde volveron concentrarse novamente reclamando o peche do colexio dentro do proxecto proposto polo alcalde de fusionar os dous centros no de Begonte e utilizar o outro para unha escola de música. Así, concentráronse ante a sede da Xunta, nun acto organizado pola Federación de anpas da provincia que, xunto con outras entidades, denuncian a política de desmantelamento do rural. Neste acto participaron representantes políticos da contorna, principalmente dos concellos de Vilalba, Guitiriz e Xermade, así como do resto de administracións. **Pax. 16**

A comarca relaxa medidas

A covid-19 segue contida en moitos concellos xa que só Meira permanece en alerta. Dende o venres retrásase o toque de queda e ampliáanse horarios



Vese luz ao final do túnel, aínda que non está todo solucionado. A provincia aprobou e con nota o paso pola ponte de San Xosé e a Semana Santa sen que iso repercutise nun aumento de casos, algo que prevían as autoridades sanitarias. A vacinación e a concienciación están conseguindo manter controlado o virus na comarca xa que ningún concello chega aos dez casos e a maioría levan limpos de contaxios dende hai semanas. A vida cultural volve pouco a pouco, a actividade económica, agás a hostaleira, recupérase pero aínda son necesarias a precaución e o sentidoño.

as pontes. Auxiliares e camioneiros levantan o bloqueo a Endesa. **Pax. 7**

castro. O Concello dará unha axuda de mil euros a hostaleiros. **Pax. 9**

friol. Firman o convenio para dotar de saneamento a zona de Roimil. **Pax. 10**

cospeito. Aprobán no pleno axudas a hostaleiros e os orzamentos. **Pax. 11**

guitiriz. Adjudicada a obra de modernización da ETAP. **Pax. 14**

muras. Puraga presenta unha publicación sobre o cabalo galego. **Pax. 33**

meira. Abre o prazo para solicitar praza na residencia de maiores. **Pax. 39**

Entrevista a Francisco Rey



O presidente do Vilalbés fala da sucesión no club. **Pax. 44**

Nace en Abadín A Rumboia



Asociación xuvenil para o impulso cultural. **Pax. 35**

Especial Agro nas páxinas interiores



Últimas novidades do sector agro gandeiro. **Pax. 17-32**

A Deputación aproba a distribución do Plan Único

O Pleno da Deputación aprobou por unanimidade a relación de actuacións e proxectos que os 67 concellos da provincia propuxeron para executar ao abeiro do Plan Único 2021, e que suporán unha inxección

de preto de 24M€. Os municipios priorizan os investimentos (aos que dedicarán o 70% do total dos fondos), seguidos da creación de emprego, o SAF e as medidas contra o impacto da covid-19. **Pax. 41**

NOVALUX
óptica & centro auditivo

Combo primavera

+ LENTES BRANCAS
LENTES DE SOL

dende **70€**
monofocais

dende **250€**
progresivas

VILALBA
Tel. 982 510 100
AS PONTES
Tel. 981 451 504



NOVAS

vilalba

O Concello busca novas datas para o FIV 2021

O Concello de Vilalba está valorando a situación sanitaria vixente, descartando xa a celebración do FIV de Vilalba nas datas habituais do mes de abril.

Logo da cancelación da edición de 2020, o Concello de Vilalba está a facer todos os esforzos por conseguir manter a edición de 2021 nunha nova data, cun formato adaptado a actual situación sanitaria na que se garante a seguridade sanitaria como prioridade máxima. O FIV de Vilalba caracterízase por ser un evento que se adaptou co paso de cada unha das edicións tanto á vila de Vilalba como aos seus cidadáns, por iso, os motivos que levaron a tomar esta decisión son “estritamente de seguridade

sanitaria, xa que está na obriga garantir a saúde de todas as persoas implicadas na realización e desenvolvemento do evento, así como a dos asistentes, que é o máis importante para que o festival se celebre”.

Pola súa banda, a produtora Art Music non organizará a próxima edición do FIV. “Tras nove anos de dedicación e compromiso co festival, péchase así unha etapa na que a produtora musical galega conseguiu situar a Vilalba no mapa das cidades envorcadadas coa música en directo”, explican.

“Deixámonos a pel en cada detalle para celebrar un evento con identidade, responsable e comfortable”, sinala a misiva de Art Music.

Presentados os pregos para licitar o servizo de limpeza

O Concello de Vilalba fixo públicos os pregos da licitación dos servizos de limpeza e conserxería nos edificios e instalacións municipais, un concurso no que o grupo de goberno local leva meses traballando.

O servizo engloba o edificio do concello, a biblioteca, o auditorio, o pavillón de deportes, os centros educativos de Vilalba, os baños públicos e outras instalacións municipais, así como as prazas de conserxería.

O contrato será por un ano prorrogable ata un máximo de 3 anos, co obxectivo de facer un control sobre

a prestación do servizo e as condicións dos traballadores da empresa concesionaria. Os pregos están na plataforma de contratación pública e serán publicados tamén no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE).

“Englobamos os diversos servizos que se están prestando nun único contrato, primando a seguridade xurídica e un servizo de calidade, máis se cadra nos tempos nos que estamos a vivir”, asegura Rodrigo Pavón, primeiro tenente de alcalde e concelleiro de Servizos, Espazos Cidadans e relación cos veciños.


Acordo plenario para formar unha comisión de seguimento do PXOM

O pleno de Vilalba acordou finalmente crear unha comisión de seguimento para abordar o futuro do Pxom, que se rexe actualmente por unhas normas subsidiarias de 1984 e que suscitou numerosas críticas e debates dende o cambio de lexislatura. Sen dúbida, os tres partidos coincidiron en sinalar o Pxom como un elemento clave para impulsar o urbanismo no municipio. Antes de chegar a un acordo para formar a comisión, os tres partidos fixeron un debate no que non faltaron as acusacións de inacción e reclamacións de responsabilidade. A futura comisión estará formada por membros da empresa redactora, os técnicos municipais e dous representantes de cada grupo político. Teñen previsto convocar nun mes a primeira reunión, na que se decidirá a periodicidade do seu funcionamento.

COMEDOR. Tamén se aprobou no Pleno o regulamento do comedor da Escola de Educación Infantil e a proposta de acordo sobre o establecemento do prezo público, co obxectivo de que o servizo entre en funcionamento este mesmo curso.

O Concello anunciou en 2020 a súa decisión de asumir a xestión do comedor, pero ata o de agora non puido facerse efectiva polo proceso administrativo, xa que estaba pendente a sinatura dun convenio coa Xunta de Galicia.

Despois de varios meses de xestións, “o expediente está listo para que o servizo entre en fun-



Pleno virtual do Concello de Vilalba

cionamiento o antes posible”, asegura Marta Rouco, concelleira de Servizos Sociais de Vilalba. A Xunta financiará 2,50 euros de cada menú, correspondéndolle o resto ao concello. Os prezos variarán entre a gratuidade e os 4,50 euros, en función da renda familiar.

A proposta de acordo para o establecemento do prezo público recolle exactamente as mesmas escalas de renda e prezos que aplica a Xunta en todos os comedores escolares que xestiona, de xeito que os usuarios do comedor da Escola de Educación Infantil pagarán o mesmo prezo que nos comedores de calquera outro centro escolar.

Por outra parte, na sesión debatiuse unha moción do grupo de goberno na que demanda á Xunta de Galicia un sistema de financiamento xusto para xestionar o Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

Como explicaron, a Xunta leva 10 anos aportando a mesma cantida-

de para o servizo, a pesar de que o prezo por hora incrementouse unha media de cinco euros nesta década. As competencias son do goberno autonómico e, segundo recolle a lei, o seu traspaso ás entidades locais “deberá ir acompañado de transferencia dos medios económicos, materiais e persoais que resulten necesarios para o seu adecuado exercicio”.

No caso do Concello de Vilalba, desde a última licitación do servizo, na que o prezo por hora pasou a ser de 15,26 euros, a aportación municipal incrementouse en máis de 700.00 euros anuais.

Recentemente, a Xunta tivo “a xentileza” de incrementar o número de horas asignadas a Vilalba, ata as 189.912 horas anuais, pero co financiamento nos termos actuais é imposible que o Concello poida prestalas todas, repercutindo directamente sobre os cidadáns, que teñen que sufrir listas de espera.

Esta primavera levas a fibra gratis
ao contratar calquera liña móbil!

Fibra 1.000 Mb

Móbil 23 GB

Paga só o móbil

8 €/mes

durante
4 meses

Chama xa gratis ao 900 651 679

www.adamo.es

adamo
Fibra · Móbil · Fixo

Humanizarán a Travesía dos Castros e inician outras obras

O Concello de Vilalba xa ten listo o proxecto para humanizar a Travesía dos Castros co obxectivo de darlle prioridade aos peóns sobre os vehículos, gañar espazo público para a veciñanza e mellorar a imaxe da zona, que na actualidade atópase moi degradada. En concreto, a actuación realizarase dende o seu cruce coa rúa do Calvario ata o cruce coa avenida da Terra Chá.

A actuación inclúe ademais a renovación do alumbeado público con tecnoloxía LED, a instalación de mobiliario urbano e un incremento das zonas arboladas e verdes.

O Concello transformará a actual calzada nun espazo de plataforma única, cun ancho de paso para os vehículos de 3,30 metros.

O orzamento do proxecto ronda os 100.000 euros e conlevará tamén a posta en marcha dunha nova rede de saneamento.

Todos os materiais da actuación serán novedosos, cunha calzada en plataforma única con capa de rodadura de cor, zonas coreadas con pintura epoxi para exteriores, un espazo público con solera de formigón armado con acabado de formigón lavado desactivado de grano fino color verde, e xardineiras de formigón con taboleiros de madeira de pino.

CODESIDO. Comezaron as obras de mantemento, pavimentación e sinalización do vial municipal 065_106, que comunica a estrada provincial LU-P-6513 co núcleo de Ferreiro de Suso, na parroquia de Codesido.

Esta vía atópase actualmente sometida a un intenso tráfico, debido ao paso da veciñanza deste núcleo así como doutros próximos, como A Retorta, Refingoi ou Grandaille.

Para a mellora e mantemento desta



Distintos puntos da contorna da Travesía dos Castros, onde se actuará

vía, farase a limpeza e apertura de noiros en todo o seu percorrido e o recargo e nivelación das capas base para obter un perfil transversal homoxéneo da superficie da estrada, así como a nivelación da capa de rodadura. Ademais, procederáse á sinalización vertical das interseccións. Está previsto colocar dous canos que conduzan ás augas de escorrentía, así como a pavimentación dunha superficie de 150 m2 de abanico, evitando o arrastre de materiais.

ALBA. Xa está listo o proxecto para acometer varias actuacións de renovación e conservación de diferentes vías de titularidade municipal na parroquia de Alba, que comunican distintos núcleos de poboación entre si e coa estrada N-634. Os traballos acondicionarán os camiños municipais 065_121, 065_024 e 065_379, que son os viais que comunican entre si e tamén coa N-634 os núcleos de Alba, Abadín, Coea e A Costa.

SANTALLA. Por outra banda, remataron as obras de pavimentación e conservación de varios viais municipais nos núcleos de Vilasuso, Ribeira, Trufas e O Casal, na parroquia de

Santaballa.

En concreto, os traballos foron no vial que da acceso ao barrio de Vilasuso dende a LU-P-6519, o vial interior do núcleo de Vilasuso, e no camiño de titularidade municipal sen pavimentar que parte da estrada provincial LU-P-6519 e da acceso a unha vivenda situada ó sur do núcleo de Vilasuso.

As obras realizáronse tamén no vial municipal que da acceso ao barrio de A Ribeira, no camiño de titularidade municipal sen pavimentar que parte de A Vesura, no barrio de Trufas, e discorre en dirección ó monte de Pena Furada ata alcanzar as últimas vivendas do núcleo, e no vial de titularidade municipal sin codificar que comunica o barrio de O Casal coa zona de Os Cotelos.

INVENTARIO CAMIÑOS. O Concello de Vilalba comezou a realización dun inventario de camiños municipais. O goberno local destaca a importancia deste proxecto, dado que non existía con anterioridade. Ademais, o inventario aportará unha maior seguridade xurídica á veciñanza, cunha aclaración precisa sobre que vías son de titularidade pública e cales privadas.

Implantan o sistema de comunicación veciñal Liña Verde

O Concello de Vilalba únese aos máis de 500 municipios que a nivel nacional dispoñen do servizo Liña Verde. A través desta canle de comunicación directa, os veciños poden poñer en coñecemento do concello aqueles danos que detecten na súa localidade.

Grazas a esta ferramenta de participación cidadá, o concello pretende coñecer as necesidades da veciñanza e así poder dar solución ás cuestións comunicadas.

Para poder utilizar este novo servizo é necesario proceder á descarga da APP Liña Verde. A partir dese momento, o usuario selecciona o municipio sobre o que quere comunicar a incidencia. O procedemento é moi rápido e sinxelo. Para comunicar unha incidencia, basta con pulsar no botón Nova Incidencia. Un despregable coas diferentes tipoloxías de incidencias aparece en pantalla. O usuario selecciona aquela sobre a que quere comunicar e de forma automática a APP detecta as coordenadas exactas nas que se sitúa o dano.

O seguinte paso é achegar unha foto da incidencia e a observación sobre a mesma. Xa só queda dar ao botón de enviar. Unha vez enviada, persoal do Concello recibe a notificación do dano comunicado. A partir deste intre, inicianse os trámites para dar solución á incidencia detectada. O cidadán ou cidadá, á súa vez, recibe notificación no seu teléfono móbil sempre que se produza un cambio no estado da mesma.

A través de Liña Verde, o usuario tamén pode expor calquera consulta ambiental, seleccionando a opción de Fai a túa consulta. Nun prazo



máximo de 24 horas terá resposta por parte dun equipo de expertos na materia de forma completamente gratuíta.

Ao servizo Liña Verde tamén se pode acceder a través do dominio www.lineaverdevilalba.gal. Ademais de comunicar unha incidencia ou expor unha consulta, o usuario dispón dun amplo contido de consulta ambiental (guía de boas prácticas, consellos, información propia do municipio, etcétera).

Liña Verde tamén ofrece os seus servizos a través de contacto telefónico no número 902 193 768 en horario de 8.00 horas a 17.00 horas (custo da chamada 0,07 €/min).

Outra das posibilidades que ofrece esta ferramenta é o envío de comunicacións informativas por parte do Concello aos cidadáns que así o desexen. Desta forma, ademais de implantar unha canle para resolver incidencias de mantemento no municipio, tamén é posible facer chegar a información de servizo público que se considere oportuna como o corte de tráfico dunha rúa ou un corte de auga ou luz.



ÚLTIMAS 5 VIVIENDAS DE 97 A 112 m²

Edificio céntrico y bien situado

- Ascensor hasta la planta bajo cubierta, zona trasteros.
- Trasteros con ventana exterior y toma para lavadora.
- Fachada ventilada de cantería.
- Instalación fotovoltaica para ahorro de electricidad en la comunidad de vecinos.
- Instalación solar térmica para producción de agua caliente.
- Amplias plazas de garaje.

PIDA PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

982 512 444 - 659 080 853
www.folgueirasinversiones.com



FOLGUEIRAS INVERSIONES SL

EN BREVE

MICRORRELATOS. Convocada unha nova edición do Certame de Microrrelatos, a terceira, con motivo da celebración do Día do Libro 2021. Nel poderán participar todas as persoas que o desexen e haberá tres categorías, infantil (ata 11 anos), xuvenil (de 12 a 17) e adultos, con distintos premios. A temática dos microrrelatos (un por persoa) será libre, mais debe conter no seu corpo narrativo a palabra LIBRO. A extensión máxima dos microrrelatos será de 100 palabras, título incluído, e sempre en galego. A data de recepción dos textos remata o 23 de abril e debe facerse a través do enderezo electrónico comunicacion@vilalba.es.

PREMIOS TASCA. A asociación Mulleres de Insua fixo entrega dos premios aos gañadores do seu certame anual de poesía e debuxo, que se fai coincidir coa Tasca do Liño, que este ano non se puido celebrar por mor da covid-19. Así, no certame de debuxo a gañadora foi Tania Prado Teijido seguida de Andrés Maceira Vilasuso e Helena Hang Fernández Quintela. No certame de poesía o primeiro premio foi para María Álvarez Martínez, o segundo para Emilia Martínez Fuentes e o terceiro correspondeu a Manuel Rubiños Ferreiro.

IESCHA. O Instituto de Estudos Chai-regos (Iescha) celebrou a assemblea anual na que se acordou o cambio de directiva para os próximos catro anos. Así, Marisa Barreiro seguirá como presidenta e Sabela Figueira Tenreiro será vicepresidenta. Completaron a candidatura, a única que se presentou, Arturo Gómez Mato como secretario, Xose María Felpeto Enríquez vicesecretario, Constantino Alvite Muínelo tesoureiro, ademais de sete vogais.

LAREIRA DE SOÑOS. A autora Pastora Veres presentará o día 23 de abril o seu libro *Lareira de Soños* na casa da cultura de Vilalba. O acto será ás 19:30 e nel intervirán Marisa Barreiro, presidenta do Iescha, a escritora vilalbesa María Xosé Lamas, que colaborou no libro, e a autora, Pas Veres. O acceso será libre até completar o aforo e será preciso inscribirse previamente no correo estudioschai-regos@gmail.com

PP e Vilalba Aberta solicitan un pleno para aprobar as axudas

Os grupos municipais da oposición en Vilalba, PP e Vilalba Aberta, solicitan un pleno extraordinario co obxectivo de “desbloquear a posta en marcha dun programa de axudas a autónomos e empresas por parte do Concello”.

Os populares sinalan que esta iniciativa conxunta pretende “axilizar a posta en marcha das axudas municipais aos sectores afectados polos peches e restricións para o control da pandemia da covid-19 ante a tardanza e a irresponsabilidade do goberno local”, manifestan. Dende o Grupo Municipal Popular recordan que no pleno de xaneiro foi aprobada a convocatoria da mesa de negociación deste programa de axudas que non tivo lugar ata comezos de marzo cando se celebraron dúas xuntanzas, o día 4 e o día 8. “Nesta última, acordouse, en

consonancia co aprobado no pleno, a consulta co sector para darlle voz aos propios afectados; pero dende entón non houbo máis avances”, manifestan.

A petición de pleno extraordinario forza ao goberno local a convocar a sesión plenaria nun prazo máximo de 15 días hábiles e a aceptar a orde día proposta coas bases reguladoras xa acordadas polo goberno e a oposición antes da paralización das negociacións; pero tamén a incorporación ao orzamento dun total de 350.000 euros procedentes do remanente municipal que se efectuará cos medios oportunos unha vez rematada a liquidación do orzamento correspondente ao ano 2020 para “garantir que as axudas cheguen o antes posible aos autónomos e pemes vilalbesas que é o prioritario nestes momen-



tos debido á desesperada situación que están a vivir”.

O voceiro do Partido Popular, Agustín Baamonde afirma que “estamos nesta situación porque o Goberno enreda e se mantén á espera porque non está feita a liquidación do orzamento do ano pasado e non hai moita intención de aprobar o novo, algo que necesitaría para poder sacar as axudas”.

Engade o líder popular que “parece que estén xogando coa idea de facer un expediente de incorporación de remanentes, polo que non terían que aprobar os orzamentos e nós

somos concientes de que as axudas teñen que saír rápido e apoiaremos esta vía pero só para as axudas, os orzamentos hai que aprobalos”.

Baamonde asegura tamén que ademais das axudas outro dos “grandes atrancos” deste goberno socialista é o PXOM, “que segue no limbo dos xustos”.

Afirma que ofrecen estas opcións “para desbloquear unha situación de parálise absoluta, porque teñen que saber que ao gobernar en minoría, se non contan co apoio da oposición, non hai moitas opcións”.

Reparten unha revista con receitas do queixo San Simón

Coincidindo co que tería que ter sido o día de celebración da Feira do Queixo San Simón da Costa de Vilalba, o primeiro domingo do mes de abril, o Concello de Vilalba presentou a primeira revista de receitas do Queixo San Simón, formado por receitas de restaurantes e pastelerías de Vilalba, que non dubidaron en contar os seus segredos aportando algúns dos seus pratos elaborados con este produto tan vilalbés. Este foi un dos actos alternativos organizados a fin de semana da feira.

Na revista colaboraron os locais A Nova Ruta, Hotel SPA Attica 21, A Casa das Xaquinas, Lar Os Píos, Restaurante Cervexería Lembranzas, Mesón do Campo, Parador de Vilalba, Ben Pasteleros e Pastelería A Confianza. Tamén contou coa colaboración do Consello Regulador e á Asociación de Queixeiros.


Ademais das receitas, recóllese información sobre a historia, elaboración e tradición deste queixo, así como todos os datos das queixerías para mercado.

CONCURSO DE RECEITAS. Tamén se deron a coñecer as persoas gañadoras nas distintas modalidades do concurso de receitas convocado este ano. Así, na categoría de aperitivos gañou María Castelo Fernández polo Bombón San Simón e xamón ibérico con cobertura de Mencía. O prato principal foi para María Díaz Souto e a súa Lasaña galega con queixo de San Simón. Na categoría de sobre mesa o premiado foi Anxo Fole Lamas polas Galletas de queixo de San Simón. O vindeiro ano publicaranse todas as receitas propostas na revista que este ano recolleu receitas de restaurantes e pastelerías de Vilalba.

Vilalba Aberta propón zona azul gratuítala na rúa da Pravia

Vilalba Aberta vén de presentar a primeira das súas iniciativas de cara ao Pleno de maio. Unha fórmula de control, encamiñada á regulación do estacionamento na rúa da Pravia e Plácido Peña, que procura a necesaria mobilidade a través dun sistema gratuito de lectura de discos fixándose para o mesmo un tempo máximo de aparcamento de 90 minutos e a partir do cal se daría pé a unha sanción.

A medida implantaríase ao longo das citadas vías, a ambas as marxes da calzada e precisaríase, para facerse efectiva, da instalación de sinais e da distribución dos típicos reloxo para programar a hora. Neste sentido, e con respecto aos sinais verticais, a proposta de Vilalba Aberta prevé a súa colocación nos extremos de ámbalas dúas



rúas a fin de informar os condutores do cambio.

“Coa adopción desta medida desbloquearíanse os problemas para estacionar e favoreceríase ao comercio e aos negocios locais, ao tempo que se melloraría a calidade de vida dos veciños/as e residentes.” Remarcou Renda.

Carne Ecológica con Certificación Craega



LA TOMEA

CARNICERÍA

Carne de ternera eco



SUPERMERCADO **DiA** EN RÁBADE

Avda. A Coruña, 43 - 27370 Rábade. T: 982 390 355

“O noso forte é o asesoramento, a cercanía e o servizo a domicilio”

Tamara Rodríguez e Luis López dirixen Mobles Plamoble de Vilalba

Mobles Plamoble é unha tenda de mobles de Vilalba que dirixe Tamara Rodríguez xunto ao seu tío, Luis López Lama. É un negocio familiar que pasou por varias etapas e que refundouse en 2015 co nome actual.

Cando vos iniciastes no sector?

Toda a vida estivemos neste. O negocio empezou o meu avo cun socio fai 65 anos así que considero que é unha herdanza. Tivemos un negocio anterior que eramos dous socios, a descendencia dunha parte non quería seguir e de aí veu a división, e por eso retomamos con outro nome, sendo só unha familia.

Cando empezastes, que modelo de moblería plantexabades?

Non plantexamos un negocio novo, se non máis ben foi coma unha continuidade, baixo un nome novo pero queríamos unha continuidade con lo que xa viña facendo a familia. Seguimos traballando cos mesmos provedores, introducimos algúns novos, outros desapareceron. Vaste adaptando aos tempos, antes traballábamos moita madeira, sobre todo castaño, pero por desgracia, aínda que nesta zona segue habendo a

mesma demanda, no así no resto de España e os provedores non tiñan demanda suficiente para manter una produción e a crise do 2008 levouse a case todos por diante.

Cambiou o tipo de moble que demanda o consumidor?

Vámonos adaptando, no somos unha moblería de alto standing, non traballamos madeiras nobres como o nogal, que non teñen tanta saída. Non queremos facer a competencia ás grandes áreas comerciais, non queremos estar nesa batalla, queremos dar un mínimo de calidade e poder responder aos nosos clientes. Nestes tempos de pandemia, os equipos de descanso e tapicería son os máis demandados.

Cal é o cliente tipo e cal a zona estratéxica na que os movedes?

Nosotros queremos abarcar Vilalba, traballamos moito na comarca de Ferrol e As Pontes e movémonos un pouco pola Mariña. Antes máis porque tiñamos máis xente pero agora só temos un camiión e á hora da montaxe contamos con autónomos externos. Somos máis pequenos que antes, pero estamos intentando me-

drar nese aspecto e recuperar toda a zona que abarcabamos.

E como é o teu cliente?

A xente maior vén coma unha tradición, que eu considero que é a nosa maior ventaxe. Chega xente pola porta e che dice “miña aboa comprouche todos os mobles da súa casa. E como xeneracional, acuden a nós como por tradición familiar. O noso interese tamén é captar xente nova e evolucionar. Nese sentido tamén estamos intentando introducir non tanta madeira, tiramos tamén polo moble moderno. Neste, cando buscas deseño tamén vén acompañado de prezo, entón intentamos ser un pouco realistas, facer una media, non irnos a mobles de gama alta. O público xove pide un pouco máis de deseño e ás veces é difícil resolver esa marxe de calidade-prezo. Tes que ter un produto que lle poidas ofrecer ao cliente novo que busca unha liña actual.

Básase a vosa venta no asesoramento?

Claro intentamos diferenciarnos en eso, o que supón que e o comercio local, de proximidade é dar un pouco



de asesoramento á hora de moble modular. Intentamos ver as necesidades da xente e cando podemos acompañamos a venda cun proxecto pequeno que realizamos cun programa 3D adaptado ao mundo do moble.

Traballades todo tipo de mobiliario?

Todo agás o moble de baño. Fixemos algunha cociña pero no é a nosa especialidade. A nosa especialidade é o moble de fogar, vamos a chamalo así, dormitorio, salón e moito dormitorio xuvenil, despachos.

En que consiste el mobiliario modular?

É o que se adaptan medidas ao espazo. Ti tes un dormitorio clásico e podes ter un armario de tres medidas, tres, catro e cinco portas. E si tes un armario modular fabricas de 10 en 10 centímetros e ti adaptación,

si o cliente ten unha parede de 3,20 metros ti ocupas los 3,20 metros e dentro de ese espazo intentas darlle una distribución interior que resolva as súas necesidades. Non lle vamos a chamar moble exclusivo pero si personalizado. A ventaxa que che da un modular é personalizar un moble as tuas necesidades, eso fai que todos sexan distintos. Non hay unha habitación igual a outra

Cal é o voso punto diferenciador?

Eu diría tres. Primeiro, a cercanía que vén de todo o comercio local. O segundo, o asesoramento e o terceiro sería o servizo a domicilio. Nós escoitamos á xente, descubrimos as súas necesidades, axudámoslles a amoblar o seu espazo real con moble adaptados. Servímolles na casa e deixamos todo rematado. E despois tamén a atención ás incidencias e reclamacións que poidan pasar.

Inviste en Friol

CONCELLO DE FRIOL

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

Organizan dous cursos formativos para parados

O Concello das Pontes e a Fundación Laboral de la Construcción Galicia organizan dous cursos de balde, entre o 19 de abril e o 3 de maio, dirixido a demandantes de emprego con empadroamento en As Pontes.

Trátase dunha formación de nivel básico de prevención en construción e outro de PRL para operadores de aparatos elevadores.

As persoas interesadas poden solicitar máis información e inscribirse nos números de teléfono 634 790 764 e/ou 664 019 792. O prazo de inscrición remata o 14 de abril, mércores, e pode realizarse entre as 9.00 e as 14.00 horas na área de emprego das Pontes. O curso impartirase en horario de mañá, de 8.30 a 14.30 horas na Casa Dopeso.

Abre a inscrición na escola infantil

O Concello das Pontes abriu o prazo de solicitude de matrícula para o curso 2021-2022 na Escola Infantil Municipal A Barosa. As solicitudes, xunto coa documentación xustificativa, poderán presentarse, ata o 16 de abril, no Rexistro Municipal, con cita previa, chamando ao 667 129 380 ou ao 667 129 389, de luns a venres, de 09:00 a 14:00 horas ou a través da sede electrónica municipal.

Para aquelas familias que non dispoñan dos medios telemáticos necesarios os impresos de solicitude a estarán á súa disposición nas instalacións da Barosa. As prazas de novo ingreso asignaranse tendo en conta primeiro que teñan irmáns no centro e despois atendendo á puntuación obtida a través da Comisión de baremación.

Inician a mellora das avenidas Constitución, Galicia e Habana

O Concello das Pontes iniciou as obras de rehabilitación da Avenida da Constitución.

Os traballos financiados con fondos propios, cun orzamento de 47.826,59 euros, están orientados a mellorar a seguridade peonil por medio da substitución do actual pavimento, executado con lousa sobre morteiro, que debido á climatoloxía e á antigüidade, resulta moi esvaradío. Así mesmo, estes traballos permitirán optimizar os traballos de mantemento e seguridade do viario, evitando a reposición de lousas por desprendemento e rotura.

Entre os traballos previsto contemplase a demolición e retirada do firme actual e executarase un novo continuo de formigón coloreado. Unha vez rematado o cambio de pavimento neste tramo procederase ao peche do tramo de viario comprendido entre o Pump Track e a rúa que leva ao Cemiterio dos Alimpadoiros, desviándose a circulación pola rúa José María Penabad López.

AVENIDA GALICIA. O Concello das Pontes acometerá, cunha achega procedente do POS 2021 da Deputación da Coruña, a última fase das obras de rehabilitación da Avenida de Galicia, no tramo comprendido entre as rúas Santiago Apóstol e Sergio Rivera Chao.

Os traballos cun orzamento de 233.904 euros, teñen como obxectivo eliminar o nivel existente entre a estrada e as beirarrúas mediante a renovación da capa de rodadura do viario e dos aparcadoiros con formigón bituminoso cun acabado impreso e protexido mediante unha capa



Unha vista da avenida da Habana

de resinas.

As beirarrúa realizarase con baldosa prefabricada, coma mesma cor e forma que a empregada nas fases anteriores, executando os accesos ao pasos peonís con baldosas de botóns para aumentar así a seguridade, accesibilidade e comodidade do viario para toda a veciñanza.

Tamén se acometerá a mellora da iluminación coa execución dunha nova canalización eléctrica, a instalación de arquetas e o retranqueo das luminarias para realizar unha nova disposición ao tresbolillo así como a instalación de captafaros led nos pasos peonís.

Ademais levarase a cabo a renovación da rede de saneamento separativa en ambas marxes da rúa.

As obras finalizarán coa instalación de papeleiras, xardineiras, bancos, alcorques para as árbores existentes e a reposición da varanda existente por unha varanda de aceiro inoxidable que cumpra as condicións establecidas na normativa vixente e a sinalización completa da rúa.

AVENIDA DA HABANA. O Concello ten previsto continuar coa renova-

ción dun novo tramo da Avenida da Habana, un proxecto cun orzamento de 92.880 euros e financiado pola Deputación da Coruña, que permitirá a mellora dos actuais servizos de iluminación e saneamento e por outro lado a reposición dos pavimentos da beirarrúas.

Así, executarase unha nova rede de recollida de augas pluvias separativa, nas dúas marxes do viario, que irá dotada dos correspondentes sumidoiros e arquetas. As dúas liñas de augas pluviais conectaranse ás redes existentes, executadas na fase anterior, á altura da rúa Monfero.

Por outra banda, sobre a rede de saneamento existente colocaranse arquetas de rexistro nas acometidas dos edificios nas dúas marxes da rúa. Proxéctase igualmente o cambio do alumeadado público, coa instalación de novos puntos de iluminación con tecnoloxía LED.

As obras completaranse coa execución de novas beirarrúas, con bordo prefabricado de formigón e pavimento con baldosas de formigón granallado e os pasos de peóns executarase con baldosa regulamentaria de botóns e ireccional.

A Universidade Sénior formará sobre o Camiño

O Concello das Pontes acolle, por terceiro ano, unha nova edición do programa Democratización do Coñecemento, da Universidade Sénior, nesta ocasión baixo o título Coñecendo o Camiño coa Universidade Sénior.

O programa xirará entorno ao Camiño de Santiago e consta de tres palestras, impartidas polo profesorado da Universidade da Coruña, no Auditorio Municipal Cine Alovi, de 17:00 a 19:00 horas, e comezarán o día 28 de abril. As persoas interesadas en participar, nesta actividade de balde, poden inscribirse desde o 12 ata o 22 de abril, de forma online.

Obradoiro de apoio emocional para superar a covid

O Concello das Pontes puxo en marcha o 5 de abril o taller de apoio emocional *Superamos a covid-19* co obxectivo de contribuir, mediante diferentes liñas de traballo, a paliar os efectos emocionais provocados pola pandemia na poboación, promover a adaptación persoal e social á nova situación e, por extensión, mellorar a calidade de vida da veciñanza.

O programa inclúe actuacións de intervención individual directa coas persoas usuarias orientadas a apoiar o proceso de fortalecemento persoal e social das mesmas, introducindo procesos de reflexión, análise, activación, atendendo as situacións cotiás e singulares de cada una delas vive para, deste xeito, recoñecer os danos ocasionados pola pandemia.

PROMEDISA® SUMINISTROS MÉDICOS

AYUDAS TÉCNICAS • ORTOPEEDIA

- AYUDAS PARA LA VIDA DIARIA
- DESCANSO
- ASEO DIARIO
- MOVILIDAD
- GRÚAS
- EMERGENCIAS
- DIAGNÓSTICO

COMPRA ONLINE

www.promedisa.com

AVENIDA DE LA CORUÑA, 104 BAJO - LUGO T. 982 245 715
 AVDA. TERRA CHÁ, 50 BAJO - CASTRO RIBERAS DE LEA T. 982 310 374

tienda@promedisa.com

@PromedisaLugo

Promedisa Ortopedia

Auxiliares e camioneiros levantan o bloqueo a Endesa tralo acordo

O bloqueo da central térmica e a de ciclo combinado das Pontes chegou ao seu final tralo acordo entre os traballadores e a eléctrica na mesma xornada da firma do acordo para a transición xusta e que repercute en todas as centrais da península.

As auxiliares por unha banda e os transportistas pola outra mantiveron durante tres semanas un bloqueo á central reivindicando garantías de futuro para os seus empregos.

Foron estas tres semanas moi duras de reunións sen avances e tensións, ata chegar ao acordo simultáneo tanto por parte dos transportistas do carbón como dos traballadores das empresas auxiliares.

Foi unha asemblea de traballadores a que tomou a decisión despois de valorar de forma positiva os acordos alcanzados, que en ambos casos afianzan as garantías de emprego polo menos nun futuro próximo.

Os camioneiros lograron garantías da eléctrica de priorizalos nos traballos que poidan xurdir no porto exterior de Ferrol, na construción de posibles parques eólicos na zona, no desmantelamento da central se finalmente se produce ou na futura planta de hidróxeno.



Un momento do bloqueo da central

As auxiliares, pola súa banda, conseguiron que se puxeran por escrito e se firmaran garantías de emprego para todos os traballadores ata finais de xuño, cando se prevé o peche da central térmica. Tamén obtiveron a priorización das empresas auxiliares no predesmantelamento da central e no desmantelamento final.

Ambos os dous colectivos aseguraron que retomarán as protestas se non se cumpre o pactado antes de retirar os camiións das dúas entradas da central.

TRANSICIÓN XUSTA. Ao mesmo tempo que se lograba o acordo nas

Pontes, en Madrid o Goberno, empresas e sindicatos asinaron o acordo para a Transición Xusta, que ampara a todas as centrais térmicas de carbón de España.

Na firma estiveron a ministra para a Transición Ecolóxica, Teresa Ribeira; a ministra de Traballo, Yolanda Díaz; o secretario xeral de CC.OO. Industria, Agustín Martín; o secretario xeral de UXT, Pedro L. Follas; o conselleiro delegado de EDP España, Rui Teixeira; o conselleiro delegado de Endesa, José Bogas; a conselleira delegada de Iberdrola, Ángeles Santamaría, e o presidente de Naturgy, Francisco Reynolds.

O Monte Caxado recibiu máis de 2.000 visitantes



Fachada do Museo Monte Caxado das Pontes

O Museo Etnográfico Monte Caxado celebrou o seu segundo ano na súa nova ubicación. Debido á pandemia, no se fixo ningunha celebración especial, pero si se fixo un balance da súa actividade.

“O primeiro ano moi ben e, o segundo, non tan ben, pois a maior parte do tempo estivemos confinados e o Museo pechado intermitentemente e, cando se abría, como a mobilidade estaba restrinxida, pois non tiñamos moitas visitas”, explican. Aínda así, unhas 2.230 persoas pasaron pola sede e, “polos comentarios, quedou satisfeita do que viron e das explicacións recibidas nunha grande maioría”.

Por outra banda, o número de pezas expostas incrementouse dende a inauguración no 2019 nun total de 623 pezas, entre as restauradas e as de nova doazón.

Non puideron facer os obradoiros que estaban previstos, nin presentacións de libros e as actividades habituais estiveron limitadas, aínda así participaron en diferentes iniciativas como o programa Vivimos As Pontes, ou mesmo na páxina web da parroquia; “axudamos a estudantes universitarios en traballos de tipo etnográfico e elaboramos o terceiro caderno do Museo dedicado aos zapateiros, ademais de dixitalizar 3.300 fotografías”, engaden.

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

HR

Hijos de
Ramón Rubal

982 55 86 00

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

MÁS DE 80 AÑOS COMPRANDO MADERA

COMPRAMOS MADERA

PINO Y EUCALIPTO

VENDA SU MADERA SIN SALIR DE CASA
LLÁMENOS NOSOTROS NOS ENCARGAMOS DE TODO

ASERRADERO Y EXPLOTACIÓN FORESTAL

A televisión dixitaliza os arquivos dos anos 90

O Concello das Pontes iniciou a dixitalización dos arquivos da televisión local da década dos noventa. En concreto, son 147 cintas, en formato UMATIC, con reportaxes de produción propia, que supoñen preto de 13.500 minutos de gravacións.

Lorena Tenreiro, concelleira de Medios Locais, apunta que “se trata de material gravado durante os primeiros anos de existencia da televisión local que recollen boa parte da historia das Pontes e que axudan a entender a realidade social, cultural, económica e política dunha época, a través da filmación da vida cotiá. Son arquivos que corren o perigo de perderse, se non se pasan a un soporte dixital, e con este proxecto é esencial para preservar a memoria audiovisual das Pontes”

A revitalización evitará a degradación deste arquivos e sumaranse aos



A concelleira Lorena Tenreiro

arquivos dos dous primeiros decenios dos anos 2000 que xa están en soporte dixital, permitindo poñer en valor o patrimonio audiovisual do concello, facendo posible que o arquivo da televisión local sexa un depósito documental que pase a estar a disposición da veciñanza e do conxunto da sociedade.

As Pontes inaugura un xogo para sensibilizar sobre igualdade

O Concello das Pontes, que iniciou con motivo do 8 de marzo a campaña “Unha EXPERIENCIA de COIDADADO, CORRESPÓNdeche escoller a túa”, para sensibilizar e dinamizar á poboación en materia de igualdade e visibilizar e poñer en valor o traballo de coidados, lanza hoxe “Descubre unha experiencia á túa medida”.

Trátase dun xogo interactivo dirixido a toda a veciñanza no que cada persoa participante pode poñer a proba o seu nivel de corresponsabilidade. A través dun sinxelo test poderán descubrir unha experiencia de coidado á súa medida. Experiencias que non deixarán indiferente a ninguén: emocionantes, retranqueiras, inspiradoras, e todas elas para compartir en familia. Nun formato audiovisual animado preséntanse diferentes rutas que,



Os concelleiros responsables, probando o xogo

se se practican, pódense vivir auténticas experiencias de coidado, pero todas elas, mellor se son compartidas. Ao remate do xogo, as persoas participantes tamén serán convidadas a participar no concurso #EnAsPontesCompartimosCoidados, aberto ata o 25 de maio. As persoas que participen no concurso

entrarán nun sorteo de 8 vales valorados en 50 euros cada un para gastar no comercio local. As bases do concurso poden ser consultadas na páxina web. Para participar no xogo “Descubre unha experiencia á túa medida”, pode accederse a través do enlace publicado en redes sociais e na web.

A localidade pontesa incorpora sinalización turística dixital

O Concello das Pontes aposta pola modernización da información turística do municipio coa incorporación das novas tecnoloxías á sinalización municipal e a súa conexión a plataforma dixital Inventrip.

Trátase dun novo servizo de información turística que ten como obxectivo acoller e acompañar ás persoas visitantes no concello, facilitándolles información contextualizada en función da súa localización, a través dunha aplicación no teléfono móbil ou tablet, permitindo ás persoas usuarias crear o seu plan de viaxe polo municipio

e compartilo de forma rápida e sinxela a través dos móbiles.

Este novo servizo conta cun canal de información offline composto por un panel directorio de información turístico e 14 sinais direccionais peonís con tecnoloxía beacon, instaladas en diversos puntos de municipio, que permite ás persoas visitantes acceder a través de Bluetooth, sen necesidade de ter conexión a Internet e sen gastar tarifa de datos, á información turística do concello, de forma que cada sinal funciona como unha oficina de turismo dixital.

Dedicará a programación cultural de abril aos máis pequenos

A concellería de Cultura do Concello das Pontes elaborou unha programación cultural para o mes de abril dirixida, principalmente, o público máis novo da localidade, que inclúe contacontos, teatro ou monicreques e que se completa con teatro, monólogos e presentacións literarias para o público adulto.

A programación, que arrincou o 8, continuará o xoves 15 de abril, ás 18:00 horas no Auditorio da Casa Dopeso co espectáculo teatral para crianzas, Aldara na montaña de So-

raya Lema e xa o sábado, 17 de abril, no Auditorio Municipal Cine Alovi, a compañía Educa Teatro, chegará coa obra de teatro musical *Os tres porquiños*.

O 21 de abril seguirá coa presentación do libro *Relatos e vivencias* escrito pola pontesa Conchi Pardo, ás 19:30 horas na Casa Dopeso e o xoves, 22 de abril, ás 18:00 horas, o público poderá gozar do espectáculo *Toribio Mañón* da compañía Viravolta Títeres. Xa o 23 de abril, con motivo do Día Internacional do Libro,

Quico Cadaval chegará ao Auditorio Municipal Cine Alovi, a partir das 19:30 horas co monólogo *Complexo de Edipo*.

O xoves, 29 de abril, a compañía Ceo aberto traerá o seus espectáculo científico *A ciencia de Harry Potter* ao salón da Casa Dopeso, a partir das 18:00 horas. E xa o venres, 30 de abril, a compañía de teatro Butaca Zero achegarse ata o Auditorio Municipal Cine Alovi para presentar a súa obra *32 metros cadrados*. Será ás 20:00 horas.

PROXECTOS DE MOBLES MODULARES



Adaptados as necesidades e dimensións de cada dormitorio, tanto xuvenís coma de matrimonio



Tamén Vestidores e incluso Espazos de teletraballo

ASESÓRATE CON NÓS!

PLAmoble

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

Baixada do padrón dos 10.000 veciños, di o BNG

A 1 de xaneiro deste ano 2021, o padrón municipal contabilizaba 9.908 habitantes, baixando por primeira vez dende 1980, dos 10.000, tal e como asegura o BNG das Pontes.

“Ademais do que este dato significa en perda poboacional, a baixada dos 10.000 habitantes supón que o Concello das Pontes, progresivamente, vai perdendo os ingresos públicos provenientes do Estado ligados ao número de habitantes e, tamén, unha perda de concelleiros/as que, nas seguintes eleccións municipais, pasarán dos actuais 17 a 13”, din. Engaden que a “este negativo dato” hai que engadir a baixada constante

en afiliación á Seguridade Social, en calquera dos seus réximes: no ano 2020 a perda foi de 424 persoas.

“Só son dous datos, poboación e afiliación á Seguridade Social, que nos trasladan a realidade do noso pobo, poderíamos engadir outros como o baixo valor patrimonial dos pisos ou casas, ou mesmo o número deles postos á venda, referencia visíbel con só dar un paseo polo pobo. E o dato de perda de poboación oculta outro dato tamén moi importante, o progresivo envellecemento do noso pobo, motivo que fai aínda máis urxente a construción dunha Residencia Pública”, afirman.



Imaxe do polígono de Castro Ribeiras de Lea

Iniciarán as obras de abastecemento de auga o mes próximo

O Concello de Castro de Rei e Augas de Galicia darán comezo no mes de maio ás obras de mellora do abastecemento municipal na súa primeira fase, tal e como anunciou o alcalde, Francisco Balado. Esta obra ten como obxecto ofrecer un subministro de calidade de auga ao núcleo de Castro de Ribeiras de Lea, cun investimento de preto de 630.000 euros. Esta rede presenta déficit de presión en distintos puntos durante o período estival e, polo tanto, falta de capacidade para cubrir as demandas nesta época. O Goberno galego financia o 80% do orzamento necesario para este proxecto, correspondendo o 20% restante ao Concello. Mentres o Concello espera o inicio das obras da primeira fase, que teñen un prazo de execución de seis meses, está pechando xa o convenio para a segunda fase deste proxec-

to, que conta cun orzamento de 400.000 euros, financiado nun 80% polo organismo dependente da Xunta de Galicia e nun 20% pola administración local.

Esta segunda fase consiste na execución dunha nova tubaxe de máis de 1,5 quilómetros de lonxitude en parte do núcleo de Castro de Ribeiras de Lea e ao longo da estrada LU-1706 cara a Feira do Monte, resolvendo todas as interferencias con outros servizos existentes no trazado da mesma.

O obxectivo é licitar os traballos desta segunda fase despois do verán. “Con estas actuación non só se favorece o núcleo de Castro e o polígono industrial, tamén mellorará o servizo nas parroquias de San Xiao de Mos, en Triabá e en Ribeiras de Lea, e que tamén terá repercusións nas de Matodoso e Loentia”, subliña Balado.

Recolleron 162,76 toneladas de plásticos agrícolas

O servizo de recollida de plásticos agrícolas no Concello de Castro de Rei durante o primeiro trimestre de 2021 tivo un custe de case 12.000 euros para as arcas municipais, “cantidade que o Concello non repercutiu ás explotacións gandeiras ás que prestou servizo”, segundo explicou o alcalde, Francisco Balado. Actualmente o servizo de recollida de plásticos agrícolas é totalmente gratuito para as explotacións ubicadas en Castro e se realiza porta a porta previo aviso nas oficinas municipais. Está sufragado polo propio Concello. No primeiro trimestre deste ano, recolléronse 162,76 toneladas de plásticos procedentes de silos

forraxeiros e a intención é facer unha nova recollida de cara ao verán, así como outra a finais de ano. Isto supón un custe total para o Concello de máis de 30.000 euros, “cantidade que se incrementou notablemente nos últimos tempos como consecuencia da subida dos prezos da reciclaxe”, indica Balado.

Como conclúe o alcalde, “este servizo, que recolle na propia explotación sen necesidade de transportar os plásticos a ningún lugar, non supón un custe adicional aos titulares con respecto á factura do lixo que se repercute trimestralmente, xa que calquera explotación pode beneficiarse deste servizo de recollida”.

O Concello dará en xuño unha axuda de mil euros aos hostaleiros

O alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado, anunciou que o Concello dará axudas á hostalaría afectada pola pandemia da covid-19.

Castro súmase así á lista de Concellos que ofrecerán unha aportación para intentar paliar os efectos económicos que tivo a crise sanitaria sobre este colectivo, axudas foron pedidas tamén dende a Xunta de Galicia aos dirixentes dos concellos galegos.

Segundo explicou, o Concello está a redactar as bases das axudas para que podan incluírse nos orzamentos municipais do ano en curso e que todavía non foron aprobados. Balado avanzou que as axudas, directas, consistirán en 1.000 euros por local hostaleiro e se repartirán



Francisco Balado, alcalde

hacia o mes de xuño. “Estamos redactando as bases pero debido a que os orzamentos non irán ata xuño pois non poderemos dalas xa que teñen que estar incluídas nas contas xerais”, explica.

Remata a concentración parcelaria en Mos

Deuse por rematada a concentración parcelaria de San Xiao de Mos, coa entrega dos 435 títulos de propiedade a 262 veciños.

A reorganización da terra nesta zona permitiu pasar de 1.687 predios a 435 fincas, o que supuxo un incremento considerable da superficie media por predio. Neste senso, pasouse de 2.600 m² a case 10.000 m² por parcela, o que lle permite ás explotacións da zona ver incrementada a súa base territorial e minimizar os

seus custos de produción.

Neste senso, José González subliñou que a Consellería investiu neste proceso algo máis de 1,5 millóns de euros e advertiu que, só para este ano 2021, a Xunta destina máis de 12 millóns de euros para seguir avanzando nos 96 procesos que a día de hoxe permanecen abertos. Nesta liña, asegurou que o Goberno galego aposta e confía nestes procesos de concentración para mellorar a estrutura da propiedade.

EN BREVE

BTT. Membros do club BTT de Castro realizaron de forma voluntaria a recollida de lixo dos montes do Concello Castro de Rei, coa colaboración de membros da ASTTE Asociación de Todo Terrenos España.

EXPOSICIÓN. A biblioteca de Castro de Ribeiras de Lea acolle a exposición fotográfica *Auga. O sangue da terra*, de Manuel Valcárcel, que poderá visitarse ata o próximo día 30, de forma libre e gratuita, de luns a venres de 10.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 19.00 horas. A exposición realiza un percorrido pola relación do ser humano coa auga en distintas culturas mediante fotografías nos cinco continentes.

ESCOLA INFANTIL. O Concello de Castro de Rei abriu o luns, 5 de abril, o prazo de matrícula para o curso 2021/2022 da escola infantil municipal. Os interesados en anotarse deberán presentar o DNI dos proxenitores, o libro de familia e de vacinas, a tarxeta sanitaria do menor, un informe do pediatra, a declaración da renda e un número de conta. O prazo de presentación remata o 23 deste mes.

AMIGOS DO MIÑO. Doce membros da asociación Amigos do Miño prepararon os dous coutos de pesca que supervisan para o comezo da tempada, que xa tivo a súa xornada inaugural. Deste xeito, os socios do colectivo de Castro de Rei retiraron restos de lixo do leito, tras a intervención no río executada pola Confederación Hidrográfica Miño Sil, que deixou ao descuberto diversos residuos. A asociación agradeceu a limpeza realizada polo organismo, que se centrou en retirar restos de árbores e maleza do leito fluvial que dificultaban a circulación da auga.

Restaurante




SUSO

Plaza de Galicia, 7 - Castro Ribeiras de Lea (Lugo) - Tlf. 982 310 037
www.restaurantesuso.com - E-mail: info@restaurantesuso.com

Ven a degustar a nosa carne à grella de vaca limiá

ESPECIALIDADES

Ameixas à marifeira, anguila, bacalao portugués, carnes à grella e à pedra...







Salón con capacidade para 120 persoas

com capacidade para 75 persoas

Preparan o convenio para dotar de saneamento a zona de Roimil

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, vén de remitirle ao Concello de Friol a proposta de convenio de colaboración para dotar do servizo de saneamento o núcleo de Roimil. Na actualidade, os lugares do Campo da Feira, O Pazo, Currás e A Penagateira, na parroquia de San Xiao de Roimil, carecen de rede de saneamento de augas residuais, o que provoca vertidos que poden orixinar a contaminación dos acuíferos subterráneos, ademais de supoñer unha importante deficiencia da infraestrutura.

Mediante este convenio, desde Augas de Galicia propónse executar unha rede de saneamento e depuración de augas residuais nestes lugares do núcleo de Roimil. Estes traballos contarán cun prazo de execución de 6 meses.

Segundo recolle o texto do convenio trasladado pola Administración autonómica, a Xunta apoiará

ao Concello no desenvolvemento das súas competencias municipais cofinanciando a actuación nun 80% coa achega de 225.600 euros. Tamén levará a cabo a contratación da execución, dirección e xestión das obras ata completar a súa finalización e formalizar os correspondentes actos de recepción. Pola súa banda, o Concello de Friol contribuirá ao financiamento do 20%, cun investimento de 56.400 euros, comprometéndose a someter o proxecto das obras a información pública, así como a pór á disposición os terreos necesarios para levar a cabo as actuacións. Tamén asume a realización das xestións pertinentes para posibilitar a súa execución, así como a recepción mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo.

Augas de Galicia prevé realizar esta actuación, cun prazo de execución de catro meses, no marco

do Eixe REACT-UE do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á covid-19.

OBRAS. As obras proxectadas por Augas de Galicia consisten na construción da rede de colectores necesarios para evacuar as augas residuais ata o sistema de depuración previsto, que estará formado por unha depuradora de oxidación total con capacidade de depuración para 200 habitantes. A rede de saneamento componse dunha condución principal, 2 colectores que verten ao principal e recollen sendas rúas do núcleo e 4 ramais secundarios. A rede complétase con 59 pozos de rexistro. Para o funcionamento do sistema de depuración inclúense partidas para a acometida eléctrica, así como o sistema de medida e protección, e instalación interior para o seu correcto funcionamento.

O Concello contrata sete persoas para mantemento

O Concello de Friol inviste 65.000 euros na contratación de persoal de mantemento. As persoas seleccionadas terán un contrato laboral durante seis meses.

Dende o equipo de Goberno do Concello de Friol queren seguir fomentando a inserción laboral, e para elo acaban de contratar un total de sete persoas a xornada do 75% (6 horas) e por un período de seis meses para o servizo denominado Mantemento de zonas naturais e espazos públicos, ao abeiro do Programa Fomento do Emprego. Este programa supón unha inversión de 65.000 euros.

Serán funcións a desempeñar polas persoas contratadas as que se lle poidan encomendar pola Alcaldía ou polos concelleiros delegados que garden relación co posto a desempeñar, segundo as necesidades dos servizos e na procura dunha boa marcha dos mesmos, así como traballos urxentes e inaprazables a desenvolver en relación ás obras ou servizos prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, tales como acondicionamento, mantemento e limpeza de accesos a núcleos de poboación, camiños e vías municipais, limpeza e conservación do entorno de espazos públicos, áreas recreativas, roteiros, etc., e obras de reparación e mantemento en xeral.

Santos avanza con Feijóo vías de colaboración

O titular do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, analizou co alcalde de Friol, José A. Santos Sánchez, as posibles vías de colaboración entre a Xunta e o Concello.

Na reunión, que tivo lugar no Parlamento de Galicia, abordaron a situación do proxecto de saneamento no núcleo de Roimil que levará a cabo por valor de 280.000 euros, no que Augas de Galicia achegará o 80% e o concello cofinanciará o 20%. Neste sentido, destacou-se o feito de que a supervisión do proxecto está xa rematada e o concello ten no seu haber desde a semana pasada o borrador de convenio de colaboración.

Así mesmo, tamén avanzaron no estado doutros temas como a concentración parcelaria de Seoane. O pasado 18 de marzo xa se publicou no Diario Oficial de Galicia o anuncio polo que se somete a información pública o estudo previo de iniciación da zona de reestruturación parcelaria.

Ao longo do encontro tamén avaliaron a colaboración da administración autonómica no concello no ámbito social, como son os máis de 310.000 euros que achega



O alcalde e o presidente da Xunta

a Xunta por 32.076 horas anuais no marco do Servizo de Axuda no Fogar, que en febreiro de 2021 a ratio de atención ERA do 95%, ou a reforma do centro social no que o Goberno galego investiu 400.000 euros.

No eido das infraestruturas, abordaron a mellora da estrada LU-231 Friol-A Baiuca. Os traballos para o primeiro subtreito xa foron licitados este mesmo mes e agárdase que as obras comecen no verán. Ademais, tamén destacaron a senda peonil na LU-232 que conecta o polígono industrial a Gándara-Baiuca coa entrada á travesía de Friol, rematada en febreiro do pasado ano, cun investimento de 230.000 euros.

Suspenden o Friulio 2021

Á vista da evolución dos acontecementos en relación coa situación sanitaria e despois de manter unha reunión con membros da Xunta Directiva de A Castronela, o alcalde José Ángel Santos, xunto co presidente da mesma José Antonio Viña, deciden suspender a IV edición do Friulio 2021 que se celebraría os días 8 e 9 de maio. Para tomar esta decisión, ambas entidades estudaron toda

as consecuencias, a primeira e a máis importante, a saúde, tanto da poboación do propio municipio como dos visitantes, e por suposto, as recomendacións dos expertos sanitarios para preservar a mesma.

As dúas entidades consideran que non sería responsable seguir adiante cos preparativos e permitir dita celebración, que conta con miles de asistentes todos os anos.

ESCULTURA. Friol segue humanizando os seus espazos públicos. Neste caso o Concello de Friol vén de colocar nunha das zonas verdes do Polígono Empresarial da localidade unha escultura que reflicte un dos símbolos que ten este municipio, como son o guerreiro e a serpe. É unha obra realizada polo artista Víctor Corral coa colaboración de Xavier Varela. "Moi agradecidos por a implicación de ambos, para que tanto veciños como visitantes poidan coñecer parte da nosa historia", din dende o Concello.



O pavillón do CPI López Suárez estrea cuberta



Visita das autoridades ao pavillón

O secretario xeral para o Deporte, José Ramón Lete Lasa, acompañado do delegado da Xunta en Lugo, Javier Arias, visitaron o pavillón polideportivo do CPI Dr. López Suárez de Friol onde a Xunta de Galicia vén de acometer as obras do proxecto básico e de execución de substitución da cuberta e mellora das instalacións por un importe total de 95.000 euros, sufragados ao 50% entre o Goberno

galego e concello lucense. O secretario xeral destacou a importancia que ten o deporte nun Concello onde o pasado 15 de xaneiro de 2020 asinou un convenio a tres bandas entre Sanidade, Educación e Deporte que impulsa unha alianza estratéxica para loitar contra a obesidade infantil e promove estilos de vida activa a través da plataforma Dafis (Datos de Actividade Física Saudable).



zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Baño
27800 Vilalba (Lugo)
Tel: 982516550

O PSOE pregunta sobre o PXOM, as obras, o punto limpo e o SAF

O Concello iniciará tamén a licitación do Plan Xeral con outra empresa xa que está practicamente finalizado o proceso de rescisión do contrato coa empresa actual. Así o informou ao PSOE o alcalde de Cospeito, Armando Castosa, xa que os socialistas presentaron ao Concello unha serie de preguntas sobre temas de actualidade no Concello.

Castosa afirmou que os trámites seguen o seu curso e que se ofertará un novo contrato en breve.

O alcalde se defendeu das críticas sobre a construción dun parque biosaudable en terreos comunais. Asegurou que os veciños cederon os terreos de forma voluntaria e que non se fixo unha reunión para informalos pero que se falou con todos. Malia esta contestación, algúns veciños afirman non ter sido preguntados.

Por outra banda, o PSOE di que hai moitas facturas xurídicas que seguen sen pagarse no Concello e invitou ao ente municipal a utilizar os servizos da Deputación neste particular.

Así mesmo, preguntaron polo contrato do Servizo de Axuda no Fogar,

xa que se está a cambiar de empresa. Os socialistas demandaron información sobre dito proceso, interesados en “que as condicións non empeorasen nin para as traballadoras nin para os usuarios”. O Concello informou de que o contrato non está aínda pechado.

Interesáronse pola estrada que comunica a ponte do Somo co barrio dos Curros en Roás, que fa ser licitada e que está en condicións deplorables. Sobre este particular o alcalde avanzou que se prevé que as obras estén rematadas antes do verán.

Sobre o punto limpo, servizo sobre o que o PSOE preguntou en varias ocasións, informouse de que agora xestiónao unha empresa privada que utiliza o punto limpo de Outeiro de Rei. A recollida de residuos faise porta por porta e a demanda.

Finalmente obtiveron o compromiso do concello de que no barrio de Pino, as catro casas que quedaron sen alumeadado público disporán del “en canto sexa posible”. Daquelas non se puxo porque non había postes, explicou Castosa.

Pedirán á Xunta unha actuación urgente na Torre da Caldaloba



Torre da Caldaloba, en Cospeito

Tralo acordo acadado na Deputación e no Concello de Cospeito, solicitarase á Xunta unha actuación urgente na Torre da Caldaloba pedindo “consolidación da estrutura para frear o seu proceso de ruína” e que desenvolva “un plan de rehabilitación e posta en valor do edificio e da súa contorna”.

Na proposta, lembra que a Torre foi declarada Ben de Interese Cultural en 1994 e que, malia ter esa consideración, non se vela pola súa conservación. Así, recordan, dende finais dos anos 90 non se levou a cabo ningunha actuación que contribuíse

á consolidación ou mantemento do edificio, datado entre os séculos XIII e XIV. Sinalan, ademais, que os traballos de roza sen control que de vez en cando fai o concello, “non axudan á conservación da fortaleza nin dos fosos que a rodean”.

Neste senso, sinalou que “a recuperación do edificio ten un enorme interese desde o punto de vista patrimonial e histórico pero ademais cremos que podería xogar un papel central na dinamización social e económica tanto do concello de Cospeito como de toda a comarca da Terra Chá”, concluíu.

O Pleno municipal aproba o orzamento e axudas para hostaleiros

O equipo de goberno de Cospeito aprobou no pleno ordinario celebrado onte un orzamento de 3.688.822,89 euros para o ano 2021 así como unhas axudas para a hostalaría local a través dunha moción presentada polo partido socialista. Así, coa abstención do PSOE e o voto en contra do BNG foi dado para adiante o orzamento de Cospeito. Inclúe este unha partida duns

160.000 euros para investimentos reais. Este diñeiro destinárase, entre outras cousas, a unha posible reforma dentro da casa do concello coa que se pretenden acondicionar novos despachos cunha aportación económica por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo de 40.000 euros.

No capítulo de investimentos se prevé a adquisición de material informático, mobiliario para servizos sociais ou a finalización dunha obras de ampliación na estrada que vai de O Arneiro ao polígono industrial de Muimenta, que debido ás malas condicións climatolóxicas do pasado ano tiveron que quedar en suspensión.

O capítulo con máis investimento é o de bens correntes e servizos, que se leva un 50% e que inclúe o Servizo de Axuda no Fogar. Reserva o orzamento subvencións nominativas para festas patronais, feiras e asociacións de tipo cultural ou deportivo, que

manteñen as contías de anos anteriores.

A concelleira nacionalista votou en contra por considerar que eses fondos ían mellor destinados a axudas vinculadas á crise sanitaria. O PSOE, malia absterse “pola necesidade de ter que ter orzamentos para poder facer cousas” asegurou que faltaban no orzamento as axudas para os sectores afectados e que “hai cousas máis urxentes que moitas das que teñen aportación”.

AXUDAS Á HOSTALARÍA. Finalmente e tras varios intentos, o PSOE logrou o respaldo do equipo de Goberno para sacar adiante unha proposta de axudas aos sectores máis afectados pola pandemia.

Na súa moción, os socialistas pedían tres tipos de axudas. Así conseguiron que se suspenda a cobranza pola utilización das terrazas mentres a situación deste sector non se normalice, así como non cobrarlles o recibo de auga nin o de lixo durante dous trimestres.

O punto que reclamaba axudas de 1.000 euros para cada un dos establecementos hostaleiros e de restauración da localidade afectados polos peches ou restricións tivo que ser modificado. Acordouse establecer un baremo de entre 1.000 e 1.500 euros dependendo do local.

A Deputación aproba a redacción do proxecto do polígono

A Xunta de Goberno local da Deputación aprobou a redacción do proxecto modificado da urbanización do parque empresarial de Cospeito, unha actuación derivada de Suplusa. A modificación do proxecto non terá coste económico engadido e consiste en dotar ao polígono chairego dun acceso á estrada autonómica e a adaptación aos cambios que se produciron na normativa eléctrica. O investimento da Deputación de Lugo nestas obras é de case 1,3M€. A día de hoxe, está executado aproximadamente o 65%, pero espérase acadar preto do 90% da execución nas vindeiras semanas.

A organización lembrou á Moexmu con fotos e vídeos

Durante a fin de semana dos días 9, 10 e 11 de abril, tiña previsto celebrarse a XXXVII edición da Moexmu-Mostra Exposición de Muimenta, celebración que foi suspendida pola organización debido á crise sanitaria. Desde xeito, o recinto feiral Manuel Vila de Muimenta, estivo valeiro estes días.

Se as condicións sanitarias melloran ao longo destes meses, no descartan, en colaboración con Africo, levar a cabo unha poxa, para desenvolver algunha actividade vinculada á feira.

Mentres tanto, a organización da Moexmu lembrou á feira nas redes sociais colgando fotos e vídeos das celebracións pasadas, en colaboración con veciños, gandeiros e visitantes habituais.

NUEVO SERVICIO

Alquiler de herramientas y maquinaria de construcción y jardinería a particulares y profesionales





MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y SANEAMIENTO
PABLO RABADE PAREDES
TEL: 982 511 200 | FAX: 982 511 200
VIALBA (LUGO) - CONSTRUCO 2010

Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VIALBA (LUGO) - Telf: 982 511 200

rábade

Adxudicada a renovación do Cine Man por 140.000 euros

O Concello de Rábade vén de adxudicar a primeira fase da renovación do antigo Cine Man, á Empresa Groma de Arteixo, o importe de licitación ascendía a 140.000 euros.

O proxecto inclúe entre outros, a renovación da cuberta e contorna, execución de servizos e adecuación da sala para usos múltiples. O Concello mercou en 2019 este inmueble, un histórico local da vila que foi tamén a sala de festas Agarimo, para convertilo nun local multiusos para os rabadenses.

O obxectivo do Concello era evitar a desaparición de edificios emblemáticos. Con esta premisa pretende darlle unha vida máis útil para calquer tipo de evento.

O edificio ubicado na rúa Ángel Pena, moi preto da Casa Consistorial, abriu as súas portas no ano 1945 e foi unha sala de cine que contaba con 415 prazas e pratea ata os anos 70. Máis tarde pasou



Interior do Cine Man de Rábade

a ser a sala de festas Agarimo, que foi un dos mellores negocios de salas de baile que había en Galicia ata os 80, para despois pechar definitivamente tras varios proxectos fallidos ou de curta duración. Este edificio conserva moitos elementos característicos da construción orixinal como o escaerío ou o lenzo da parte traseira.

Neste tempo, o Concello pediu a colaboración cidadá para ter toda a información posible do que foron estes espazos, tan transcendentais e representativos da historia.

Solicitou por tanto que lles fixeran chegar fotos, vídeos ou calquera outra información sobre os locais para poder facer unha recuperación acorde coa historia do local.

O veciños contan cun servizo gratuíto de desprazamento para a vacinación da covid

O Concello ofrece aos seus veciños un servizo de axuda á vacinación. Este consistirá e ofrecer un servizo de desprazamento destinado a todas as persoas que necesiten acudir a un centro de saúde o punto covid para recibir a vacina contra o coronavirus e non dispoñan de medios para facelo.

O servizo é gratuíto e as persoas que se atopen nesta situación poderán solicitalo no concello chamando ao 982 390 062. O Concello xa puxera en marcha un servizo similar durante a cuarentena dos meses de marzo e abril.


A Casa das Ínsuas fai os sábados rutas na natureza para rapaces

A Asociación Galega do Territorio, a través da Casa das Ínsuas, organiza unha actividade infantil chamada Facendo camiño nas insuas. O obxectivo é que os rapaces traballen no proxecto de deseñar unha ruta na natureza aprendendo ao mesmo tempo a interpretar a contorna das insuas. Esta actividade desenvolverase para rapaces de 7 a 12 anos os sábados ata o 29 de maio polas mañás, entre as 11.30 e as 13.30 horas.

Esta actividade ten un prezo de 20 euros para socios e 22 para os non socios e terá o seu lugar de encontro na Casa das Ínsuas de Rábade. Os que desexen máis información



ou facer a inscricións en info@galwv.com ou no teléfono 982 804 773.



Presentación do libro de Felpeto en Cabreiros e a portada da novela

Felpeto presentou en Cabreiros a súa novela 'O pau de ferro'

Xosé Manuel Felpeto, un home nacido, criado e amante de Cabreiros, presentou na casa escola da localidade, a súa primeira novela, *O pau de ferro* nun acto no que estivo acompañado do escritor Xosé Lastra Muruais e un representante da Deputación.

Felpeto é unha persoa moi coñecida na vila que o viu nacer xa hai uns cantos anos, leva máis de 20 presidindo a asociación de veciños e é culpable dunha gran parte da actividade cultural da contorna. Amante das letras, ten moita tradición na escritura, á que se achegou dende sempre, decidiu apostar pola novela. A idea levaba tempo rondando pola súa cabeza e finalmente decidiu rematar o proxecto e dar o salto final buscando un editor.

"Fixen sempre colaboracións con outras xentes, sempre coporativamente pero o que era editar eu só

supoñía un paso grande e agora xa está dado", relata.

Prexubilado de Endesa, Felpeto empregou os dous últimos anos neste proxecto, *O pau de ferro*, unha novela de pequenas cousas e grandes lembranzas.

Nela, seguimos a pegada na vida de Brais, dende o seu nacemento, nunhas condicións duras, ata os 25 anos, cando xa ten a súa vida encauzada.

Brais é un rapaz do rural, un rapaz que pon de relevo esas pequenas cousas da vida de todos, todas esas que están ao redor "esas pequenas cousas tan necesarias e amadas sempre preto de nós dende menos, ás que tanto lles debemos".

Afirma Felpeto que non é autobiográfica pero ao mesmo tempo todos os lectores poderán atopar nela un trozo da súa alma, e moitas das súas lembranzas.

Entregados os premios do concurso de fotos sobre a muller



Un momento da entrega dos premios

O alcalde, Roberto García Pernas, e a Concelleira de Benestar social e Igualdade, Nélica Coira Pena, fixeron entrega dos diplomas ás persoas gañadoras do concurso de fotografía *MuXer: Muller de Xermade*. A gañadora do concurso

foi Carmen Blanco Purriños, por *Sempre labrega*, que recibiu 300 euros de premio; seguida de Laureano de Bernardo Paz, por *Nunca é tarde*, con 200 euros de premio, e Leticia Alvite Pernas, coa foto *Es-tercando na leira das patacas*.

ATABERNA

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA CARTA
OLVÍDATE DE TODO Y SABOREA LAS RACIONES
REVUELTOS FREZAS DE VERDAD ALCO PÍCAR
HAMBURGUESAS FREZAS DE VERDAD DE SALSA ALCO SABOREAR
PASTAS FREZAS DE VERDAD DE SALSA ALCO TORTILLAS
ALCO PARA COMPARTIR TAPAS

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

BOBECA

xermade

Licitan o arranxo de vías e a compra dun camión contra incendios

A Xunta de Goberno Local do Concello de Xermade aprobou o expediente de contratación da obra Mellora de firme en Buscalte, Roupas, Bidueiral, Souto, Aguillón, Pena, Cerveira, Sanche, Leboré, Folgueiras e Seixo, cun orzamento de 91.310,81 euros (IVE incluído) financiados con cargo ao Plan Único 2020. O prazo de presentación de ofertas remata o 1 de abril ás 23.59 horas, e a apertura terá lugar o luns 5 de abril ás 10.00 horas.


Por outra banda, na sesión ordinaria celebrada o 24 de marzo de 2021, a Xunta de Goberno aprobou o expediente de contratación para a subministración dun vehículo tipo autobomba rural pesada (BRP) destinado a actuar en situacións de emerxencia (incendios, seca, etc.), por importe de 72.600 euros (IVE incluído), dos cales a De-



ROSALÍA. O Concello conmemorou o Día de Rosalía, coincidindo co día do seu nacemento coa inauguración dun fermoso mural dedicado á escritora. Esta nova obra pode verse na parede lateral da Biblioteca Municipal de Xermade, onde tamén están situadas as prantas moradas que foron colocadas con motivo da celebración do Día da Muller o pasado 8 de marzo.

putación de Lugo chega 60.000 euros a través dun convenio asinado o 30 de decembro de 2020, e os 12.600 euros restantes son achegados polo Conce-

llo de Xermade. O prazo de presentación de ofertas remata o 19 de abril, e a apertura terá lugar o día 20 de abril ás 10.00 horas.



Volven en maio as xornadas do IV Ciclo a Cabreiros

A casa escola de Cabreiros acollerá en maio unha nova formación da USC dentro do programa universitario de maiores, IV Ciclo.

Trátase do programa Camiños de coñecemento e experiencia, que ten como obxectivo principal favorecer a democratización do coñecemento; potenciando e difundido o coñecemento científico e artístico a toda a poboación maior de 50 anos das comarcas colaboradoras no proxecto.

As actividades do programa desenvolveranse polas tardes dos días 28 e 31 de maio e 1, 2, 3 e 4 de xuño. Combinaranse os seminarios con saídas e visitas. Así este ano falarase da simboloxía das cores, cun paseo a pé pola zona; as especies invasoras con visita a un eucalipto, e sobre o patrimonio histórico de Xermade que culminará cunha visita ao museo arqueolóxico de Vilalba. As persoas interesadas en inscribirse poden facelo no teléfono 982 501 001.

Piden solucións para o servizo de auga e a recollida de lixo

O PP critica “a deixadez do goberno local en relación á recollida do lixo” e que “despois de ter subida as taxas da súa retirada ao comezo do mandato; non faga unha recollida habitual e selectiva dos residuos nas dez parroquias de noso concello”. Nese sentido, pediránlle a través dun rogo no vindeiro pleno que “tome cartas no asunto”.


O Grupo do PP interesouse no pleno polo abastecemento de auga porque “presenta deficiencias a miúdo e situacións de perigo sanitario por unha falta de mantemento nas instalacións, mananciais, traídas, depósitos e fase de tratamento”, segundo manifestan.

O voceiro popular local, Antonio Riveira, sinala que “a auga de consumo presenta tamén diferentes sabores e olores de forma periódica debido á falta de tratamento nalgúns ocasións e ao exceso de cloro noutros momentos”.



EN BREVE

FOCHANCA. Veciños da parroquia de Momán volven reclamar que se repare unha fochanca no pavimento á altura da capela de San Antonio, na estrada LU- P-6513. Segundo explican, para evitalo os vehículos deben invadir o carril contrario, o que é aínda máis perigoso porque está nunha curva con pouca visibilidade.



LETRAS GALEGAS. A Biblioteca vén de convocar a fase local do certame de narración e debuxo infantil con motivo das Letras Galegas 2021. O tema elixido nesta ocasión é *O dereito das nenas e nenos a participar na vida cultural*. No certame poden participar todos os nenos e nenas que así o desexen. Os traballos que queiran. Deberán entregarse na Biblioteca Pública e o prazo de presentación pecharase o día 7 de maio. O fallo do xurado farase público antes do Día das Letras Galegas.

Inmobiliaria JRoca **ROCA ABOGADOS**

Sancobad s/n, Vilalba	33.000€
Terreno / No urbanizable 5.105m ²	
Se vende parcela de unos 5000 metros, situada a unos 3 km de Vilalba, en la que existe un construción de unos 80 metros, que dispone de luz y agua. La finca está plantada con pinos, que están para cortar.	
Basanta Silva 58, Vilalba	120.000€
Local 125m ²	
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende cafetería-bar, local situado en esquina. Tiene una planta baja de unos 75 metros y un entresuelo un poco más pequeño. Necesita pocas reformas.	
Campo de Puento, Vilalba	35.000€
Estudio / Loft 0 Baño 100m ²	
En la c) Campo de Puento de Vilalba (Lugo) ofrecemos dos pisos en placa, para ser terminados por el comprador, uno de 100 metros y otro de 108 metros. Cabe la posibilidad de comprar ambos y hacer una vivienda de 208 metros. El edificio en el que se encuentran dispone de ascensor. Se trata de pisos muy luminosos al disponer de ventanas a ambos lados de la casa.	
Grupo As Fontiñas 1, Vilalba	45.000€
Piso 4 Dorm 2 Baños 99m ²	
En Vilalba (Lugo), se vende piso de 4 dormitorios y sala, 2 baños y cocina. Muy luminoso y próximo a los colegios.	
Campo de Puento 11, Vilalba	63.000€
Piso 3 Dorm 2 Baños 115m ²	
En Vilalba (Lugo), se vende piso centrico de 3 habitaciones, comedor y sala, 2 baños y cocina. Tiene trastero, ascensor y calefacción individual de gas ciudad.	
Plaza Coronel Pena, Vilalba	250.000€
Casa / Chalet adosado 10 Dorm 2 Baños 369m ²	
Casa antigua blasonada, de piedra, con balconada, en el casco histórico de Vilalba (al lado de la plaza de Santa María y del Parador de Turismo), de 369,10 metros construídos, con fachada a la c) Concepción Arenal y jardín contiguo a la misma de 74 metros (cerrado con verja), que da a la Plaza del Coronel Pena. La parte destinada a vivienda de la casa ha sido reformada recientemente. Consta de dos salones, uno de ellos con chimenea, ocho habitaciones, 2 cuartos de baño, cocina, desván y amplio sótano. La casa se encuentra en el camino de Santiago, reuniendo las condiciones para montar algún negocio de hostelería y restauración.	
Mato Vizoso 6, Vilalba	100.000€
Edificio residencial 183m ²	
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende casa unifamiliar formada por planta baja, dos plantas y bajo cubierta, en la que hay tres dormitorios, un baño y un aseo, sala y cocina. A su vez, en la planta baja tiene dos dependencias amplias que se les puede dar distintos usos. La vivienda se encuentra en las proximidades de la torre de Vilalba.	
Avenida de Galicia, Vilalba	33.000€
Piso 3 Dorm 2 Baños 100m ²	
En Vilalba (Lugo), se vende piso cuarto sin ascensor, de tres habitaciones y sala, baño y aseo, cocina y dos terrazas. La vivienda tiene a mayores y como anejo un desván. Dispone de calefacción de gasoil. Esta situado muy cerca de la zona escolar y a un paso del centro.	
Ameneiro s/n, Guifritz	155.000€
Casa rural 3 Dorm 2 Baños 246 m ²	
A unos 4 Km de la localidad de Baamonde y de la A-6, se vende casa rústica de 4 dormitorios, sala, cocina, 2 baños y otras depen decías. Tiene una finca de 39.000 metros cuadrados. Ideal para alguien que tenga caballos.	
Terra Chá, Vilalba	130.000€
Casa / Chalet adosado 4 Dorm 2 Baños 246 m ²	
Se vende vivienda unifamiliar frente al hotel Villamartin. Dispone de cocina, baño, sala y una habitación en planta baja y tres habitaciones más y un baño en planta alta, un desván y un garaje. Por detrás tiene un terreno de unos 200 metros en los que se ubican dos alpendres.	
Calle Lameirón, Vilalba	90.000€
Terreno / Urbano (solar) 650m ²	
Las alturas edificables son 3 plantas más ático y el frente del solar son 12 metros.	

Inmobiliaria JRoca C/de los Pepes 1 - 27800 Vilalba, Lugo Tel.: 600 828 720

ROCA ABOGADOS

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco

Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal

Roca Abogados Carril de Catesol, 1 - 1ªA, Lugo Tel.: 982 230 337 - 600 828 720

www.rocaabogados.info

Parganonsedivide pide que se desconfinen o centro de saúde

Dende a asociación #Parganonsedivide esixen das diferentes administracións sanitarias o comezo do “desconfinamento” do centro de saúde de Parga que cumpriu recentemente un ano pechado sen viso de retorno á súa actividade normal.

Para conquistar iso, #Parganonsedivide reclama un “plan de desconfinamento” do consultorio que pasaría por unha primeira fase a aplicar de xeito inmediato na que se recuperarían os servizos completos de enfermaría en Parga os días que actualmente empregan para as extraccións de sangue: martes e xoves. “Non entendemos porque os días nos que se desprazan a Parga a facer extraccións de sangue a ATS e o PSX, non o fan durante toda a xornada e realizando tódalas funcións que viñan realizando en Parga. Analíticas, curas, tomas de mostras e tensión, etc, ademais da vacinación da Covid. Non ten lóxica que haxa persoas facendo unha analítica ás nove da mañán en Parga que despois se teña que desprazar a Guitiriz a facer unha cura ou a vacinarse

ás once e media” sinalan dende a asociación veciñal e lembran que “o centro médico segue a cumprir os estándares sociosanitarios e se se poden extraer mostras de sangue, tamén se poderá vacinar”.

Na segunda fase da petición de #Parganonsedivide, que se aplicaría a partir dos primeiros días de maio, o centro de saúde de Parga recuperaríase de xeito diario a ATS e mais o PSX e un dos dous médicos desprazados en Guitiriz que, mentres durase esta situación, atendería só a pacientes xa vacinados. “A primeiros de maio, atendendo ao que nos dí o Sergas, estarán vacinados os veciños e veciñas maiores de 80 anos, que supoñen unha porcentaxe elevada da nosa poboación e, ademais, son precisamente os pacientes que máis dificultades teñen para desprazarse a Guitiriz” explican dende #Parganonsedivide.

O Centro recuperaríase a súa total actividade no momento que se chegue á chamada inmunidade de rabaño, a cal, segundo as autoridades, podería producirse en agosto ou setembro.

O Concello adxudica a obra de modernización da actual ETAP

O Concello de Guitiriz ven de adxudicar por 356.050,21 euros, financiados a través de subvencións do IDAE e de Augas de Galicia, a Espina y Delfín SL o proxecto para a modernización da actual Estación de Tratamento de Auga Potable.

A actuación que se levará a cabo implica unha reforma integral da planta co obxectivo de implantar procesos de tratamento de vangarda cun alto grao de fiabilidade e abordar o tratamento da auga coas suficientes garantías tanto de cantidade como de calidade.

Un dos obxectivos principais dos traballos a realizar será a implantación dun tratamento específico para a eliminación do Ferro e do Manganoso, minerais detectados na auga do embalse de San Xoán en sucesivas analíticas. Para a nova ETAP contéplase o emprego dun potente oxidante de ozono a través dun proceso de preozonización que, ademais de permitir unha potente oxidación para o tratamento dos ións de Ferro e Manganoso, intervéñen na eliminación da materia orgánica e na eliminación dos malos sabores na auga.



Instalacións da ETAP de Guitiriz

Ademais, tamén se aplicará un tratamento para a eliminación do Aluminio a través dun sistema completo de control de PH e outro de filtración aberta cun recheo filtrante adaptado ás singularidades deste proceso. A nova estación adaptárase á normativa vixente sobre instalacións eléctricas e almacenamento de produtos químicos e contará cuns procesos actualizados e modernizados.

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol

Morandeira, destaca que “esta obra vai nos permitir afianzar os progresos que tivemos no 2020, un ano no que non se rexistraron episodios de turbidez na auga de Guitiriz grazas ás actuacións levadas a cabo” e explicou que “é moi necesario modernizala e actualizar o seu funcionamento para poder responder á demanda actual dos veciños e veciñas do municipio, que non é a mesma que no ano 1989, momento no que se construíu a ETAP”.

Abre o prazo para solicitar praza no PAI

O Concello de Guitiriz abrirá no mes de abril o prazo para efectuar novas matriculacións ou a renovación de praza para o próximo curso 2021/2022 no Punto de Atención á Infancia (PAI).

Por unha banda, o prazo para renovar praza abrírase desde o 1 ao 15 de abril e, pola outra, as novas solicitudes poderán facerse desde o 16 ao 30 de abril. En ambos casos a documentación pódese entregar por sede electrónica ou de xeito presencial, con cita previa a través da páxina web ou ben por teléfono no 982 370 109.

O comercio abre as súas tendas en Ruralsell

O comercio e as empresas de Guitiriz xa poden adherirse á plataforma de vendas www.ruralsell.com para vender os seus produtos na rede e de xeito gratuíto grazas ao convenio asinado polo Concello de Guitiriz coa asociación Envaco.

Os interesados ou interesadas en formar parte desta iniciativa poden formalizar a súa inscrición cubrindo o formulario que poderán atopar na páxina web <https://mercadodixitaldeguitiriz.com/>. O primeiro ano será gratis para as empresas que decidan

unirse e, para as que continúen nun segundo exercicio, a taxa terá unha rebaixa do 50%, podendo ser asumido o custe polo Concello.

Os requisitos para formar parte deste proxecto son: estar censado no Concello de Guitiriz, dispor dun negocio ou actividade comercial dado de alta e cumprir coas vixentes normativas en materia de comercio e consumo.

Cada un deles contará, entre outras cousas, cunha tenda virtual individual e o seu propio hosting.



Unha mostra das esculturas que se poden ver en Parga

Expoñen en Parga esculturas feitas no certame de cantería

O Certame da Feira de Cantería e dos Callos de Parga, que non se puido celebrar o ano pasado debido á pandemia, volve poñerse de relevo trala exposición no Campo da Feira dunha vintena de esculturas procedentes desta cita que se suman ás dez que xa estaban.

Esta acción ten como obxectivo da asociación de veciños do Campo da Feira poñer en valor a contorna e visualizar o traballo que se realiza ano tras ano neste selo distintivo da parroquia guitiricense. Deste

xeito, poderán desfrutar delas todos os que acuden os domingos á feira de Parga.

As esculturas que reciben os tres primeiros premios na Feira da Cantería repártense entre o Concello, a comunidade de montes e a asociación de veciños polo que estes decidiron expoñer todas as que tiñan en depósito e gardadas nun alpendre para que toda a xente as poida desfrutar. As esculturas foron colocadas cunha resina especial, despois de limpalas.



O Concello modifica o ICIO para favorecer ao sector primario

O Concello de Guitiriz aprobou en Pleno unha proposta de modificación do ICIO (Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras) co obxectivo de favorecer ao sector primario e fomentar o emprego.

Por unha banda, aumentáanse os supostos no apartado das bonificacións, que na ordenanza vixente só se contemplan construcións, instalacións ou obras de interese social. Neste caso a actualización céntrase, no aumento da bonificación para as explotacións do municipio que poderán reducir ata o 90% a cota do seu imposto e tamén favorecerán a aquelas construcións, instalacións ou obras que permitan xerar máis postos de traballo, podendo chegar a bonificación ata o 75%.

Pola outra, adaptouse a taxa pola apertura de naves, locais ou esta-

blecementos para que pase a pagarse segundo o tipo de actividade de que se trate xa que se entende que o rendemento que sacan por metro cadrado segundo os diferentes usos non é o mesmo.

Por exemplo, un uso comercial ou terciario, con moita menos superficie, conta cun rendemento económico maior que un uso industrial ou agropecuario, dado que estes últimos requiren de grandes dimensións para a produción e/ou almacenamento dos produtos derivados da súa actividade ou, no caso das explotacións agropecuarias, instalacións dedicadas exclusivamente á garda e coidado de animais e maquinaria.

Así, a apertura de naves, locais ou establecementos con usos agropecuarios e forestais pasarán de pagar unha taxa de 0,80 €/m² a aboar 0,25

€/m², os de equipamentos e os industriais e artesanais terán unha taxa de 0,50 €/m² e os de uso terciario manteñen a cota de 0,80 €/m².

Ademais, non se computarán aos efectos da superficie construída os silos, fosas, soleiras, plataformas, esterqueiras e outras construcións e instalacións auxiliares análogas, necesarias para o desenvolvemento da actividade por cumprimento de medidas ambientais, de salubridade e/ou de xestión de residuos.

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, explicou que “con esta modificación transformamos en feitos a nosa proposta electoral de apoio ao sector primario do municipio, que será o máis beneficiado co cambio, e fomentamos o emprego favorecendo a creación de novas explotacións e outras empresas”.

Licitarán un novo proxecto modificado para a residencia



Estado no que quedou a Casa da Botica tralo derrubamento

Na Xunta de Goberno da Deputación aprobouse a resolución por mutuo acordo do contrato para a execución das obras de construción do Centro de Atención a Maiores de Guitiriz na Casa da Botica. A resolución, proposta pola Deputación, estivo motivada polas dificultades que estaba tendo a empresa para acometer o proxecto, e non implica ningunha nova carga económica para a institución provincial.

As inclemencias do tempo este inverno afectaron á Casa da Botica e foi necesario o derribo do edificio, “o que fai imprescindible a redac-

ción dun modificado do proxecto para redefinir a fachada e os muros, que colapsaron e que non se poden conservar”, explicou o mandatario e engadiu que o modificado realizárase nun período curto de tempo e, unha vez redactado, volverase a licitar para que sexan acometidas as obras por outra empresa co obxectivo de garantir a execución íntegra do proxecto.

“O meu compromiso, claro e inequívoco co Concello é facer a residencia de maiores de Guitiriz e que estea rematada no ano 2022”, recalcou José Tomé.



Un momento da reunión celebrada en Guitiriz

Reunión para coordinar a seguridade viaria

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, e a alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, presidiron unha xuntanza de traballo para coordinar a seguridade viaria neste municipio. Na reunión, participaron ademais o xefe provincial de Tráfico, Ángel Álvarez; o xefe do subsector de Tráfico da Garda Civil, capitán José Miguel Martínez, e o xefe da Policía Local de Guitiriz, Eloy Vázquez.

Isabel Rodríguez explicou que o obxectivo da xuntanza, celebrada esta mañá na Subdelegación do Goberno, foi avanzar na colaboración que xa manteñen a Xefatura provincial de Tráfico e o Concello de Guitiriz en materia de seguridade viaria.

Pola súa parte, Marisol Morandeira, que aproveitou o encontro para presentar ao novo xefe da

Policía Local de Guitiriz, indicou que foi unha reunión de traballo para poñer ao día a delimitación de competencias da Garda Civil de Tráfico e a Policía Local, que levaba sen actualizar desde o ano 2006.

A subdelegada explicou que este acordo enmárcase na liña de colaboración institucional que mantén o Goberno con outras administracións públicas. Así, o Ministerio do Interior, a través da Dirección Xeral de Tráfico, mantén distintos acordos de colaboración cos concellos relativos a temas de seguridade viaria.

Tráfico ten asinados convenios con distintos concellos da provincia, entre eles o da capital da provincia, cos que colabora na realización de campañas de prevención e controis de seguridade viaria.

Presentan o libro Poemas de Outono no Día da Poesía

A Biblioteca Municipal Casa Habanera de Guitiriz súmase á celebración do día da poesía deste ano, presentando o libro Poemas de Outono.

Trátase dun poemario colectivo convertido en libro, que recolle en formato físico o resultado da actividade Poemas de Outono, que a Asociación de Maiores de Pontearreas puxo en marcha no pasado outono para dinamizar a creatividade, a escritura en galego e as costumes galegas.

A B.P.M Casa Habanera sumouse a ese proxecto aportando as entregas recibidas na actividade Recetas de outono con poesía, que se levou a cabo no mes de outubro do 2020, para poñer en valor os produtos do outono e a dinamización da lectura e escritura.

Desde a biblioteca municipal chairega quixeron “agradecer á Asociación de Maiores de Pontearreas, por permitírnos participar e por facernos chegar á biblioteca unhas cantas copias do libro”.

O Concello de Guitiriz prorroga a suspensión do pago da taxa das terrazas

O Concello de Guitiriz aprobou no último pleno un acordo para prorrogar de cara ao ano 2021 a suspensión da taxa que deben pagar os hostaleiros pola instalación das súas terrazas.

Desde o inicio da pandemia, no ano 2020, os hostaleiros do municipio xa estaban exentos de pagar este tributo tipificado na ordenanza número 16 pola ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

O obxectivo do goberno local é o de redactar e aprobar proximamente unha ordenanza específica para as terrazas para que entre en vigor de cara ao ano que vén e poder regularizar así a súa situación, xa que esta actualmente non existe.

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, explicou que “o que pretendemos con esta medida é seguir axudando, na medida das nosas posibilidades, a un sector como a hostalería, tan afectado polas restricións que marca a situación sanitaria”.

MILAR ALBOSAT
tu tienda de electrodomésticos

Avda. de Galicia, 42
27800 Vilalba (Lugo)
Telf.: 982 510 501
655 470 030
info@albosat.es
www.albosat.es

Servicio propio de reparación

Venta y reparación

¡APROVECHA EL PLAN RENOVE!

PLAN RENOVE ELECTRODOMESTICOS

249€

LED JVC LT32VAH3000

589€

FRIGORÍFICO GRUNDIG 3 Años de Garantía

569€

BLANCO

449€

LAVADORA BEKO DrumClean 1.000 R.P.M. Programa Rápido

429€

BLANCO

279€

LAVAVAJILLAS GRUNDIG 3 Años de Garantía

389€

PLACA BOSCH - INDUCCIÓN

Abre o prazo das axudas para material e transporte escolar

O Concello de Begonte vén de abrir o prazo de presentación de solicitudes para as axudas a escolares deste municipio e que van dirixidas a todos os estudantes do termo municipal. As axudas están divididas en dúas convocatorias diferentes, por unha banda, as axudas de material e pola outra as de transporte escolar.

As axudas para material escolar están dirixidas a escolares de Infantil, Primeira e ESO que estuden no Concello de Begonte e os alumnos de Educación Infantil e Primaria de Saavedra e Uriz, escolarizados en Rábade.

Tamén terán a consideración de beneficiarios os alumnos empadroados en Begonte que cursen estudos no IES de Rábade ou noutros centros educativos públicos ou concertados, no curso académico 2020-2021.

Estas axudas, que se conceden en función da renda, teñen un máximo de 120 euros e van destinadas á compra de material escolar. Enténdese por material escolar: fichas de traballo de educación infantil, mochilas, cadernos, dicionarios e ou-

tros materiais directamente relacionados co desenvolvemento das actividades formativas escolares.

TRANSPORTE. Respecto ás axudas ao transporte escolar durante o curso actual, están dirixidas aos estudantes que cursen estudos de bacharelato, ciclos formativos de grao medio e superior, ou estudos universitarios, co fin de contribuír a paliar o gasto diario ou semanal, que os xoves estudantes teñen como consecuencia do seu traslado a outras localidades para cursar os referidos estudos.

Teñen como requisito estar matriculados actualmente no Concello que cursen os estudos superiores e que non teñan xa transporte gratuito para o desprazamento ao centro educativo. Os beneficiarios contarán cunha axuda de entre 100 e 200 euros dependendo da distancia do seu centro.

O prazo de presentación da documentación necesaria para o outorgamento destas axudas nos dous casos rematará o 22 de abril. Esta pode facerse a través da sede electrónica do Concello.

Seguen as concentracións polo peche do colexio de Baamonde

Os pais de Baamonde volveron concentrarse novamente reclamando o peche do colexio dentro do proxecto proposto polo alcalde de fusionar os dous centros no de Begonte e utilizar o outro para unha escola de música. Así, concentráronse ante a sede da Xunta, nun acto organizado pola Federación de anpas da provincia que xunto con outras entidades, denuncian a política de desmantelamento do rural. Neste acto participaron representantes políticos da contorna, principalmente dos concellos de Vilalba, Guitiriz e Xermade, así como do resto de administracións.

Tamén estivo presente o presidente da Deputación, José Tomé, que en declaracións aos medios de comunicación lembrou que dende o Grupo Socialista na Deputación "xa defendemos iniciativas recollendo as inquietudes que demandaban os pais e nais afectados polo peche deste centro educativo". "A decisión do peche do colexio de Baamonde é unha decisión errónea que seguramente obedece a outro tipo de beneficios, presuntamente privados, dos que vamos a estar atentos. Pero nin be-



Concentración ante o edificio Multiusos da Xunta

neficia ao rural, nin aos pais e as nais, nin a educación das nenas e nenos de Baamonde", resumiu.

Esta concentración súmase a outras accións que realizan dende a asociación de pais e a de veciños en diferentes xornadas e ámbitos. Un dos últimos consistiu nun acto simbólico no colexio no que se colocou no valo perimetral 30 cirios en representación dos 30 alumnos cos que conta actualmente o centro.

Cada cirio leva o nome dun neno e con el quere representarse. "Queremos representar esa luz de esperanza que eles aínda teñen de que non lles pechen o seu cole".

A Anpa do Ceip de Baamonde remitiu tamén a oitava petición ao conselleiro de Educación, Román Rodríguez, para que atenda a súa petición de manter este colexio aberto para o que esixen que os reciba e poder falar da situación.

BREVES

PODOLOXÍA. O Concello de Begonte ofrecerá de novo este ano un servizo de podoloxía aos seus veciños de idade avanzada. Para poder acceder a este programa unicamente é necesario ter máis de 65 anos e estar empadroado no Concello. Os interesados en sumarse deberán presentar a súa solicitude no servizo de atención podolóxica que xa está aberto. Será necesario acudir ás oficinas municipais para asinar a solicitude.

MEDALLA. A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, presidiu o acto de entrega das medallas ao Mérito Civil do ano 2020, unha delas concedida ao policía nacional da Brigada provincial de Seguridade Cidadá Guzmán Faustino Solmo Pérez, natural de Begonte. Coa súa intervención, foron detidos os autores de dous crimes machistas en Lugo, tamén axudou a salvar a vida de varias persoas en situación de risco, entre eles un ancián desaparecido. Ademais, realizou unha intervención, estando fóra de servizo, nunha festa en Paradela, grazas á cal se evitou un grave desorde público cando un home que feriu a varias persoas correu risco de ser linchado.

Adjudican as obras de saneamento en Carral

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, adjudicou a redacción do proxecto construtivo para a ampliación da rede de saneamento na parroquia de Carral, no concello de Begonte.

Este contrato, cun investimento autonómico de máis de 17.000 euros, foi adjudicado á empresa Aguilar del Moral Arquitectura e Ingeniería, SLP. O prazo de execución é de 6 meses.

As obras que se pretenden acometer na parroquia de Carral sitúanse no camiño de Saavedra, que atravesa o lugar do Marco, de carácter maiormente residencial e no que abundan as construcións auxiliares destinadas a usos agrícolas e vinculadas ás vivendas.


Os traballos contratados consisten no desenvolvemento, a nivel construtivo, de novos colectores que dean servizo ás vivendas que dan á vía municipal. A estes novos colectores deberá sumarse un tramo de conexión cun

colector existente. As lonxitudes aproximadas das redes a proxectar son de 814 metros.

O colector deberá entroncar, mediante unha perforación horizontal dirixida baixo o trazado da estrada, coa rede de saneamento existente, que discorre pola marxe esquerda da estrada nacional N-VI. Esa rede verte nunha estación depuradora de augas residuais xunto ao rego da Ponte e río Ladra, para o que tamén haberá que comprobar a capacidade de admisión do novo caudal e carga.

OS TRABALLOS. Os traballos que deberá realizar o contratista consisten en desenvolver ata un nivel de proxecto construtivo a ampliación da rede de saneamento no Camiño de Saavedra, no lugar do Marco. Para isto será necesaria unha análise primeira da problemática a resolver, a obtención dos datos previos e proposta de mellor solución.

Entrega virtual dos premios do Belén



Efectuouse a entrega virtual de premios dos Certames de Xornalismo, Poesía e Arte do Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte, entidade impulsora do Belén Electrónico.

Desde Santiago participou Valentín García Gómez, pregoeiro da XLIX edición de O Nadal en Begonte (Primeiro Pregoeiro Virtual) e secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia; desde Begonte o alcalde, José Ulla Rocha, e o presidente do Centro Cultural, Jesús Domínguez Guizán; desde Madrid, o presidente de Honra do Belén, José Luis Her-

nangómez Sastre, e desde Lugo o coordinador dos certames, Xulio Xiz. Os premiados nos diversos certames (algúns non puideron intervir por dificultades de conexión) recibirán nos seus domicilios as habituais estatuíñas de Sargadelos, séndolles aboados nas súas contas bancarias os importes económicos.

Todos os participantes congratuláronse do excepcional resultado virtual da edición do presente ano, expresando o desexo de que a próxima edición, a 50ª do Belén Electrónico, poida xa celebrarse de xeito presencial.

Agro



vacún.

De onde vén o leite e a carne que comemos?

benestar animal.

Un animal debe estar san, cómodo e ben alimentado

galiña de mos.

A exquisita ave máis característica da Chaira

ferramentas e hortos.

Chega o tempo de estar ao aire libre e no xardín

servizos.

Profesionais que aportan tarefas de axuda ao sector



AGRICOLA VERES



SERVICIO TÉCNICO PROPIO • 35 ANOS DE EXPERIENCIA NOS AVALAN

Avda. de Lugo, 11 - 27300 GUITIRIZ (Lugo)

Telf. 982 37 01 12 - Móvil 619 79 07 75 - info@agricolaveres.com

LEITE

O leite mola! Xa o dicía a canción

De onde veñen o leite e os produtos lácteos que se comercializan e que tomamos nas nosas casas?

O leite é unha gran fonte de calcio, magnesio e fósforo e aporta gran cantidade de proteínas, e hai moitos estudos que amosan os beneficios para a saúde. Por iso é necesario saber a súa procedencia. En **Granxa Grixeiras** de O Arneiro, Cospeito, Zeltia González e Pepe García están ao fronte da explotación que está a suministrar o leite para o queixo que unha coñecida cadea de alimentación rápida utiliza para as súas elaboracións e que a súa vez é responsabilidade de Queserías Entrepinares, outra empresa chairega. A explotación era dos avós de Pepe e agora eles crían as vacas que producen os preto de

5.700 litros de leite diarios que envían a Entrepinares en Vilalba. A explotación, de produción intensiva, robotizouse este ano para facer máis cómodo o traballo dos 5 empregados e a actividade e vida dos animais. Grixeira ten 260 vacas e conta cunhas 155 en produción leiteira. As outras son de recría e de seca, é dicir, que lles faltan uns meses para parir e están descansando. Zeltia comenta que “as granxas son moi importantes para o rural, senón hai actividade agrícola ou gandeira morría toda a zona”. A **Casa Codesal** de Friol é unha granxa de leite ecolóxica, o que significa que a alimentación dos animais é maiormente en base ao pasto que é todo 100% ecolóxico, dispoñen tamén de silo de herba e algun cereal ecolóxico como pode ser de cebada, trigo ou millo”, di Xosé Antonio, propietario da granxa. Contan con 95 animais dos cales hai 60 en produción e o resto están en reposo e recría de diferentes idades. Estes animais

disfrutan de 74 hectáreas de granxa. Estas son frisonas de leite e algúns cruzamentos Montbeliarde, Roja Sueca e Jersey. “O leite ecolóxico obtense de vacas que non teñen estrés e viven relaxadas, que pasan o maior tempo posible nos prados e que teñen unha alimentación 100% ecolóxica”, di Xosé, “a produción de leite é menor que na intensiva, pero ten un maior nivel de Omega3. Pero o máis importante é todo o que non leva, xa que non se atopará ningún resto de pesticidas, fertilizantes químicos ou herbicidas, é dicir, é un leite moito máis saudable”.

Estas vacas producen 1200 litros de leite ao día ou, o que é o mesmo, 20 litros ao día por vaca, que se destinan a Casa Grande de Xanceda.

A esta granxa non lle afectou moito a pandemia no seu traballo diario, aínda que restrinxíronse as visitas de persoas e sempre tendo en conta as medidas sanitarias. “Afectounos na venda dos xatos, xa que o prezo diminuíu considerablemente e houbo momentos que non había demanda, por que non había feiras e houbo unha baixada no consumo, supoño que eses foron os motivos”, remata dicindo Xosé Antonio.

O leite ecolóxico obtense de vacas que non teñen estrés e viven relaxadas



IES da Terra Chá, José Trapero Pardo FORMACIÓN PROFESIONAL

- CICLO FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA EN ACTIVIDADES AGROPECUARIAS
- CICLO MEDIO: TÉCNICO EN APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL
- CICLO SUPERIOR: TÉCNICO SUPERIOR EN XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL

RESERVA A TÚA MATRICULA A PRIMEIROS DE XULLO

Infórmate ou visítanos no
IES da Terra Chá "José trapero Pardo"

Avda. Terra Cha s/n, Castro Ribeiras de Lea - 27269,
Castro de Rei - Lugo
Tel.: 982 870 144 / 982 870 145
ies.terra.cha@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/iesdaterracha



L2

INGENIERIA

HOMOLOGACION Y LEGALIZACION DE VEHICULOS Y MAQUINAS
AGRICOLA FORESTAL INDUSTRIAL

Av. Terra Chá, 46 Bloque 1-3ºB
Castro Ribeiras de Lea
606 456 856
info@L2-ingenieria.com
ivan@L2-ingenieria.com

VACÚN

Máxima calidade con bo saber facer

As producións gandeiras experimentaron un importante crecemento na última década

A rubia galega é unha raza autóctona de Galicia, e é a máis característica por ter o pelo de cor rubia con variacións de ton

Tralo Agro ten as súas orixes na casa familiar de Isabel Gómez, aló por 1936. Fillos de emigrantes retornados de Bélxica, unha vez en España, “decidimos incorporarnos a unha vida no rural cunha visión empresarial e sempre pensando nun tipo de produción sostible, ecolóxica e baseada no benestar animal”, di Isabel.

Así que “iniciamos a nosa actividade no 2010 o meu irmán e máis eu coa cría de gando bovino xa existente realizando unha reconversión dos animais e os pastos a ecolóxicos o que durou un período de dous anos”. No 2012, certificáronse como produtores ecolóxicos e iniciaron outra actividade que é a cría de polos campeiro ecolóxicos. Ofrecen aos clientes un produto de máxima calidade baseado “no saber facer que nos transmitiron os nosos avós e o respecto ao medio ambiente coa súa biodiversidade, o coidado e mimo dos nosos animais e alongando os tempos de cría dos mesmos”.

Actualmente teñen 150 cabezas das cales a maioría son raza Rubia Galega, e as outras cruces e algunha de raza asturiana, ademais seleccionaron as mellores nais reprodutoras. Pero sempre son reses



da propia gandería e os tenreiros son nados e criados en Galicia que é o que garante a IGP Tenreira Galega entre outras condicións. O seu gando está diariamente nos pastos e os tenreiros sempre acompañan ás nais ata o destete, que nesta granxa se realiza con 10 ou 11 meses de vida. Despois, estes tenreiros teñen as súas estancias con cama quente (palla) e dispoñibilidade de saír ao pasto para o seu cebo final que se realiza a base de forraxes propias cultivadas na explotación, como millo e herba seca. “Ademais, como produtores de tenreira galega ecolóxica, decidimos crear unha nova vía de distribución. Unha ecotenda no polígono de Friol”, afirma Isabel Gómez, “se consumes ecolóxico coidas da túa saúde e axúdas a coidar do medio ambiente”.

Juan Varela conta cunha granxa na parroquia de Rocha, en Friol, na que hai 450 animais entre nais e tenreiros. É una explotación extensiva o que significa que a maior parte do ano os animais están no prado en liberdade.

“Teño uns 450 animais de Rubia Galega”, di Juan, o cal leva catro anos como titular á fronte desta granxa aínda que toda unha vida nela, pois leva dende fai 20 anos traballando.

Para os seus labores conta con algún empregado que lle axuda nas tarefas diarias como a alimentación de herba seca e sil, para así poder ter a Ternera Gallega Suprema, cos requisitos que marcan as normas como que os tenreiros deben mamar mínimo ata os 7 meses e antes dos 10 meses hai que sacrificar aos animais. “O sabor nótase moito,

ten moita máis calidade que outras carnes e porque a alimentación vale moito”, di Varela.

A pandemia tamén afectou a este sector, pois eles traballan coa hostalaría e ao pechar os restaurantes viron minguar os seus ingresos.

“Baixou o prezo e por riba non houbo vendas coa hostalaría pechada. Ademais coincidiu coa tempada de inverno que xa soe ser frouxa e con todo isto moito máis”, relata Juan. Pero pasado un ano xa nota unha pequena recuperación, “isto mellora pero vai pouco a pouco”, remata dicindo Juan.



BENESTAR ANIMAL

Sans e quentiños, así deben estar

Un animal está en boas condicións de benestar se está san, cómodo e ben alimentado



A **Clínica Veterinaria Garfield** abriu as súas portas hai máis de 25 anos nas Pontes para ofrecer unha atención especializada a mascotas e animais de granxa. “Ao longo destes anos fomos evolucionando tanto na atención aos pacientes, como na maquinaria que utilizamos para o diagnóstico e o tratamento”, di María Dolores, propietaria da clínica. Na actualidade, contan con dous traballadores á fronte dunha clínica equipada coa máis

moderna tecnoloxía para ofrecer servizos de medicina interna, cirurxía, radioloxía, electrocardiografía, ecografía, limpeza dental, análises clínicas, hospitalización, consulta a domicilio a mascotas e animais de granxa, salón de peiteado con cita previa, auto-servizo de lavado de mascotas, tenda especializada, seguros e recollida de cadáveres. Ademais prestan servizos veterinarios de urxencia as 24 horas a todos os animais sexan domésticos ou de

granxa. O descanso das vacas e dos animais en xeral é o moi importante por iso no mercado hai un amplo abano de opcións que garanten o descanso como a area, o serrín, gomas, colchóns, palla..., as alternativas son moitas e variadas. Entre estas alternativas atopamos a área que **Cholo SL** ten na súa canteira da que se extraen áreas silíceas de diferentes grosores e varios tipos de saburra e que proporciona para as camas do gando. “Producimos unha area ideal para as camas de gando vacún e as pistas de hípicas, para iso contamos co asesoramento de persoal especializado na saúde dos animais como son os veterinarios, podólogos, etc.”, di Serafín de la Fuente, propietario da empresa. “A nosa area é de natureza silíceas procedente dun xacemento de orixe sedimentario e

as súas principais características son que a súa granulometría é de 0 a 2mm., sendo un 95% das partículas inferior a 1 mm. É una area fina, esférica e sen arestas, libre de materiais como ferro, aluminio, mica, etc... e de alta capacidade drenante”, engade de la Fuente. A area de Cholo SL mellora o benestar animal pola redución de factores estresantes, aumenta a produción láctea por un incremento do número de horas de repouso do animal, prevén a aparición de coxeiras e outros problemas podolóxicos como úlceras, abscesos, laminitis, etc. Acelara a recuperación de lesións, feridas e outras patoloxías. Así como favorece a hixiene e limpeza do animal e proporciona unha cama fresca e seca, por iso moitas granxas de toda Galicia e algunhas de Asturias mércanlle a area a el. Cholo SL é unha empresa fami-

liar afincada en Vilalba que conta cunha traxectoria de máis de 40 anos. Foi fundada por Serafín de la Fuente Cao avó, nome baixo o que desenvolveu a súa actividade ata 1986 cando pasou a denominarse Cholo SL, e agora está ao fronte da empresa a terceira xeración de Serafín de la Fuente, o seu neto. Esta empresa abarca tamén todos os ámbitos da obra civil e industrial; sendo as súas especialidades as urbanizacións, canalizacións de todo tipo, pavimentacións asfálticas, desmontes, centrais de produción enerxética. Contan cun amplo persoal cualificado e a un variado parque de maquinaria, para así “poder executar da maneira máis eficaz obras de todo tipo por medios propios”. Ademais, contan co servizo de alugueiro de contedores para residuos procedentes de construción, demolición e industriais non perigosos.



**CAIXA RURAL
GALEGA**

A nosa Caixa

www.caixaruralgalega.gal

Fasciola e necrose hepática

APUNTAMENTOS VETERINARIOS



Breixo González

Hoxe imos falar de dúas enfermidades que están relacionadas, e causan unha clínica complexa: son a Fasciolose e a hepatite necrosante

A fasciolose é unha enfermidade causada por un parasito chamado *Fasciola hepatica* que afecta principalmente aos ruminantes, aínda que tamén a outros animais domésticos e silvestres, e ao home. (polo que é unha zoonose) O verme adulto é aplanado en forma de folla, mide de 2 a 5 cm e localízase nos condutos biliares do fígado e produce un proceso inflamatorio que afecta ao estado xeral do animal podendo chegar a producir a morte.

Os ovos, eliminados ao exterior polas feces dos animais, eclosionan e penetran as larvas no interior dun caracol moi pequeno e cando esas larvas maduran, deixan o caracol para enquistar-



se na herba, plantas acuáticas e superficie da auga, e dá lugar ás metacercarias, (larvas con capacidade infectante) que son as responsables de que se infecten os animais cando as inxiren co pasto ou coa auga de bebida. En ovino e caprino, soemos ver a forma aguda

Fasciolose aguda:

Destaca a presenza de edema submandibular (abultamento debaixo da mandíbula), perda de peso e de brillo no pelo, a mucosa ocular pálida, baixa frecuencia respiratoria e febre, incremento do volume do fígado, debido a unha gran migración de larvas ou pola presenza dalgunha para-

sitose.

Pero outras veces vemos unha forma crónica ou subaguda.

Nela vemos un adelgazamento progresivo do animal, con perda de pelo e empeoramento xeral do animal, tamén as mortes por goteo sen causa aparente (da que falaremos das causas asociadas despois) e empeoramento da función reproductiva. Estas lesións no fígado, (asociado o viaxe das larvas, atravesando o fígado, fai posible unha infección secundaria por bacterias, que causa unha enfermidade coñecida como a hepatite necrosante

É unha enfermidade infecciosa, non contagiosa, que provo-

ca unha toxemia sobreaguda causada por *Clostridium novyi*. Afecta principalmente a ruminantes. Do mesmo xeito que a afección anterior é compatible a implicación doutros clostridios patóxenos neste proceso. A aparición de brotes de enfermidade nos rabaños adoita coincidir con parasitoses hepáticas debidas a fasciola, ou dicrocoelium). As bacterias, de localización intestinal, chegan ao fígado e causa situacións patolóxicas como a necrose producida pola migración de trematodos, as bacterias xerminan no fígado e liberan as toxinas. Clinicamente o proceso caracterízase por unha síndrome toxémica que consta de abatemento, apatía, dificultade respiratoria e signos de tipo nervioso. A morte ocorre en menos de 4-6 horas (curso sobreagudo). Na necropsia os cadáveres mostran unha rápida putrefacción, exudados sero-hemorráxicos en tecidos subcutáneos e cavidades, así como necrose hepática, sendo frecuente observar no fígado a presenza de parasitos ou de traxectos.

Afecta principalmente aos ruminantes, aínda que tamén a outros animais domésticos

RAZA GALIÑA DE MOS, A AUTÉNTICA!!!



GALIÑA MOS

Unha saborosa e apreciada ave

Esta especie atópase en perigo de extinción, pero dende Avimós intentan recuperala



A galiña de Mos tomou o seu nome do lugar de San Xiao de Mos, en Castro de Rei, onde se adquiriron en 1936 os primeiros ovos para comezar o proceso de uniformidade das galiñas que aparecían na comarca de Terra Chá e interior de Galicia. A partir da selección realizada na primeira metade do século XX expandiuse a toda Galicia. Hoxe en día, está repartida abundantemente por toda a rexión, predominando naquelas comarcas nas que destacara en tempos pasados. Nos últimos anos foron moitos os criadores doutras partes de España que adquiriron importantes lotes de exemplares, atopándose xa moi distribuída a nivel nacional. A **Granza Artesanal Chousa do Lea** conta con galos, galiñas, pulardas e polos que suman arredor de 400 animais da raza Galiña de Mos. Así, Jose Zapata, o seu dono, tamén é o socio número 6 de Avimos e socio fundador da mesma, e levan recuperando a raza dende fai máis de 20 anos. “Nos arrancam os arredor do ano 2000 con Avimos, formámola para a recuperación da raza Galiña de Mos. E naquel entonces

o director técnico e veterinario da asociación Diego Rois localizou uns 40 exemplares en toda Galicia, dos cales se fixeron una selección e da cal fíxose a reprodución ata aumentar o censo”, di Zapata, “pero sempre seguindo as pautas do director técnico ata ter un censo importante de exemplares que está a día de hoxe con máis de 7.000 reprodutores e que o ano pasado se comercializaron arredor de 23.000 aves”. Para que este animal se considere de esta raza leva un crotal na á dereita para identificalo, e ten que estar inscrito no libro xenea-

lórico da raza e é a asociación quen leva as altas e baixas. “Fixemos a recuperación pero aínda hoxe está en perigo de extinción. Ademais tiñamos outro hándicap, que as nosas explotacións eran galiñeiros sen regularizar e para o autoconsumo”, comenta Zapata. Por iso a través da asociación solicitouse a administración que regularizara todo isto. A finais do 2011 saíu un decreto de avicultura artesanal no cal lles permitiron ter os galiñeiros dados de alta con todas as garantías sanitarias. “Esto permite ter 50 galiñas de posta en cada gali-

ñeiro, outras 50 reproductoras e 400 cebos, ben sexan machos ou femias”, di Zapata, “a partir de ahí a xente viu isto como un complemento económico aos ingresos familiares tanto para a venda de ovo como para carne”. Hai que resaltar que Galicia conta con 177 explotacións artesanais das cales case un 40% están en Lugo provincia e a comarca da Chaira ten 16 criadores. Tamén foron avanzando día a día coas necesidades dos socios para poñer os produtos no mercado como foi a saída do ovo que ao principio non se comercializaba como hoxe en día.

A día de hoxe
hai 5 centros
de envasado
autorizados en
Lugo, dos cales
catro están na
Chaira



CONSTRUCCIONES
CHOLO



ARENA FINA 0-2 PARA CAMAS GANADO VACUNO E HIPICAS



982 510 611 – 639 30 56 33 / Ctra. Vilalba – Rábade, P.K. 10 – VILALBA (LUGO) / cholosl@cholosl.com



“O ovo ten que estar identificado cunha marcación, e para eso ten que pasar por un centro de embalaxe. E solicitamos á Administración esta necesidade, e ao final autorizáronos no 2015 uns centros de envasado do ovo que reúnen todas as garantías sanitarias para o consumidor final. A día de hoxe hai 5 centros de envasado autorizados en Lugo, dos cales 4 están Chaira”, engade José Zapata. “O mesmo nos pasa agora coa carne, porque non temos matadoiros adaptados

aos nosos métodos de cría, que cumpla as nosas necesidades de sacrificio. E é por iso polo que estamos traballando coa administración de novo para que nos autorize uns matadoiros nas nosas explotacións”, comenta Zapata. Así, se un restaurante pide un galo, poderáselles servir cunhas garantías hixienico sanitarias adecuadas e sen gastos extras para os criadores no tema de matadoiros externos. “Eu do que crío en torno a un 90% vai á restauración, e no

momento que pechou a hostalaría pola pandemia, en marzo do 2020, reducín as miñas vendas notablemente. Os produtores que sirven á hostalaría víronse moi afectados, todos vímonos afectados”, di Zapata.

“No meu caso intento comercializar o meu produto nas tendas máis próximas, non tratar con grandes superficies, prefiro o local e coñecer ao cliente e ver que valora o produto. A satisfacción persoal de ver a quen lle vendes e ver o que lle parece o produto e moi importante”.

Beatriz Canto e a súa nai Pilar Edrosa, atópanse a fronte de **Granxa As Minas** en Castro de Rei, una granxa extensiva que se adica á crianza da Galiña de Mos. “Os nosos animais teñen un cercado para que non entren as aliñas e así eles poden entrar e saír cando queren. Contan cunha moita zona verde para escarbar e sacar alimento”, di Beatriz, “aínda que colleitamos algún cereal como millo e trigo e elaboramos o seu pienso cuns valores de proteína e graxa equilibrados”. Nesta granxa intentan facer una crianza o máis natural e tradicional posible, así, “dámoslle pataca cocida, verza, cabaza, moita

hortaliza, ...como se se criaran na casa”, engade Canto.

Contan cunha produción dunhas 60 galiñas entre ovo e cría, e sobre 50 galos en cebo, que producen arredor de 270 ovos anuais e aínda que esta raza non produce como una galiña ponedora o seu ovo é moi apreciado culinariamente pois é máis rico. “Cando se frie, a clara ten moita menos auga e é máis densa e a xema e como máis melosa”, di Beatriz.

A Galiña de Mos “é unha galiña semi pesada, e una vez que rematan os seu ciclo aos 2 ou 3 anos segue tendo una carne moi apreciada, porque realmente é una raza de carne”, di Beatriz, por iso a pandemia afectoulles xa que “no tema dos galos a hostalaría era un bo cliente e ao estar pechada notámolo máis. Os galos e as carnes saíron á venta a particulares pero non é o mesmo”, remata Beatriz.

A ExpoDegustación da Galiña de Mos que se celebrou no 2019 acolleu tamén o Concurso-Exposición Comarcal da raza, que se celebra desde hai 10 anos e no que resultou gañadora unha galiña de Beatriz Canto e un galo de José Zapata.



CARACTERÍSTICAS

- Cresta en forma de chícharo con tres filas lonxitudinais de papilas de cor vermella.
- Plumaxe de cor leonada cun matiz vermello-caoba claro, con esclavina e caireles máis claros que o resto do manto.
- Na galiña a plumaxe do corpo é leonado, con esclavina de cor leonado intenso.
- Os galos teñen unhas cualidades cárnicas excelentes pola infiltración da graxa no músculo.
- As galiñas destacan pola súa aptitude na posta e calidade do ovo.

EN CAMPAÑA SERVICIO 24H.

MOTOSIERRAS Y DESBROZADORAS DUCATI



CORTACÉSPED CUB CADET



HERRAMIENTAS DEWALT



RECAMBIOS Y SUMINISTROS

RECAMBIOS EN GENERAL - HIDRÁULICA - NEUMÁTICA - JARDINERÍA - VENTA DE MAQUINARIA - SERVICIO DE REPARACIONES

Rúa do Freixo, P-53 - Pol. Ind. Sete Pontes, 27800 Vilalba - Lugo. Tel.: 982 831 105 - 609 392 656 - recambios@sesacar.com

USC

Do bo goberno da auga de rega

É imprescindible conservar os ecosistemas porque sustentan a nosa saúde e a nosa economía

Autores: Tomás S. Cuesta García, Director da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría da USC, e Xan Neira Seijo, Profesor Titular da USC.

Un ecosistema é un conxunto de organismos vivos que comparten un mesmo hábitat, por tanto, a concepción da especie humana

como dominador da natureza ten conducido a inevitables desequilibrios. Os servizos ecosistémicos, que resultan do propio funcionamento dos ecosistemas, son aqueles beneficios que un ecosistema achega á sociedade e que melloran a saúde, a economía e a calidade de vida das persoas. Son exemplos diso a produción de auga limpa, a formación de chan, a regulación do clima por parte dos bosques, a polinización, etc. É imprescindible conservalos porque sustentan a nosa saúde, a nosa economía e a nosa calidade de vida. Cando non somos capaces de conservalos, a súa degradación conduce a prexuízos significativos no benestar humano. Adoitan utilizarse como indicadores da calidade da nosa interacción coa contorna.

Existen catro tipos distintos de servizos ecosistémicos, segundo o beneficio que ofrezan:

1. Os servizos de aprovisionamento son aqueles referidos á cantidade de bens ou materias primas que un ecosistema ofrece, como a madeira, a auga ou os alimentos.
2. Os servizos de regulación son aqueles que derivan das funcións clave dos ecosistemas, que axudan a reducir certos impactos locais e globais (por exemplo a regulación do clima e do ciclo da auga, o control da erosión do chan, a polinización...).
3. Os servizos culturais son aqueles que están relacionados co tempo libre, o lecer ou aspectos máis xerais da cultura.



Táboa 1. Producións medias en Terra Chá en secaño e regadío de millo e pradería.

Cultivo	Millo	Pradería
Produción secaño (t MS/ha)	16,93	15,74
Produción regadío (t MS/ha)	25,69	20,45

Táboa 2. Probabilidade de dose neta de rega nun cultivo de millo en Terra Chá

Probabilidade de dose neta, anos aos que corresponden, precipitacións durante o ciclo de cultivo de millo, reserva hídrica inicial e exceso hídrico durante o ciclo					
Probabilidade %	Dose neta (l/m ²) ou (mm)	Ano	Chuvia (mm)	Reserva inicial (mm)	Precipitación exceso (mm)
4	297	1981	298,5	100	125,2
36	239	1963	187,6	86,4	0
68	180	1966	369,7	100	61,4
96	60	1977	438,3	81,9	92,9

4. Os servizos de soporte, como a biodiversidade e os procesos naturais do ecosistema, que garanten boa parte dos anteriores. Estes servizos, por tanto, combinan a preservación do medio natural á vez que se fai un uso e desenvolvemento sostibles. O sector da agricultura é recoñecido como o maior usuario de auga no mundo. A agricultura utiliza actualmente no mundo entre o 60 e o 70% da auga doce, unha cifra que pode incrementarse até un 19% en 2050 segundo a UNESCO. Dentro da agricultura, o uso da auga nas operacións de rega é o sobranceiro. A auga, se ben non está sometida a esgotamento a nivel global, pode ser escasa e contaminada a nivel local, ademais adoitase a non utilizar eficientemente. Isto motiva a urxente necesidade de mellorar a eficiencia do uso da auga e o rendemento dos cultivos baixo rega.

DO GLOBAL AO LOCAL. Baixando do global ao máis local, podemos tomar como referencia o goberno da auga de rega na Terra Chá Hai anos o debate era se cumpría a rega na zona húmida, co paso do tempo este xa non é o debate, a necesidade e a utilidade da rega xa é maioritariamente aceptada. Na Táboa 1 podemos observar a comparativa entre secaño e regadío coas dúas producións máis representativas.

A marxe de beneficios custes sae do orde de 500 €/ha. Así pois a rega é unha opción a considerar. Algunha das comunidades de regadores da zona (Rio Miño-Rio Pequeno) dispón desde hai máis dunha decena de anos, de obras

de modernización, que lle permiten o goberno máis racional da auga. Este bo goberno é importante desde o punto de vista económico, mais tamén o é desde o punto de vista social e ambiental, como anteriormente se puxo de manifesto ao referímonos aos servizos ecosistémicos. Interpretar correctamente que cantidade de auga a aportar pode ter unha compoñente da experiencia do regador, mais para complementala é aconsellable a incorporación de ferramentas técnicas que axuden na elección máis axeitada da dose. Na Táboa 2 presentase, para unha serie climática de 30 anos -dos 60 aos 90 do pasado século-, un calendario probabilístico de necesidades de rega.

QUE LECTURAS SE PODEN FACER DESTES DATOS?

- A grande variabilidade das doses netas de rega a aportar, que van desde o entorno de 60 a 297 l/m² anuais.
- A importancia de cuantificar as precipitacións estivais e non traballar con calendarios medios de rega anuais.
- Que aínda existindo precipitación en "exceso", isto non determina en absoluto a inoportunidade da rega. De feito para a serie considerada a rega, en maior ou menor contía, sempre era unha oportunidade.

Cómpre regar do mellor xeito, para iso é precisos coñecer o noso solo, saber cal é a dose a aportar, coñecer o calendario do cultivo e utilizar os datos climáticos para satisfacer as demandas dos cultivos.

USC ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA

Títulos Universitarios Oficiais (4 anos)

- Grao en Paisaxe (Xunto coa Universidade de A Coruña)
- Grao en Robótica (Mención Robótica Agroforestal)
- **DOBRE GRAO:** Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e Enxeñaría Forestal e do Medio Natural

Infórmate

Teléfonos: 982823008 | 600940161 | ecps.direccion@usc.es | www.usc.es/es/centros/epv/
Escuela Politécnica Superior de Enxeñaría, Rúa Benigno Ledo, s/n. | 27002 Lugo

ESTUDOS AGRARIOS

O IES Terra Chá de Castro de Rei ofrece formación técnica para o futuro do rural galego



O IES da Terra Chá José Trapero Pardo, ubicado en Castro de Rei, conta cunha ampla oferta educativa en actividades agrarias, é un dos centros de formación máis destacado neste ámbito. Conta con tres ciclos formativos, un de FP Básica en actividades agropecuarias, un ciclo de Grao



Medio en Aproveitamento e conservación do medio natural e un ciclo de Grao Superior en Xestión forestal e do medio natural. Estes ciclos capacitan aos seus alumnos en operacións e actividades agrogandeiras como son os cultivos agrícolas, o manexo do gando, a repoboación forestal, a conservación ambiental, ou a prevención de incendios entre outras moitas. “Todos estes cursos de FP son continuos, é dicir, pódese rematar un e comezar outro sen ningún problema”, di Óscar Engroba o vicedirector do centro, “contamos con bastantes alumnos, este ano o número en FP Básica é de 10, en 1º do CM son 8 e en 2º 5 alumnos; o CS está practicamente completo e en 1º hai 18 alumnos

e en 2º 20. Estamos incrementando o número, este é o terceiro ano que se está a facer o Ciclo Medio”. Estes estudos teñen bastantes saídas profesionais “entre o 60% e o 70% dos rapaces que rematan os ciclos medio e superior atopan traballo relacionado co sector no primeiro ano despois de rematar”, di Engroba, “o que pasa que no CS ultimamente entran moitos rapaces para acabalo para ser axentes forestais, xa que para este posto hai que ter o Ciclo Superior de Forestais e incluso agora estanse anotando moitos traballadores que xa son axentes forestais porque precísano para ser do grupo B e agora mesmo son do grupo C, é dicir, aumentar

de categoría. Por iso quizais estamos tendo moitos rapaces, digamos reciclándose para aumentar de escala no caso da Xunta ou para futuras oposicións”. En Galicia hai moita demanda de traballadores forestais, “sobre todo especializados en manexo de maquinaria pesada como procesadoras, autocargadores, etc. hai moita demanda en traballadores de monte”, engade o vicedirector. O IES da Terra Chá conta cunhas instalacións de primeiro nivel que inclúen tres invernadoiros, umbráculo, taller agrario, almacén de maquinaria, e fincas exteriores para a realización das practicas. Os alumnos tamén fan visitas e traballos en diferentes lugares, nesta tempada os de primeiro de FP Básica estiveron a facer un horto para que disfruten os nenos de Educación Infantil do Veleiro do Campo. E o alumnado de segundo curso de Ciclo Medio e do Ciclo Superior visitou ao centro de coordinación provincial de incendios (CCP) con demostración de uso de drones e visita a GUIFOR (distribuidor John Deere de maquinaria forestal).




LEADER 2014 – 2020

Próxima apertura de convocatoria de solicitudes de axudas



Se tes un proxecto, Chámanos!

Asociación Terra Chá (GDR-2)
Rúa Carmiña Prieto Rouco s/n
27800 - Vilalba
Telf/Fax: 982 52 30 13
terrachanaturalmente@gmail.com



AS MELLORES FERRAMENTAS

Chega o tempo de amañar o xardín

Agrícola Veres, de Guitiriz, conta con máis de 30 anos de experiencia no sector, e cunha ampla variedade de maquinaria agrícola gandeira, forestal e de xardinería nova. Ademais, dispoñen dunha sección de ferramenta usada nas mellores condicións de calidade e prezo e contan con taller propio especializado que garante un óptimo servizo postventa, así como unha sección de recambios.

Dende Veres están moi a favor das ferramentas con batería pois son "menos ruidosas, non contaminan tanto, afórrase combustible e despois é moi práctico por se esquezemos mercar a gasoliña para as nosas máquinas".

Cortasetos Stihl HSA 86 con batería integrada



O cortasetos HSA 86, está caracterizado por ser potente e á súa vez silencioso. Dispón de maior distancia entre dentes (33 mm) para un maior agarre á hora de cortar as ramas ou setos, e con con dobre

coitela de dobre fío. É a máquina ideal tanto para xardinería como paisaxismo, ademais pódese seleccionar a potencia necesaria grazas ás súas distintas opcións de baterías.

Podadora de altura de batería Stihl HTA 86



A podadora de pértega inalámbrica ten unha lonxitude total de ata 390 cm, unha valiosa axuda para o traballo e para o coidado cómodo de árbores de altura media. Xardineiros e paisaxistas, especialistas forestais, concellos e mesmo afeccionados ambiciosos beneficianse da alta ergonomía grazas ao eixo telescópico cadrado estable. Conta cun manguito de suxeición xiratorio pode aumentar facilmente a lonxitude do eixo ata 120 cm segundo as súas necesidades.

Motoserra Stihl MS 500i



A motoserra do futuro é xa unha realidade. E a primeira motoserra Stihl con tecnoloxía de inxección e é a mellor do mercado en canto a relación peso/potencia e manexo. Ideal para o corte de

madeira dura e consegue isto grazas ao seu concepto único de construción lixeira e a excelente aceleración. A bomba de inxección mantén constante a presión do combustible. Iso asegura que

haxa suficiente combustible á presión óptima dispoñible para a válvula de inxección de acordo co estado de funcionamento nese momento. Conta cun novo tope de garra, filtro HD2, porca imperdible na tapa de protección da cadea que facilita a substitución da mesma, bomba de aceite regulable e peches de depósitos sen ferramentas. Ten efecto memoria, sendo capaz de lembrar (e replicar) os parámetros da última sesión de traballo.

Tractor cortacésped Stihl 5097z



Potente tractor cortacésped con motor de dous cilindros que conta cun cómodo asento axustable ao tamaño corporal do usuario. Todo o ten a man: o cambio da dirección de marcha adiante/atrás á beira do volante, o axuste da altura de corte, o embrague

de coitela e a panca para baleirar comodamente o recolledor de herba. Manexando un pedal e a dirección lógrase unha comodidade impensable ata o de agora na conducción, as maniobras e o corte do céspede deste tipo de máquinas.

Motoazada Bertolini 205 S



A nova motoazada Bertolini foi deseñada para particulares, agricultores e profesionais, e combina facilidade de uso, potencia e excelentes prestacións. Con dúas marchas adiante e unha cara atrás para unha perfecta maniobrabilidade e máxima comodidade de uso. Inclúe roda

de transporte. As fresas son de 85 cms de ancho (3 + 3 coitelas) e guiador axustable a diferentes alturas. Esta motoazada foi pensada para proporcionar un gran rendemento e combinalo coa súa belísima estética tan rechamante propia da marca. Conta con motor Emak.

QUEIXEIROS

A Feira do Queixo de San Simón seguiu viva na rede

A pandemia deixou un ano máis sen a súa tradicional celebración na Praza da Constitución de Vilalba

Dende hai 25 anos con abril chegaba a Vilalba a Feira do Queixo de San Simón da Costa. De novo, este 2021 quedou sen a súa tradicional celebración na praza da Constitución a causa da situación epidemiolóxica. Javier Piñeiro, membro da Asociación e dono da queixería As Fontelas, explica que a decisión foi tomada entre a Asociación de Queixeiros e o Concello hai tres meses aproximadamente, “tal como estaba a situación sanitaria daquela e valorando como podería ser a evolución ata abril, estimamos que sería moi arriscado intentar levar adiante algo parecido ao que é unha Feira do Queixo tradicional. Hai que ter en conta que damos o queixo a probar e xuntase moita xente”. Nos seus inicios, “a Feira era un complemento económico importante para as vendas

dos queixeiros no mes de abril porque o volume das queixeiros era máis pequeno, hoxe en día a Feira é bastante máis relevante pola promoción e a imaxe que lle da ao queixo”. Para non deixar de lado esa publicidade e difusión do sector, a Asociación de Queixeiros e o Concello buscaron unha alternativa, “decidimos trasladar a Feira á rede. As redes sociais hoxe en día son unha maneira de dar a coñecer as cousas e fomos artellando os pequenos eventos en liña. Fixémolo sobre todo para que a xente se de conta de que seguimos aquí e que se vexa que a Feira segue viva”. Do 31 de marzo ao 4 de abril tivo lugar a celebración virtual da Feira. A súa programación comezou coa presentación dun vídeo promocional da Asociación, os seguintes días varios restaurantes da capital chairega compartiron mediante vídeos diferentes elaboracións utilizando o queixo e, para finalizar, o domingo presentouse unha revista de receitas e déronse os gañadores do concurso de receitas que se propuxo tamén dende a organización. “Houbo



moita participación, os restaurantes implicáronse facendo os vídeos para explicar as receitas e xente particular tamén participou de maneira bastante considerable no concurso de tapas. Na revista atópanse receitas de cociña que aplican o queixo á cociña normal e corrente, restaurantes coñecidos da vila explican perfectamente como facelo. Invítanos a manexar os fogos e hai un pouco de todo, receitas máis de deseño ou tradicionais, pero accesibles a todo o mundo. Quedou un libro bastante bonito, pensamos editar outro e poder melloralo se podemos”.

O sector do queixo viuse afectado en certa parte pola situación de pandemia, “nos atendemos a dous tipos de mercado, por unha parte a hostaleira e tendas orientadas ao turismo e, por outro lado, as tendas de comestibles e os supermercados. A este segundo sector non lle afectou nada, aguantase os números de hai dous anos pero si aos restaurantes, hoteis ou as tendas

orientadas ao turismo coma hai moitas en Santiago, aí si que houbo un baixón importante. En certos meses á exportación tamén lle afectou. Máis ou menos podemos estar nun 30% de vendas menos que un ano normal, aproximadamente. Afortunadamente son vendas que se están recuperando pouco a pouco”. Para seguir fomentando a recuperación do sector, a Asociación non descarta seguir activa na rede con máis eventos, “é posible que se fagan máis cousas a través das redes sociais este ano, é unha canle boa para facer cousas deste tipo, receitas e outro contido que están no tinteiro para promocionarnos. Aproveitando que non se fixo a Feira, non se desbota facer novas cousas con este tipo de medios durante este ano”. Aínda así, nada substituirá a tradicional celebración da Feira, “para o ano, se se pode, volveremos a celebrar a Feira coma sempre, pero ata entón buscaremos que a xente siga participando con nos”.



Mercontrol
Agroalimentaria

FITOSANITARIOS, ZOOSANITARIOS
VENDA DE PENSOS, ABONOS, CEREAIS, SEMENTES
POLOS, POÑEDORAS
ALIMENTACIÓN, FERRETERÍA
XARDINARÍA
MENAXE, FOGAR

Blona
Polígono Industrial de Rábade, Rúa B-Parcela 13
Tfno. 982 390 857

SERVIZOS

Os mellores profesionais para axudar no agro

O rural conta cun amplo catálogo de servizos agropecuarios e de alimentación animal

Xelda eido rural é unha empresa ubicada en Meira no 2008 que conta cun equipo de enxeñeiros agrónomos e agrícolas vinculados co rural e que traballa desde o rural.

Procuran a dinamización do medio rural mediante a estimulación e a creación de novas iniciativas económicas, realizando o deseño de proxectos innovadores, sustentables e transversais que promovan un verdadeiro desenvolvemento rural. “Traballamos tamén na mellora dos servizos e infraestruturas existentes no territorio mediante

o traballo coa poboación que reside nas zonas rurais, coas administracións públicas e outros axentes implicados co rural”, di o seu xerente Óscar Fernández. Realizan proxectos de todo tipo relacionados coas actividades agrogandeiras, dende a idea inicial, redacción do proxecto, dirección de obra, ate o remate



A xente aproveitou o confinamento para mudarse ás aldeas ou ás casas de campo, e comezaron a facer hortos ou mercar polos

final. “Asesoramos aos clientes aportando solucións técnicas e constructivas que faciliten o proceso produtivo e a realización das obras”, engade Fernández. “Tamén axudamos na tramitación de axudas como as do PAC, e agora estamos a facer moita topografía para as plantación”, di Óscar, “aínda que tamén levamos máis proxectos para os Grupos de Desenvolvemento Rural, Concellos e outras administracións públicas como poden ser guías de recursos patrimoniais ou folletos”.

A este negocio non lle afectou demasiado a pandemia pois aínda tiñan carga de traballo anterior, pero eso si “notamos que a nivel de xente na oficina, esta estivo moi tranquila”.

Mercontrol de Rábade é una empresa que se dedica á venda de piensos, produtos agrícolas, fitosanitarios, cereais, plantas e todo o necesario para o campo. “É unha tenda de confianza especializada en servir todo o necesario para o campo”, di o seu propietario Jesús Lamas, “estamos en Rábade desde 1997, pero mudamos do centro do puebo ao polígono xa que necesitábamos máis espazo”.

“Nós somos distribuidores de pienso, abono, cereais, semen-

tes, polos de engorde para criar nas casas, galiñas poñedoras, ferramentas para o mantemento do campo e agora aumentamos e puxemos un apartado de alimentación, fogar, menaxe e xardinería”, di Lamas.

Son moitos anos os que levan na vila por eso a xente da mesma e de concellos limítrofes xa os coñece pola súa excelente calidade e trato. “Estamos no medio da Chaira e temos clientes de Begonte, Outeiro, Cospeito, Guitiiriz e algún de Lugo. E o cliente sempre ten a razón e sempre hai que servilo o mellor posible”, engade o propietario.

“Agora mesmo vendemos moitos pitos e nestes tres meses de primavera e o que vén de verán véndese moito a planta de horto como os tomateiras, pementeiros ou cebolas, e no tema de gandeiría vendemos moito o penso”, di Lamas.

A este sector a pandemia non lle afectou tanto como a outros pois a xente aproveitou o confinamento para mudarse ás aldeas ou ás casas de campo, “a xente viuse con terras e comezaron a facer hortos, ou mercar pitos para ter na casa. Por iso nese sentido si que nos beneficiou”, remata dicindo Jesús Lamas.



Neumáticos VILLALBA



VENTA Y REPARACIÓN DE NEUMÁTICOS
 ALINEADOS DE DIRECCIÓN
 RECARGA AIRE ACONDICIONADO
 CAMBIOS DE ACEITE Y FILTROS
 DISCOS Y PASTILLAS DE FRENO
 AMORTIGUADORES
 RÓTULAS DE DIRECCIÓN
 LLANTAS
 BATERÍAS
 ACCESORIOS



CREDIT

Financia tus compras sin intereses

DAMOS SERVICIO A LAS MEJORES COMPAÑÍAS DE RENTING

LUNES A VIERNES DE 9:30 A 13:30 Y DE 15:30 A 19:30

SÁBADOS DE 10:30 A 13:30

Teléfono y Fax. - 982 51 11 28
Av. Galicia, 83 bajo - 27800 VILALBA (Lugo)

www.neumaticosvillalba.es
www.facebook.com/neumaticosvillalba



“Estanse a pechar os acordos na UE, sobre a PAC a partir de 2023, e son moi importantes”

M^a Carmen Bermúdez Lodeiro, secretaria da Xunta Directiva e socia traballadora como administrativa

O Gabinete Técnico Agropecuario Terra Chá é unha cooperativa formada por profesionais cunha ampla experiencia no asesoramento á explotacións agrarias. Na actualidade conta con cinco persoas socias e presta ás explotacións que o demanden o seu asesoramento e un amplo abanico de servizos veterinarios e de enxeñaría agrícola.

Como xurdiu este negocio?

O Gabinete Técnico Agropecuario Terra Chá, sociedade cooperativa galega, nace en xuño de 2001, por iniciativa de catro profesionais, dous veterinarios, unha enxeñeira técnica e unha administrativa. Coñecíamonos todos por ter traballado xuntos anteriormente, e todos xa tiñamos experiencia previa na atención a explotacións gandeiras. Nace este negocio pola necesidade que todas tiñamos de atopar un traballo que nos permitira conciliar vida laboral e familiar, e co obxectivo da mellora na calidade de vida de cada socio. Logo fomos aumentando os socios, e en 2009 fusionámonos con Alén Terra Chá, e entón xa eramos cinco veterinarios, dúas enxeñeiras técnicas, unha administrativa. A data de hoxe, 20 anos máis tarde, temos catro veterinarios, tres enxeñeiras técnicas agrícolas, unha graduada social e unha administrativa.

Canto tempo levan funcionando?
Dende xuño de 2001. Xa fai 20 anos!

Que tipo de servizos prestan?

Estamos inscritos e autorizados como entidade de aconsellamento, empresa autorizada para a formación en benestar animal e en manipulador de fitosanitarios, entidade de identificación gando vacuno, ovino e caprino, entidade autorizada para identificación de cans e cabalos e entidade autorizada para a tramitación de axudas PAC.

E servizo de enxeñaría?

Ademais de servizos de enxeñe-

ría técnica agrícola que inclúe estudos técnico-económicos de viabilidade de explotacións agrarias. Proxectos de obras agrícolas, naves, alpendres, silos, etc... Formación técnica, organización e organización de charlas e cursos. Medición e deslindes de fincas, tramitación de axudas a actividades agrarias, a rehabilitación de vivenda rural, e a creación de asociacións e sociedades no ámbito rural-xestión de Caderno de explotacións. Axudamos cos Plans de mellora e incorporacións de mozos ao agro, os trámites co catastro, impostos de sucesións e transmisións, etc. Preparamos a documentación para levar a notaría, para compravendas, partillas, herdanzas, adxudicacións, segregacións e agregacións de parcelas rústicas. Trámites co SILEGAL (Banco De Terras Galego) e ocupámonos de todo o relacionado co rural, non so co agro, senón todo o que ten que ver co medio rural.

No tocante a asesoría fiscal agraria?

Facemos declaracións da renda, declaracións de IVE, sucesións, doazóns e transmisións patrimoniais, e contabilidade. Constitución de sociedades, e declaracións fiscais de sociedades, Sat e Coop. Asesoramos e tramitamos a creación de Sats e CUMAs. Tamén trámites coa seguridade social. Altas réxime especial agricultura, solicitude de prestacións Invalidez Temporal, partas DELTA de accidentes de traballo e solicitude de axudas.

Que zona cobren?

A maioría dos nosos clientes son da comarca da Terra Chá, pero temos clientes por toda a provincia de Lugo, e en concellos limítrofes á Coruña.

Contan cun servizo veterinario?

Si, temos servizos veterinarios de clínica e urxencias, menciña preventiva en xestión da reprodución de gando vacún, podoloxía clínica,



programa de mellora da calidade do leite, temos programas hixiénico-sanitarios de ADS, identificación de gando bovino, ovino e caprino e de cans e cabalos.

Cales son os máis demandados?

En veterinaria o servizo de clínica, e programas hixiénico sanitarios de Adsg.

En enxeñaría técnica agrícola, a tramitación de axudas PAC, asesoramento técnico ás explotacións, plans empresariais para incorporacións e plans de mellora.

En asesoría fiscal, rentas, IVE, contabilidades, sucesións, transmisións, etc.

Cambiou o traballo nestes últimos tempos por mor da pandemia?

O 2020 foi un ano moi complicado, porque tivemos a oficina pechada nos confinamentos, e logo só atendemos en oficina con cita previa, e mantendo as distancias e evitando aglomeracións de xente na mesma.

Non se puideron facer reunións

con asociacións, gandeiros, etc., nin organizar cursos de formación presencial.

Este feito, e que o sector agrario pasa por unha crise, por prezos baixos, etc., fixo que tivéramos unha importante caída en servizos prestados. No 2021 seguimos tendo as mesmas normas.

Cales son as últimas novidades do sector?

O sector agrario pasa por unha crise de prezos e con dificultades en moitos casos de colocar as producións nos mercados debido a esta crise pola pandemia.

Estanse a pechar os acordos na UE, sobre a PAC a partir de 2023, e son decisións moi importantes para o agro.

Que proxectos ten de cara ao futuro?

Cara o futuro, Gabinete Técnico, quere manterse con todos os traballadores, e seguir tendo un servizo profesional e de calidade, tanto a agricultores, gandeiros, como a poboación do rural en xeral.

O 2020 foi un ano moi complicado, e o sector agrario pasa por unha crise, por prezos baixos.

Aira, a túa tenda agraria de confianza




Atopa en AIRA os servizos agrarios e o que precisas no teu día a día.







Visita as nosas tendas agrarias en Friol e Pol

POL - Rúa de Castelao s/n. 27270 Pol (Lugo)
Tfno.: 982 345 915

FRIOL - Finca As Coutadas s/n. 27220 Friol (Lugo)
Tfno.: 982 375 249

HORTA

A primavera amosa o máis belo do campo

Chega abril e é o momento de plantar todo aquilo que se quere cultivar durante o verán

Xa está aquí abril e a primavera e este é o momento perfecto para cultivar os tomates, as coliflores, as cabaziñas, melóns ou sandías entre outros. Pero tamén chegou para quedarse a moda de cultivar a propia comida nos hortos urbanos ou nos pequenos xardíns e a xente estase animando moito a poñer pequenas macetas nas xanelas coas **herbas aromáticas** como a albahaca, ourego ou perexil, e así desfrutar coa satisfacción de ver os primeiros brotes e o sabor inigualable do propio cultivo. O máis aconsellable é colocalas nas xanelas orientadas cara ao sudoeste ou sudeste son as ideais. E hai que lembrar que non hai que coller dunha sentada máis dun terzo do volume da planta ou repercutirá negativamente no seu crecemento, é mellor facer podas pequenas de forma regular ou collelo xusto para engadirlle o toque a cada prato. Aínda así, o máis importante é non confiarse coas boas temperaturas pois a primavera trae moitas xeadas que estragan os hortos e as árbores e os caracois, xa que son uns amantes dos brotes tenros.

Por outra banda, aínda falta para que unha gran parte das árbores froiteiras den os seus froitos, pero se se quere que os exemplares estean sans e vigorosos para entón, o inverno foi o tempo perfecto para darlles uns cantos coidados

específicos.

Tamén depende da zona de plantación e do clima, algunhas das especies que recomentan para a nosa terra son a **cerdeira**, que é unha árbore cuns froitos moi apreciados no verán que se planta na primavera sobre un chan fértil e con boa drenaxe. En 6 anos estará totalmente maduro e os especialistas recomentan deixar un espazo de 5 metros á redonda para darlle espazo para o seu crecemento. Outra gran vantaxe desta árbore é a súa preciosa flor. O **ameixeiro**, que é outra especie moi típica en Galicia, é perfecta xa que se adapta a climas tépedos e fríos. O único que pode afectarlle son as xeadas tardías, esta árbore é a que antes florece (a principios da primavera) e unha xeadada neste momento si pode facerlle dano. O **albaricoqueiro**, que aínda que é de orixe asiática, pode sacarse adiante tamén aquí. Haberá que plantalo na primavera, nun lugar asollado e un pouco resgardado das choivas, por exemplo arrimado a un muro. Pero o que si necesita é un chan ben abonado e auga unha vez á semana.

As **maceiras** cultívanse en todo o mundo e ademais hai unha ampla variedade de mazás. As flores saen en primavera ao mesmo tempo que brotan as follas e o froito madura a finais do verán ou no outono. Esta é unha árbore moi socorrida para os xardíns.

Neste tempo é moi recomendable plantar moitas **flores comestibles**, que están moi de moda, como os pensamentos, as caléndulas, os xeraniums, ou as flores dalgunhas plantas como as da cabaciña ou do ceboliño.

Estas son ricas en vitaminas, teñen propiedades medicinais e aportan sabores distintos e novos ás ensaladas.



O bo tempo dá ganas de saír ao campo e desfrutar dos froitos e as prantas comestibles

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas



San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138



Patatas ©
Vilalba, S.L.

Tels.: 651 037 211
982 512 542
Polígono Industrial
27800 VILALBA (Lugo)

COOPERATIVA

Aira, os servizos a carón do agro

A cooperativa ofrece na comarca resposta ás necesidades agrogandeiras e do día a día

Atender as necesidades que se presentan no agro ós gandeiros e produtores é un dos motores fundamentais da cooperativa Aira, que conta con máis de 2.500 socios, boa parte deles na provincia de Lugo. Delegacións e tendas como as que a cooperativa ten en Friol e Pol buscan ofrecer unha resposta de proximidade tanto no ámbito agrogandeiro, como naqueles produtos que se precisan no día a día. Son un punto de venda no que, tanto os socios da entidade agrogandeira como outros clientes, poden atopar todo aquilo que precisan relacionado co agro.

As dúas delegacións integran un almacén agrícola e tenda agraria que se complementa cun amplo abano de servizos en cada un dos territorios. O obxectivo é proporcionar unha resposta directa, eficiente e de proximidade dende a cooperativa. Ambas delegacións dispoñen de asistencia técnica agrícola de calidade, así como un servizo de substitución pensado para contribuír a que a actividade gandeira e no agro permita unha maior conciliación. Tampouco falta o asesoramento veterinario, indispensable para as ganderías. Ó estar tan vinculadas co campo, ambas tendas teñen unha gama de produtos relacionados coas campañas gandeiras e agrícola-

las como o ensilado, o millo ou o abonado. Á marxe tamén dispoñen dunha ampla oferta de planta de horta certificada e proporcionada por distribuidores locais. Son ademais dous puntos nos que poder adquirir galiñas poñedeiras ou pitos.

MÁIS QUE UN ALMACÉN

AGRARIO. O abano de servizos complementase en cada un dos municipios con outras prestacións igual de necesarias. A delegación da cooperativa en Friol, situada na Finca As Coutadas, dispón ademais dun Mercarural, un tipo de tenda con identidade propia impulsada no seu momento pola cooperativa de segundo grao Delagro, da que forma parte Aira. Esta tenda ofrece tanto produtos agrarios como de consumo. Cunha superficie de máis de 300 metros cadrados, a tenda dispón dunha oferta variada en artigos agrarios, así como un bricolaxe e roupa de traballo que se complementa cun espazo dedicado a alimentación e droguería. A delegación de Friol conta cun Mercarural, que ofrece produtos relacionados co agro e de alimentación, e gasoleira para os socios

A súa disposición, cun corredor central polo que se avanza ata a zona de alimentación, situada ó final da tenda, facilita o acceso e a localización das distintas seccións e oferta da tenda. Trátase dun modelo semellante ó empregado polas grandes cadeas de distribución que permite ó cliente ter unha visión rápida e cómoda dos produtos. A delegación de Friol conta, ademais, cunha gasoleira de uso exclusivo para os socios da cooperativa,



con prezos moi competitivos nos distintos tipos de carburante. A tenda agraria de Aira en Pol, situada na rúa do Castelo, procura tamén ofrecer importantes servizos agrarios. A cooperativa

ten nesta delegación un dos parques de maquinaria co que afrontar os traballos agrícolas que o socio precisa, sobre todo aqueles relacionados coa produción de forraxes.



xelda
EIDO RURAL

Proxectos e Direccións de Obra: Agrogandeiro e Agroindustrial
Asesoramento e tramitación de Plans de Mellora e Incorporacións
Topografía: Subsancións catastrais, segregacións, deslindes,...
Entidade de Aconsellamento e tramitadora de PAC
Consultoría técnica; asesoramento en subvencións, expropiacións,...
Proxectos de desenvolvemento rural (guías, mapas, rutas,...)
Elaboración de inventarios, catálogos, deseño de servizos municipais

• ENXEÑERÍA • GANDERÍA
• DESENVOLVEMENTO RURAL

Rúa San Roque, nº 2 - baixo • 27240 MEIRA (Lugo) • Teléfono: 982 356 979 • www.xelda.es

CLINICA VETERINARIA GARFIELD

- Servizos veterinarios
- Servicio de urgencias
- Peluquería canina
- Autoservicio lavado de mascotas
- Consulta a domicilio
- Recogida de cadáveres
- Tienda especializada
- Seguros de mascotas

Tfno.: 981 451 926 - URGENCIAS (24h) 610 360 068
Avda. de Lugo, 3 Bajo - 15320 As Pontes de García Rodríguez (A Coruña)

NOVAS

Denuncia que o PP está a boicotear “a súa propia moratoria do eucalipto”

A ORGACMM e Ecoloxistas en Acción denuncian que o Partido Popular presentou enmendas á súa propia lei de “Recuperación de terras agrarias” para que a “Moratoria do eucalipto” anunciada polo Goberno galego e incluída nesta lei quede nun mero anuncio sen capacidade de revertir a situación.

Ambas organizacións sinalan que a Xunta de Galicia anuncio a “Moratoria do eucalipto” como unha medida eficaz para a plaga do eucalipto que asola os montes galegos. Semellaba que o Goberno galego por fin asumía o alcance do problema económico e ambiental da propagación do eucalipto e en consecuencia promovía medidas correctoras, pero, sinalan, o sesgo das enmendas do Partido Popular o seu propio borrador de lei deixan claro que os seus propósitos difieren do anunciado coa “Moratoria do eucalipto”.

Ecoloxistas en Acción e a Organización galega de comunidades de montes sinalan que de aprobarse as enmendas presentadas polo Partido Popular ao seu propio borrador da lei de Recuperación de terras agrarias poderanse seguir repoboando con eucalipto aqueles montes que no seu plan de ordenación contemplan este tipo de plantacións ou naqueles montes que



no momento de entrar en vigor a moratoria estén tramitando o plan de ordenación. Denuncian que así o que fai a moratoria e garantirlles ás empresas a superficie de eucalipto que hoxe teñen. Sen importar se estas plantacións están en terras agrarias ou en zonas con protección ambiental.

“Estas enmendas convierten a moratoria nun burdo engano, xa que permitirían que naqueles montes onde o eucalipto supere o 50% da masa forestal sexa plantada toda a supercicie por esta especie invasora eliminando as restantes” -alerta Catalina Coya voceira de Ecoloxistas en Acción- “Así esta moratoria do Partido Popular non vai reducir o número de hectáreas de

eucalipto, senon que permitirá que aumente”.

Denuncian, ademais, a trampa que sería permitir que naqueles montes onde a plantación dominante é o eucalipto se poda trasladar a outra superficie do mesmo monte a masa de eucalipto substituída por outra especie. Deste xeito se os titulares do monte queren plantar outras especies poden plantar a mesa superficie do eucalipto eliminado en outra superficie do monte. Advirten que así a moratoria non elimina superficie de plantación de eucalipto, só os cambia de lugar.

“Cousa distinta sería se parello ao cumprimento da moratoria a Consellería do Medio Rural realizara unha ordenación das plantacións de eucalipto que contemplara entre outras cousas a retiradas desta especie nas zonas agrícolas, agrarias ou de protección ambiental” -declara Jose Pereira, presidente da Organización galega de comunidades de montes- “Esta ordenación da plantación de eucalipto tería que entrar en vigor no mesmo momento no que rematase a moratoria e ademais debería, nas zonas susceptible de plantación de eucalipto, ir destinando superficie para producir madeira de calidade”.

UU.AA. reclama a intervención pública para frear “os abusos”

“O custo medio de producir un litro de leite en España é de 35 céntimos. As administracións teñen eses datos: saben canto cobran os produtores, canto pagan as industrias e cal é o prezo de venda ao público. Non se pode permitir que os gandeiros do estado cobren de media 34 céntimos; e en Galicia 33. Alguén terá que explicar por que o simple feito de atravesar a ponte que une Ribadeo con Vegadeo fai que dunha banda o leite se cobre a 0,36 e da outra a 0,33”. Así falaba o responsable de Coordinación Sectorial e Área Externa de Unións Agrarias. Que reclamou unha urxente intervención pública que poña freo aos desmáns das industrias e garanta o cumprimento da Lei de Cadea Alimentaria.

Nunha comparecencia ante os medios de comunicación, Félix Porto puxo o foco sobre a especial afectación que os incumprimentos das industrias están a ter sobre o tecido produtivo da provincia de Lugo. Un área que, co 43,6% dos produtores de leite galegos e o 24,3% dos do conxunto de España, “é unha potencia leiteira” e unha das principais zonas produtoras do estado. “Produce o 44,9% do leite galego e o 17,7% do de España e conta con case 3.000 produtores: 2.930. Sen embargo, de xaneiro de 2020 a xaneiro de 2021 deixamos no camiño 164”.

Entre 2019 e 2020 a produción de leite aumentou nun 3,9% en Galicia. E, concretamente, Lugo facturou 16 millóns de euros máis. Así o explicou o voceiro de Unións, que lembrou que durante a pandemia aumentou tamén o consumo de lácteos e os produtos industriais están a experimentar un repunte; “co cal os beneficios das industrias aumentan”.

Nese contexto, para Unións Agrarias resulta especialmente grave a actitude das industrias, que nos últimos meses veñen desenvolvendo unha “ficción de negociación, limitándose a lanzar unha oferta para os novos contratos de recollida do leite idéntica ao do ano anterior; e resistíronse a introducir a máis mínima modificación. Estamos ante unha imposición: contratos de adhesión que ao gandeiro tan só lle queda asinar ou tirar co leite”. E nos que os prezos ofertados se sitúan moi por debaixo dos custos de produción que recollen os estudos máis recentes.

“As industrias están burlando a obriga de cubrir custos de produción que fixa a Lei de Cadea introducindo unha cláusula nos contratos que di que o prezo pactado cubre eses custos de produción. É hora de actuar. As administracións deben poñer en marcha mecanismos para facer cumprir a lei e garantir prezos xustos”, indicou o voceiro.

Prorrogan o prazo para pedir as axudas das comunidades de montes

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica hoxe a orde da Consellería do Medio Rural que amplía ata o vindeiro 16 de abril o prazo para solicitar as primeiras axudas convocadas pola Xunta para impulsar a boa gobernanza nas Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC). Esta orde de achegas bianual dirixida ás comunidades de montes veciñais inscritas no Rexistro de CMVMC subvencionará con 1,5 millóns de euros ata 4 tipos de actuacións.

Así, primeiramente impulsáronse o apoio profesionalizado á xestión forestal, con axudas á xestión administrativa e técnica para o desenvolvemento dos instrumentos de ordenación ou xestión forestal (IOXF) aprobados. Tamén se poderá sufragar a certificación forestal do monte ou o seguimento das actuacións relacionadas, como a obtención de permisos administrativos, redacción

de proxectos, memorias ou informes, tramitación de axudas públicas ou direccións de obra.

O segundo grupo de actuacións contempla achegas para a revisión dos esbozos que recollen os límites dos montes veciñais, xa que unha boa parte deles presentan inexactitudes ou erros cartográficos. Canto ao terceiro e ao cuarto tipo de accións subvencionables, están relacionadas cos deslindamentos parciais entre CMVMC no primeiro caso, e cos deslindamentos parciais entre as comunidades de montes veciñais e terreos de particulares no segundo, para poder delimitar legalmente e dun xeito consensuado os límites entre as distintas propiedades.

Os montes veciñais en man común constitúen un tipo de propiedade privada de natureza xermánica singular no contexto estatal, localizándose maio-

ritariamente no noroeste de España e, case exclusivamente, en Galicia, de aí a importancia de apoiar o seu labor. Segundo datos do Rexistro de MVMC existen na actualidade 3.312 montes clasificados polos Xurados provinciais, totalizando 664.230 hectáreas, o que dá unha cifra media de 220 hectáreas por monte.

Os datos indican a grande importancia superficial e social deste tipo de propiedade privada e colectiva. Nesa liña, representan máis do 25% da superficie forestal da nosa comunidade, aínda que a distribución dos MVMC non é homoxénea nas catro provincias galegas. Así, o 39,2% destes montes sitúanse en Ourense, un 30% en Lugo, o 21,7% en Pontevedra e só un 9,1% na Coruña. Mentres, o número total de comuneiros en Galicia é de 122.734, cunha media de 44 comuneiros por monte.

Ecoloxistas acusan á Xunta de poñer trabas ao autoabastecemento enerxético



Segundo explican dende Ecoloxistas en acción, no último decreto poñía que para que unha pequena instalación particular de produción enerxía renovábel poidera conectarse á rede e facer unha compensación simplificada de excedentes só era necesario darse de alta na Consellería de Industria aportando un certificado da instalación. A partir da publicación da instrución 2/2021, con carácter retroactivo, as instalacións enerxéticas deben entregar un certificado da solidez das cubertas e

unha licenza de explotación. “Estos trámites ademais do coste asociado aos certificados conlevan unha demora na posta en marcha da instalación, xa que a administración galega acostuma a demorarse varios meses na contestación das solicitudes”, din.

Ecoloxistas en Acción denuncia que con estas “novas barreras burocráticas se está claramente desincentivando a democracia enerxética dos prosumers e deixando a soberanía enerxética en mans do oligopolio enerxético”.

CHAIREGOS
SERVIÇOS VETERINARIOS

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA

CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24
HORAS

Puraga presenta en Muras unha publicación sobre o cabalo galego

A Asociación de Criadores de Pura Raza Galega (Puraga) vén de publicar *O cabalo de pura raza galega: historia e situación actual*. Trátase dunha publicación divulgativa que recopila información sobre as características xenealóxicas da raza, a evolución da poboación, a súa influencia na conservación da biodiversidade e da paisaxe cultural, o léxico asociado á tradición cabalar ou un calendario cos principais curros, rapas e feiras que se celebran no país.

O material distribuirase en eventos, feiras, carnicerías e outros espazos comerciais para facilitar ás persoas consumidoras unha información completa e rigorosa sobre a orixe. Ao mesmo tempo permite achegarse dunha maneira rápida a importancia medioambiental, cultural e económica da actividade que desenvolven os gandeiros e gandeiras de cabalo de Pura Raza Galega, boa parte deles concentrados no Xistral. A publicación, presentada no concello de Muras onde Puraga ten a súa orixe, constata que o cabalo de Pura Raza Galega “mantén unha



Presentación da nova publicación sobre os cabalos galegos

poboación estable ou lixeiramente tendente á alza, rondando entre os 1.500 e os 1.700 exemplares, a maior parte deles, femias” e engade que “a conservación da poboación débese a unha maior profesionalización das explotacións onde se localizan”. Tamén sinala as principais ameazas desta raza autóctona como “o cruce con razas de maior condición cárnica, a falta de acondicionamento das comunidades de montes, a apertura de pistas e estradas por áreas tradi-

cionais de pastos ou a intensificación da carga gandeira por parte da administración”, ademais do progresivo “despoboamento do mundo rural”. A edición deste material divulgativo enmárcase no plan de Puraga para desenvolver iniciativas orientadas á promoción e valoración desta raza autóctona, dos gandeiros e gandeiras que manteñen o sistema de cría tradicional en semiliberdade e dos produtos derivados, como as degustacións e campañas de promoción.

Poñen 1.200 trampas para velutinas

O Concello de Muras acometerá un proceso de trampeo da vespa velutina. Nesta primavera de 2021 o Concello instalará máis de 1200 trampas xeolocalizadas, cubrindo toda a extensión do municipio e potenciando as zonas onde mais niños se detectaron en 2020. O obxectivo é evitar a entrada desta especie dende os concellos limítrofes, razón pola que se reforzará esa zona. Debido á importancia que está a ter nos últimos tempos a avicultura no Concello, a intención é cubrir un espazo de 500 metros arredor de cada colmea particular. A implicación dos apicultores locais e veciños é fundamental.

O Concello coloca novos sinais nas estradas



Os novos sinais nas vías de Muras

O Concello de Muras luce novos sinais de entrada. Nos últimos días colocáronse un total de 140 novos elementos informativos de situación nas estradas do Concello chairego para indica o barrio ou mesmo a localidade na que se entra. Os indicadores son de madeira e teñen un gran tamaño, foron seregrafiados e contan con diferentes cores, elaborados nun taller de emprego de carpintería. Esta cartelería xa levaba tempo feita e conta co nome do Concello, o seu logo e como máis destacado o nome do lugar que se visita. Polo de pronto quedan moitos lugares

por sinalizar, xa que están estimados un 600 pero se escolleron en primeiro lugar aqueles que teñen polo menos un veciño empadroado. Nos lugares máis grandes instaláronse dous, un á entrada e outro á saída. O proxecto terá continuidade no futuro, xa que continúa o taller de emprego compartido cos municipios do Vicedo e Ourel, que iniciou o que se prolongará durante nove meses. Nel, están a traballar nun taller de carpintería de novo con dous alumnos, que están a confeccionar os novos sinais que se seguirán instalando.



ESTRADA A OUROL. Xa remataron as obras de adecuación da estrada que une os concellos de Ourel e Muras, que pasa pola parroquia muresa de Sixto e o lugar de Picoorto. Esta obra foi realizada grazas ao acordo que chegaron os dous concellos coa dirección das empresas eólicas.

Acondicionarán un camiño de uso gandeiro

A Deputación financiará a reparación e mantemento dun camiño rural no concello de Muras. A vía, de acceso ao Pastizal dende o Campo do Cura na parroquia de Balsa, dá servizo as familias gandeiras da zona, que levan os animais ao monte. Os traballos a realizar consisten na mellora da vía cunha capa de saburra de 20 centímetros e na limpeza e perfilado das marxes, ademais da limpeza dun paso canadiense. O proxecto conta cun

orçamento de máis de 15.000 euros dos cales Medio Rural achegará 12.600. O alcalde Manuel Requeijo indicou que “se trata de melloras moi necesarias e demandadas pola veciñanza xa que este vial de algo máis dun quilómetro dá servizo a toda a parroquia da Balsa, onde 25 familias se desprazan a diario para acceder ás súas granxas e para desprazar o gando ao pastizal”. As obras deberán executarse antes de finais de xuño do presente ano.

Acordo a tres bandas pola problemática da neve

As fermosas estampas que a neve deixou en Muras atraeu a numerosos visitantes na procura das paisaxes máis espectaculares, onde se achegou un bo número de persoas, e non todas se comportaron do xeito máis cívico. Peches rotos, arames arrincados, sinalización esnaquizada ou moreas de lixo no chan son algunhas das situacións que os veciños de Muras foron atopando eses días nas súas terras.

Representantes do Goberno local reuníronse con membros da Garda Civil e veciños afectados por esta situación. Así, acordaron entre os tres tomar varias medidas, como a instalación de paneis informativos nas zonas afectadas, máis vixilancia por parte da Garda Civil e o Concello de Muras e comunicación directa cos afectados. Desde o Concello agradecen todas as visitas pero fan un chamamento ao civismo.

LA CASILLA HOSTAL RESTAURANTE

Preparamos comidas para llevar por encargo

BODAS Y BANQUETES
Rúa do Anastro nº 19
GUITIRIZ 982 37 01 88

BODAS - COMUNIONES - BANQUETES zona para Boda Civil www.lacasilla.es

Recollen 70 toneladas de plásticos agrícolas

O Concello da Pastoriza levou a cabo en febreiro a retirada de plásticos agrícolas, acadando un total de 70 toneladas deste material recollidas nos domicilios, segundo comunicou a empresa responsable deste servizo municipal. O material, que será reciclado, supón unha cifra similar á de campañas anteriores.

Para o alcalde da Pastoriza, Primitivo Iglesias, este servizo ten moi boa acollida entre os veciños xa que se ofrece de forma gratuíta desde hai anos para evitar a acumulación deste tipo de residuos na zona rural, especialmente debido ao elevado número de ganderías do termo municipal.

A recollida realízase por trimestre, aínda que estas ampliáanse en función da necesidade, xa que os veciños poden chamar ao longo de todo o ano ás oficinas municipais, ao 982 332 197, para solicitar a retirada.

Unha vez fixada a data de recollida, os plásticos deben depositarse nun lugar de fácil acceso e dobrados e limpos —sen terra, arames..— para facilitar a súa carga no camión.

Aproban un orzamento de 2,8 millóns de euros

O Concello da Pastoriza aprobou no último pleno ordinario o orzamento municipal para 2021, que ascende a 2.810.000 euros, unha cifra moi similar á dos últimos anos. As contas foron aprobadas co apoio do BNG e a abstención do PP.

A principal partida deste orzamento, preto de medio millón de euros, vai encamiñada á axuda a domicilio, ás axudas para a compra de libros de texto, material escolar e transporte para os rapaces que estudan fóra da Pastoriza. Así mesmo haberá unha partida destinada para axudas ás empresas afectadas pola covid. Neste grupo tamén se inclúen as subvencións nominativas a asociacións culturais e deportivas. O Concello destinará 400.000 euros a gastos de persoal e esperan contar con axudas doutras administracións tamén por valor de medio millón de euros.

O pleno tamén aprobou por unanimidade unha ordenanza de venda ambulante, mercados e feiras,



Primitivo Iglesias

aproveitando estes tres meses nas que estiveron suspendidas pola pandemia e que volverán a celebrarse no mes de abril. Así, volverá a actividade o primeiro sábado de cada mes á Pastoriza, o segundo sábado a Bretoña e A Reigosa.

Tamén saíu adiante a iniciativa que permitirá solicitar a desafectación das antigas escolas de San Cosme de Piñeiro, Crecente, Bretoña, Saldanxe, A Rigueira, Corvelle, Álvare, Úbeda, Vián, Fonmiñá, Baltar, Pousada e Reigosa.



Entrada ao colexio de Bretoña

O Concello acondiciona a entrada do colexio de Bretoña

O colexio de Bretoña estreou trala Semana Santa unha nova entrada e patio de máis de 470 metros cadrados.

Durante a pausa vacacional o persoal municipal foi o encargado de mellorar este lugar, que estaba bastante deteriorado para o uso dos rapaces.

Ademais, durante os últimos días tamén se acometeron outros tra-

ballos como a limpeza e roza do aparcadoiro da igrexa da Pastoriza e da fonte de Saldanxe, así como a limpeza de rúas e da praza de Bretoña, da estación de bombeo do Carrizal, de Fontemiñá. Tamén fixeron labores de roza no colexio de Bretoña e instalaron no Carrizal dunha bomba para a balsa de auga, ademais doutras accións de mellora.

Invisten o Fondo de Compensación nun novo vehículo eléctrico

A directora xeral de Administración Local, Natalia Prieto, visitou xunto co delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, o Concello de Pol, co que o Goberno galego colaborou o ano pasado na adquisición dun vehículo eléctrico para conservación e mantemento medioambiental cunha achega de máis de 29.200 euros ao abeiro do Fondo de Compensación Ambiental.

Este vehículo financiado co apoio da Xunta é máis eficiente e menos

contaminante, o que contribúe a reducir as emisións de dióxido de carbono e, ao mesmo tempo aforrar nos custos de mantemento.

A colaboración enmarcase no Fondo de Compensación Ambiental, que destina os ingresos derivados do canon eólico a axudas nos municipios que teñen parques de aproveitamento eólico no seu territorio e aos que presentan proxectos de recuperación ambiental. A Xunta mantén este ano

o orzamento de 11 millóns de euros para esta orde de axudas, que contempla proxectos que teñan que ver coa conservación da biodiversidade, o uso de enerxías renovables, a protección do medio ambiente, a mellora de eficiencia enerxética, sistemas de aforro de auga e xestión de residuos, ademais da adquisición coma neste caso de maquinaria ou a contratación de persoal para levar a cabo estas iniciativas.



Presentación do novo vehículo para o Concello de Pol

O BNG solicita un Pleno, que di que non houbo en sete meses

O BNG solicita que se convoque un pleno de forma urxente, xa que leva sen celebrarse dende hai sete meses, “o que resulta un acto antidemocrático pola falta de control político ante as actuacións do goberno municipal e, por riba, fóra da lei”.

“O goberno municipal de Pol está tomando decisións de gran envergadura sen o control e a supervisión da oposición, instrumentos básicos do funcionamento normal da política

municipal”. Óscar Carballés, concelleiro e portavoz municipal do BNG en Pol, sinala que “estase a levar a privatización do Servizo da Axuda no Fogar e un desmesurado investimento na área deportiva onde nós como edís non podemos facer nada”.

O concelleiro subliñou que estas decisións de carácter vital para a veciñanza “tómase pola porta de atrás, sen amosar ningunha argumentación nin informacións”, declarou.

MESÓN
MARTÍNEZ

C/ Celso Emilio Ferreiro, 55 Baixo. 15320 As Pontes (A Coruña)
Tel.: 981 452 363 - Móvil 649 458 522
mesonmartinez@hotmail.com

Nace a asociación A Rumboia

O obxectivo é dinamizar a vida cultural con actividades para a mocidade

Por Ana L. Cillero

Despois das eleccións autonómicas do 12 de xullo en Galicia, un rapaz de Abadín escribía o seguinte nas súas redes sociais: “Desde que temos uso da razón afacémonos a escoitar termos como abandono do rural e emigración, normalizando así unha posición que nos acostuma a asociar o alleo como superior”. Viña a reivindicar que o goberno local conseguira que o Concello se convertese “nun núcleo para pasar un par de días e nada máis, porque non nos ofrecen nada para quedarnos, soamente o afecto que temos e nos transmitiron por esta terra”. O autor destas palabras é Antonio Cendán, que culminaba o texto salientando a idea de que os mozos de Abadín conseguirían darlle vida ao rural. Tal foi o compromiso, que xurdiu a idea de crear unha asociación xuvenil, cultural e deportiva, que levaría por nome A Rumboia. “Todo comezou co texto que escribín en redes, en representación do descontento que tiñamos a mocidade de Abadín, porque non se facía ningún tipo de actividade para a xente nova”, comeza explicando Antonio. O nome débennlo á canción homónima da banda de música folk e tradicional galega A Quenlla, da cal son seguidores. “Nós quixemos engadirle o artigo feminino diante porque en Abadín usámosto moito diante dos nomes propios”, di Antonio. O logotipo querían que fora divertido, con cores vivas e que fose un reflexo do que queren facer.

A Rumboia toma como exemplo a asociación de Mondoñedo, Xoldra, xa que algúns dos membros fundadores son parte dela debido a que se desprazaban ata alí para realizar diversas actividades, como teatro. “Queremos facer cousas moi parecidas pero tamén diferentes, adaptándoa a onde vivimos”, sinala.

Antonio sente tristeza de non ter ningunha proposta de lecer. “Nós o que buscamos é ter unha oferta que atraia á xente, non só de traballo”,



Os fundadores da nova asociación de Abadín

comenta. Pon de exemplo novamente a Mondoñedo, que “nestes últimos anos está ofrecendo unha oferta moi diversa e nótase no ambiente que hai polas rúas”.

Son seis membros fundadores: Diego Barro, Iván Barro, Pablo Díaz, Iván Seco, Álvaro Regueira e Antonio Cendán, que asumirá o papel de presidente. Entre todos fixeron unha choiva de ideas para xerar actividades, tanto a curto como a longo prazo. Estudaron na universidade límites moitos as posibilidades de realizar actividades por semana, pero gustaríalles facer “concertos, teatro, recitais de poesía...”, que utilizarían para darlle vida aos espazos de Abadín, como a feira de Gontán – onde nun principio se poderá situar o seu local social, aínda que non é fixo – ou o salón de actos do Concello.


As actividades non van ir centradas só na mocidade, pois a asociación baralla facer diferentes clubs de lectura, un para máis pequenos e outros para adultos. E tampouco lles van “pechar ás portas a ninguén”, pois todo o mundo poderá asistir a elas, aínda que non sexa de Abadín. Buscan lograr un “efecto chamada” coa súa asociación. Deste xeito, tamén lles gustaría colaborar coa asociación de Mondoñedo para, por exemplo, levar a cabo a carreira de aninovo, un ano en Mondoñedo e

outro en Abadín porque “teñen un entorno rural que permite facer esas cousas”, como tamén rutas de sendeirismo.

Para formar parte da asociación hai que ser menor de 30 anos por ser xuvenil. Haberá que pagar un importe por ser socio, pero referido a “unhas taxas anuais, pero serán para gastos de xestión”, aclara Antonio, e engade que o equipo de goberno apoia a súa iniciativa, co que lles axudará nalgúns aspectos, xa que máis adiante tamén lles gustaría facer algúns campamentos para os máis pequenos.

No seu caso, “a inacción das institucións leva consigo que ás poucas cousas que se fan, asista moi pouca xente e isto insta a facer menos actos”, di Antonio, pero tamén aclara que é resultado dunha “mala publicidade e falta de comunicación cos veciños”. Querían axudarlle ao Concello a promocionar os eventos a través das redes porque “é unha forma fácil e rápida de atraer á xente”.

Aínda que a pandemia limita bastante a posta en marcha da asociación, que aínda está en trámites burocráticos, contan que neste verán podan comezar con algunha actividade porque houbo “moito entusiasmo por parte de xente de todas as idades” porque consideraban que “facía moita falta”.



Un dos sistemas proxectados para o tramo entre Abadín e Mondoñedo

Comeza na A8 a construción e probas dos sistemas antinéboa

O Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana (Mitma) iniciou a fase de construción e experimentación en campo con dous prototipos das solucións innovadoras, que tratarán de resolver os problemas causados pola néboa sobre a circulación viaria, mediante o seu illamento, eliminación ou desprazamento, no tramo da Autovía A-8, entre Mondoñedo e A Xesta, na provincia de Lugo.

En tanto que as probas correspondentes aos dous prototipos de solucións innovadoras de axuda

á condución en situacións de néboa iniciáronse o pasado verán de 2020, todos os prototipos de solucións innovadoras fronte á néboa atopáronse inmersos na fase de experimentación en campo con eventos reais de néboa este próximo verán.

Na fase de construción e experimentación en campo a escala real cos catro prototipos seleccionados, o obxectivo é verificar o correcto funcionamento dos desenvolvementos teóricos nunha contorna real nas condicións de néboa características do tramo da A-8.

O PSOE denuncia que o Concello tivo que pagar unha multa

“O Concello de Abadín ten que pagar unha multa por un importe de 3.005 euros imposta polo Director Xeral de Saúde Pública, por un problema contra a saúde pública”. Así o anunciou o voceiro socialista Pablo Díaz López, tras coñecer o decreto que asina o alcalde de Abadín, no que se pode comprobar o pagamento desta sanción imposta o pasado 30/07/2019. Díaz López remarca que o Concello de Abadín tivo que facer fronte a este pagamento de xeito urxente á Conselleira de Facenda “co fin de certificar que o Concello non ten

débedas pendentes, e para poder solicitar así a correspondente subvención destinada ao Servizo de Atención Temperá, asinado xunto con outros nove concellos”, sinala. “Unha vez máis ás veciñas e veciños teñen que sufrir a incompetencia do alcalde, xa que por unha banda sancionan ao Concello por un problema tan grave contra a saúde pública, e por outra banda, o Concello ten que asinar un pago urxente debido que o alcalde, tampouco é capaz de abonar as débedas pendentes”, criticou.

Cursos de DESA e hixiene postural

O Concello de Abadín colabora coa Cruz Vermella na organización dun curso de Soporte Vital Básico e DESA cunha duración de cinco horas.

Teñen como finalidade aportar coñecementos e destrezas necesarias para realizar unha atención da parada cardíaca, aplicar de forma correcta e eficaz as técnicas de RCP básica e a utilización de desfibrilador semiautomático, ademais de coñecer os

aspectos básicos de mantemento do DESA. As persoas interesadas poden informarse chamando ao número de teléfono 982 508 021.

HIXIENE POSTURAL. A Escola Galega de Saúde para Cidadáns, en colaboración co Concello de Abadín, vai a celebrar un curso de Mobilizacións e hixiene postural.

Nel tratarase principalmente sobre

técnicas de mobilización e traslado de pacientes e sobre seguridade e ergonomía e a hixiene postural do cuidador.

O curso terá unha duración de catro horas e será gratuíto.

A consecuencia do covid-19 o curso poderase levar a cabo de forma presencial ou on line. A modalidade de impartición do curso dependerá do número de persoas inscritas.

Asesoría Enerxética
Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS
SUBVENCIONS - AUDITORÍAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

PLAN ÚNICO

A Deputación inxectará máis de 3,7M€ na comarca

Os fondos destinaranse principalmente a obras, fomento do emprego, axuda no fogar e medidas covid

A Deputación de Lugo inxectará máis de 3,76M€ para levar a cabo actuacións e proxectos que os 11 concellos da Terra Cha propuxeron para executar ao abeiro do Plan Único 2021. Os municipios chairegos priorizan os investimentos, aos que dedicarán case o 77% do total dos fondos; seguido da creación de emprego, á que destinan preto de 538.000€ e cos que crearán 34 postos de traballo; e do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), para o que reciben máis de 290.000€ para atender a unhas 450 persoas. Os concellos da Terra Cha dedicarán tamén máis de 24.000€ para medidas sociais e económicas de loita contra o impacto da Covid-19.

O Presidente da Deputación, José Tomé Roca, subliñou a importancia de darlle o visto bo a estas actuacións no mes de marzo porque “nunca antes se fixo con tanta antelación, o que permite que os concellos se organicen mellor e teñan máis tempo para desenvolver as actuacións”. Engadiu que co Plan Único 2021 a Deputación axuda aos concellos “en todas as materias que son da súa competencia e que en moitas ocasións teñen dificultades para prestar



por si sós, como son o arranxo de vías municipais, a creación do emprego, ou o Servizo de Axuda no Fogar”.

Pola súa banda, a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, asegurou que o Plan Único, o principal instrumento de cooperación da Deputación cos concellos, amosa a capacidade de xestión da institución para poñerse ao servizo das entidades locais. “Este programa serve para dotar con fondos económicos aos concellos e darlles capacidade de actuación, xa que a maioría son concellos pequenos e por si sós non poden afrontar moitos investimentos”, explicou. Así mesmo, destacou que o Plan Único “é unha medida axustada e atinada”, e apuntou que é “un modelo a seguir para outras administracións galegas que aínda non contan con ferramentas deste estilo”.

PRIORIDADES DOS CONCELLOS

Para o Plan Único a Deputación achega dos seus orzamentos 21,5M€ que, sumando as achegas dos concellos, consegue inxectar na sociedade e na economía da provincia máis de 24M€ de fondos públicos. Os concellos presentaron as súas propostas para destinar esta achega da institución provincial aos distintos programas establecidos: investimentos; Servizo de Axuda no Fogar (SAF); fomento do emprego; actividades culturais; actividades deportivas; actuacións/eventos turísticos; feiras, mercados e análogos; administración electrónica e protección de datos; protección civil; e emerxencia sanitaria coronavirus Covid-19.

2,9M€ PARA OBRAS

Dos 3,76M€ do conxunto do programa para a comarca, preto de

2,9M€ vanse destinar a investimentos. Destacan as melloras e acondicionamento de estradas, accesos a núcleos de poboacións e pavimentación de vías públicas. En total son 53 obras ou subministracións, repartidas entre os 11 concellos da provincia. Estas actuacións servirán para renovar pavimentos en estradas, pistas e camiños municipais, acometer redes de abastecemento de augas, mellora do alumeadado público para facelo máis eficiente e dotar de novos puntos de luz a diferentes parroquias da provincia, mantemento de parques e xardíns, realización de plans de ordenación de tráfico e estacionamento, contribuír a unha recollida do lixo óptima e, en definitiva, á atención de necesidades particulares que presenta cada unha das localidades en materia de infraestruturas.





538.000€ PARA EMPREGO

En relación co fomento do emprego, os concellos chairegos destinarán 538.000€ a impulsar iniciativas que permitan a creación de postos de traballo no municipio. Un programa moi importante que permite que as persoas consigan asentarse no lugar onde residen e combater así o reto demográfico, á vez que se fai fronte ao desemprego e se xera riqueza en cada unha das localidades. En total, vanse crear 34 postos de traballo na comarca moi diversos en sectores como a construción ou a administración.

290.000€ PARA AXUDA NO FOGAR

En materia de servizos sociais, o Plan Único é o instrumento a través do que a Deputación financia o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) aos concellos de menos de 20.000 habitantes. Os concellos da Terra Cha recibirán preto de 290.000€, cos que poderán atender a uns 450 veciños e veciñas esta prestación social, que inclúe un conxunto de atencións e coidados moi variados e necesarios. En cada caso, realízase unha valoración técnica que dita que tipos de actuacións son necesarias levar a cabo para dar unha resposta o máis axeitada posible. Entre esas actuacións inclúense atencións de carácter persoal na realización de actividades básicas da vida diaria no domicilio, acompañamento e seguimento de tramitacións e atencións de carácter psicosocial e educativo enfocadas ao desenvolvemento das capacidades persoais básicas, entre outras, que contribúan a mellorar a calidade e ritmo de vida que levan. O SAF, á súa vez, é un servizo que

xera un gran volume de emprego nas distintas localidades da provincia. A maior parte das persoas que traballan no SAF son mulleres que residen no propio municipio, un feito que lles permite desenvolver a súa vida profesional sen ter que realizar grandes desprazamentos e avanzar en materia de conciliación.

MEDIDAS COVID

Así mesmo, o Plan Único recolle nesta anualidade unha nova liña que se creou no 2020 para que as entidades municipais puidesen facer fronte a gastos correntes derivados da pandemia da Covid-19. En total, os concellos da Terra Cha decidiron destinar máis de 24.000€ para esta finalidade, co que poderán mercar material de protección, conceder axudas directas a autónomos e empresas ou lanzar programas que contribúan a paliar os efectos e consecuencias

da pandemia na súa localidade. Por exemplo, é o caso do Concello de Meira, que destinará máis de 19.000€ a este fin; ou de Pol, cunha partida de 5.000€. Por outra banda, este ano os concellos seguen apostando por investir na mellora da administración electrónica e de protección de datos, un programa que ascende a preto dos 9.000€ no caso do concello de Pol.

O Plan Único tamén inclúe nas súas bases un apartado propio para Protección Civil ao que poden acceder aqueles concellos que dispoñen destas agrupacións. Neste programa este ano vanse incluír gastos correntes relativos a estas unidades que ascenden na comarca chairega a 7.000€. Nalgúns casos contéplase a adquisición de novo vestiario, mantemento, pólizas de seguros e accidentes, como en Pol e Xermade.



AUTONOMÍA E RESPONSABILIDADE MUNICIPAL

Con este programa de investimentos a Deputación de Lugo dá resposta a situacións e necesidades concretas de cada concello, reforzando a súa autonomía xa que son eles os que deciden en que e como gastar as achegas. Ponse de manifesto que a cooperación entre administracións é a canle para satisfacer as necesidades dos veciños e veciñas da provincia de Lugo, en accións de gobernanza, deseñadas e aplicadas pensando nas persoas. O Plan Único de Cooperación cos Concellos garante a distribución de fondos públicos con total transparencia e con criterios obxectivos, como son a poboación, a superficie, a dispersión territorial e a taxa

de envellecemento, un feito que favorece a equidade e o desenvolvemento equilibrado da sociedade e do territorio. Ademais, establece unha contía máxima de 500.000€ e mínima de 200.000€, en función destes criterios, para blindar o financiamento daqueles concellos máis pequenos. Este programa é a mellor mostra de que a suma de esforzos, entre Deputación e os Concellos, multiplica os resultados. A día de hoxe é unha fonte de recursos fundamental para impulsar o desenvolvemento e a cohesión social e territorial dos 67 concellos de Lugo a través da dotación, a mellora e o mantemento de servizos e infraestruturas.

A institución provincial creará preto de 34 postos de traballo

ANTELACIÓN E FACILIDADES

A edición do Plan Único 2021 foi a primeira que contou coas súas bases aprobadas no ano anterior ao seu período de vixencia, un aspecto moi importante para os concellos porque lles permitiu unha maior previsión para a xestión dos recursos e a contratación das obras. Así mesmo, a Deputación de Lugo puxo á disposición das administracións municipais outras facilidades como a opción de

que poidan imputar os gastos de contratación do persoal e os investimentos licitados dende principios deste ano, é dicir, poderán xustificar aqueles desenvolvidos dende o 1 de xaneiro de 2021. Os concellos dispoñen de prazo máximo para executar as accións que contemplan no Plan Único ata o 31 de outubro de 2022. No caso da xustificación destes investimentos, terán ata o 15 de novembro de 2022.

As entidades locais decidiron destinar preto de 24.000€ do Plan Único a medidas para paliar o impacto da pandemia

A Feira do Ferro de Riotorto seguirá esperando

A Asociación dos Ferreiros non poderá organizar un ano máis este festexo, un feito que terá consecuencias para o oficio

Por Claudia López

A pandemia está azoutando a tódolos sectores culturais e tradicionais deixando sen actos de promoción á artesanía galega. A Feira do Ferro que se celebra en Riotorto dende o ano 2007 no mes de abril é un grande encontro que soe contar demostracións en vivo, música e mercado, pero non poderá organizarse tampouco este ano. Esta iniciativa da Asociación para a Promoción Social dos Ferreiros é un dos piares clave da súa economía, pero a situación sanitaria imponse por riba de tódolos aspectos. O presidente da entidade e ferreiro de profesión, José Mario Cabo, explica que cando tomaron a decisión “non tivemos demasiada dificultade para decidilo, xa vimos que novamente non se podía celebrar”. O feito de que non se organice de novo a feira “repercute para o pobo en xeral, porque ten moitísimo auxe, ven moita xente. Traballamos moitos meses para construír cada edición e non só para o pobo terá consecuencias económicas, senón tamén para a xente que vén a poñer os seus postos, igual se xuntan 160 e véndese moito. Vanse notar perdas graves”. Para os ferreiros da Asociación tamén repercutirá negativamente por outra parte, xa que “nós poñemos tamén os nosos produtos, pero á vez

temos que facer as demostracións e ensinamos así o noso traballo, perdemos esa divulgación do oficio que é moi necesaria. A Feira do Ferro saíu de catro amigos que en 2006 comezamos a pensar en como promover a profesión. Supón moitísimo traballo pero estou contento de facer ese esforzo”.

Na actualidade na zona de Riotorto hai aproximadamente unha ducia de persoas facendo pezas de ferro, pero a súa situación non é sinxela. “Séguese consumindo moito ferro, séguense demandando pezas para o monte e para as plantacións, ademais de utensilios sinxelos para as casas, pero comparado con hai anos vai descendendo. En tódolos sitios unha ferramenta manual fai falla, o sector das ferramentas é necesario, pero a artesanía non pode competir cos prezos das fábricas”. O proceso manual que fan os ferreiros é moito máis laborioso e custoso, polo que se encontran cunha problemática, “existe un circulo vicioso no campo, a xente que demanda as ferramentas tamén ten problemas para vender a súa produción, como a leite ou os produtos de horta. É unha cadea, se eses prezos están baixos nos temos que baixalos para que poidan acceder ás ferramentas. Se non hai cartos móvese todo con dificultade. Se encontran un coitelo por dous



Unha imaxe da feira do ano 2018, a penúltima que se celebrou e que contou cun gran éxito de público

euros cómprano, pero logo tamén ven que a calidade non é a mesma”. Esta complicada situación empeorou aínda máis coa pandemia, “eu levo uns meses parado por enfermidade, pero os meus colegas chámanme e cóntame que non hai nada de traballo. Estamos notando moito a prohibición de desprazarse entre autonomías. Á Mariña viña moita xente de Asturias e de máis lugares a mercar ferramentas”, conta José María. As dificultades que está a vivir a

profesión pon en tela de xuízo que “a tendencia é que dentro de uns anos isto acabárase porque penso que dentro duns anos haberá poucos ferreiros ou incluso ningún. Necesitamos apoio económico, teríase que buscar a maneira de como sustentar o oficio para que continuara, porque se non resulta rendible, tes que pechar”. Polo momento por parte da Asociación non se poderán facer moitas promocións dada a situación, pero o seu presidente conta que Rio-

torto ten unha grande oportunidade para dalos a coñecer, “poderíamos ter repercusión mediante a Ruta dos Ferros, un paseo moi bonito pola veira do río que conta cun bosque autóctono que podería converterse nun atractivo para o pobo. Habería que melloralo e explotalo máis para que fose unha ruta de referencia que chamara a xente a vir a Riotorto e tamén a coñecer o noso oficio, pero agora mesmo iso tamén é complicado”.

Acaban obras en centros sociais e o abastecemento a Chacín

Remataron as obras de mellora das catro asociacións veciñais do municipio – Escola da Asnela de Espasande de Arriba, Augaxosa, Chacín e Vilaseca- que recibiron 68.000 euros das axudas do Plan específico de acción comunitaria da Xunta.

No centro social de Espasande de Arriba, a subvención de 17.000 euros concedida á asociación veciñal Escola da Esnela posibilitou substituír a cuberta do inmoble, xa que o tellado atopábase moi deteriorado, así como instalar un baño adaptado e unha rampla de formigón na entrada para as persoas con mobilidade reducida, ademais de dotar o edificio do mobiliario axeitado para as actividades que realiza a veciñanza.

Ademais, o local da asociación de veciños de Augaxosa, que cunha inversión tamén de 17.000 euros, ampliouse de maneira que o edificio conta agora con 24 metros cadrados a maiores. Deste xeito,

acadouse máis espazo para a realización das diferentes actividades que organiza o colectivo veciñal. A mesma contía recibiu a de Chacín para a rehabilitación da cuberta e a instalación dunha rampla de acceso á planta baixa, así como a adquisición de material. E no caso de Vilaseca a axuda da Xunta permitiu mellorar a accesibilidade, acondicionar e pechar o local da barbacoa, ademais do pintado de varias zonas de local e a renovación de parte do mobiliario.

CHACÍN. Tamén remataron as obras para dotar dunha rede de saneamento o núcleo de Chacín. A Xunta destinou 48.300 euros a executar esta infraestrutura, mediante a instalación dunha rede de colectores e un sistema de depuración. Deste xeito canalízanse as augas residuais procedentes dunha trintena de vivendas cara o punto de depuración a través de tubaxes de PVC.

Remata a concentración parcelaria en Órrea


O conselleiro do Medio Rural, José González, presidiu a entrega de 1.437 títulos de propiedade da concentración parcelaria de Órrea-Galegos a case 500 veciños. Deste xeito, dáse por concluído un proceso que afectou unha superficie de 1.270 hectáreas e no cal se investiu preto de tres millóns de euros.

Así, e cumprindo todas as medidas sanitarias exixidas, o conselleiro xunto coa directora xeral de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, participaron na entrega destes documentos que acreditan a titularidade desas 1.437 parcelas finais. Neste senso, José González sinalou que a superficie media por parcela aumentou considerablemente, xa que ao inicio desta parcelaria había algo máis de 9.000 predios, o que demostra que estes procesos de reorganización do

territorio son fundamentais para paliar o minifundismo, dende o punto de vista da estrutura da propiedade, e reducir os custos de produción das explotacións da zona.

Precisamente, o titular de Medio Rural afirmou que por cada concentración rematada, o Goberno galego iniciará un novo proceso para ordenar o territorio rural, poñer en valor as terras e anticiparse aos lumes. Nesta liña, José González subliñou que se impulsaran estes procesos á vez que se apostará tamén por instrumentos de mobilización voluntarios que permitan unha maior participación dos interesados na explotación das terras, como son os polígonos agroforestais, as agrupacións de xestión conxunta da terra, a iniciativa das aldeas modelo ou as permutas de especial interese agrario, entre outras.

Últimos días para facer a inscrición na Casa Niño A Croa



A Casa Niño A Croa de Riotorto mantén aínda aberto o prazo de inscrición para o novo curso 2021/22. Poderá cursarse a solicitude ata o día 16.

Os interesados en inscribirse poden poñerse en contacto con Azurine no teléfono 660 778 459 ou no correo casanidoacroa@gmail.com.

É requisito fundamental estar empadroados no concello de Riotorto.

Reabre o prazo para o IV Concurso Avelino Díaz

Os concellos de Riotorto e Meira, coa colaboración da AC Avelino Díaz, retomaron a convocatoria do IV Certame de Debuxo e Poesía Avelino Díaz que foi suspendido no mes de marzo debido á pandemia. Esta nova convocatoria mantén a mesma regulamentación. O concurso divídese en catro categorías de idade. Os máis pequenos só terán debuxo e os demais só a de poesía.

No apartado de debuxo, poderán presentarse obras en formato e temática libre, mais os poemas deberán estar escritos en galego, cunha extensión mínima de oito versos e unha máxima de 80.

O prazo de presentación é ata o 22 de maio e o lugar de recollida de traballos é a Asociación Avelino Díaz de Meira. Os premios constan de diplomas, lotes de material escolar ou libros. O fallo do xurado darase a coñecer na primeira semana de xuño.

A ITV móbil visita a vila no mes de maio en tres ocasións

A unidade móbil de inspección técnica de ciclomotores estará o 10 de maio no Concello de Meira, para atender a todos os veciños do termo municipal. A atención ao público será entre 9:00 e 13:30 horas. A unidade estará situada na praza do Concello. A continuación, entre os días 26 e 28 de maio, estará a que realiza as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas. Instalarase na rúa Fray Vidal (urbanización O Carballal). Entre o 27 de maio e o 3 de xuño estará a que fai as inspeccións en turismo. Neste caso, na área recreativa. É necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web www.sycity.com.

Convocan a II Baixada de carrilanas para o 10 de xullo

A Asociación de carrilanas Os Meiregos presentou xa o seu cartel para a cita deste ano, a que será a II Baixada Vila de Meira e que ten como data de celebración o 10 de xullo. O obxectivo é poder celebrar esta cita lúdico deportiva nesta data aínda que a organización lembra que a decisión final estará condicionada pola situación sanitaria que se viva nese momento. Polo de pronto xa teñen o cartel e a data e esperan poder ofrecer novidades en breve.

Abre o prazo para solicitar praza na residencia de maiores

O alcalde, Antonio de Dios, emitiu un bando para anunciar que xa está aberto o prazo de solicitude de praza de ingreso para o novo Centro de Atención ás Persoas Miores da localidade na súa modalidade residencia.

As persoas interesadas en facer uso deste novo servizo deben acudir ao departamento de servizos sociais, á oficina da traballadora social, onde se lles facilitará toda a información sobre o procedemento para seguir, a tramitación necesaria e a documentación que deben presentar. Debido á pandemia, para fixar esta reunión informativa no Concello é necesario solicitar unha cita previamente, chamando ao número de teléfono 982 331 704.

O novo Centro de Atención ás Persoas Miores de Meira, impulsado pola Deputación de Lugo, dispoñerá dun total de 30 prazas de residencia, ás que se sumarán 20 do servizo de centro de día. O ente provincial está a ultimar a posta en marcha das instalacións, co obxectivo de que os primeiros usuarios poidan entrar a mediados de ano.



Residencia de maiores de Meira

O Concello prepara a licitación das obras de abastecemento en Louseira e A Corota

O Concello de Meira fixo públicas as bases para a contratación das obras da segunda fase do abastecemento de auga aos lugares de Louseira e A Corota.

O contrato adxudicarase mediante o procedemento aberto simplificado, mediante tramitación ordinaria.

As obras teñen un orzamento

de 57.676,21 euros e licitaranse por un total de 69.788,21 euros. Os cartos irán con cargo ao Plan Único da Deputación para o ano 2021.

As ofertas poderán presentarse no prazo de 20 días naturais desde a publicación do anuncio de licitación do contratante no Concello de Meira.

Colocan 600 trampas para velutinas

O Concello de Meira acometerá un proceso de trampeo da vespa velutina por primeira vez para controlar a poboación.

Nesta primavera de 2021 o Concello instalará máis de 600 trampas xeolocalizadas, cubrindo toda a extensión do municipio e durante tres meses de primavera. O obxectivo é evitar que se instalen niños, tras retirar o ano pasado unha trintena e atacar ás raíñas xa instaladas.

A implicación dos apicultores locais e veciños do municipio é fundamental para proceder a esta acción.

Esta operación se realiza a través da empresa Serpa, que consiste na colocación de trampas con líquido atraínte especial para a captura de raíñas tras o letargo invernal.

O TRAMPEO. Realizar unha trampa é algo rápido e sinxelo, cunha simple botella de auga ou refresco con dous buracos enfrontados rechea con zume de arandos e mesturado cun pouco de cervexa negra, pódese atrapar esa raíña de velutina que elixiu o xardín para pasar o inverno aletargada. Outro labor non menos importante pero algo máis complexo é tentar localizar os niños primarios, no seu inicio teñen o tamaño dunha pelota de tenis, e as raíñas adoitan escoller zonas de abrigo, como poden ser aleros de casas ou tellados de alpendres e garaxes.

Comeza a funcionar a nova oficina de Turismo



Instalacións da nova oficina de turismo de Meira

A oficina de turismo de Meira abriu nas novas instalacións, situadas na planta baixa da casa consistorial, con entrada dende a praza principal. Deste modo, a oficina deixará de ocupar o edificio central da praza do Convento.

No mes de decembro intentaron facer o cambio ás novas instalacións pero non puido ser posible por problemas técnicos.

Na oficina traballa unha única persoa que ten durante todo o ano (agás nos meses de xullo e agosto) horario de mañá de luns a venres (9.00 a 15.00 horas) os sábados de 10 a 14.00 e de 16.30 a 19.00 horas. Os domingos tamén ten horario especial de 10.00 a 14.00 horas. No verán amplían á tarde o horario de atención ao público durante a semana.

Adxudicado o servizo de axuda no fogar

O Concello de Meira adxudicou finalmente o Servizo de Axuda non Fogar (SAF) á empresa Idades SL cun contrato por 591.552 euros e unha duración de tres anos, poñendo fin así a un proceso para contratar de novo este servizo que arrincou hai aproximadamente un ano e medio e sufriu diversos contratamentos.

O Concello meirego sacou a concurso o SAF a finais de 2019, pero o procedemento quedou deserto ao non presentarse ningunha oferta. Fíxose unha actualización de prezos do anterior contrato para axustalos máis á realidade e un estudo económico, o que derivou nunha nova licitación por 599.000 euros.

Foi entón cando o estado de alarma paralizou de novo o proceso, que non se reanudou ata o mes de outubro, cando se puido reiniciar o concurso.

A esta licitación concorriron cinco

ofertas e a de Idades SL quedou en segundo lugar tras facer a baremación na mesa de contratación de principios de ano.

A primeira empresa seleccionada non presentou os avais en tempo e forma e tampouco desistiu polo que o Goberno local tivo que esgotar os prazos antes de pasar á segunda candidata.

TRABALLADORES. A empresa xa se fixo cargo do servizo, que conta con 29 usuarios, tras pechar o proceso de subrogación da traballadora social e as 14 auxiliares de axuda no fogar que están actualmente.

O SAF de Meira empezou a funcionar en 2015 e desde xuño de 2016 é de xestión indirecta. Nos últimos catro anos rexistrou un incremento do 109,81% no número de horas, pasando das 4.210,25 iniciais ás 8.833,75 de 2019, e superando as 10.000 en 2020.

Empeza un programa de promoción da muller

Un ano máis o Concello de Outeiro de Rei organiza unha serie de actividades de promoción da muller que se desenvolverán na súa maior parte en formato on line e que se prolongarán durante todo o ano.

O programa de Actividades de Promoción da Muller 2021 contempla un total de 7 propostas e unha aposta clara polas novas tecnoloxías dado que a maior parte das actividades que se ofertan desenvolveranse a través de internet ofrecendo contidos que permitirán desenvolver e mellorar habilidades dixitais e navegar con seguridade pola internet amosando como realizar actividades cotiás por medio do uso das novas tecnoloxías.

Ata o 20, estará aberto o prazo de inscrición para catro desas actividades. A primeira será unha acción formativa en novas tecnoloxías, actividade de 18 horas de duración na que se ofertan un total de 30 prazas. Terá lugar do 21 de abril ao 20 de maio, os mércores e xoves, de 20.00 a 21.30 horas.

Tamén on line será *Habilidades dixitais para a busca de emprego*.

Curso gratuito de 20 horas, para 30 participantes. Celebrárase do 8 de maio ao 5 de xuño os sábados en horario de mañá.

A segunda parte do curso de formación en novas tecnoloxías on line será en setembro, concretamente do 30 ao 28 de outubro, tamén mércores e xoves no mesmo horario.

Paralelamente a esta actividade on line, haberá unha actividade física ao aire libre entre o 25 de xuño e o 30 de setembro os martes e xoves de 17.00 a 18.00 horas.

A programación prevista para 2021 completárase con outras tres actividades. Haberá unha de produtos de limpeza ecolóxicos tamén on line que se desenvolverá do 18 ao 25 de outubro, os luns de 17 a 19.00 horas. Continuarán co terceiro curso de formación en novas tecnoloxías en novembro co mesmo horario

O acto final da programación será a celebración do 25 de novembro, Día Internacional Contra a Violencia de Xénero coa charla *Prevenición da violencia de xénero e da discriminación contra a muller*.

O prazo de inscrición na escola infantil está aberto ata o día 30

Ata o 30 de abril estará aberto o prazo de solicitudes de admisión para o curso escolar 2021/2022 na Escola Infantil Municipal de Outeiro de Rei. Durante este período de tempo os pais/nais ou titores dos nenos/as que estean na actualidade matriculados na Escola Infantil deberán presentar a solicitude de reserva de praza, no caso de querer continuar na escola infantil no próximo curso. Paralelamente, os pais/nais ou tito-

res de nenos/as que desexen acceder a este servizo no próximo curso escolar deberán presentar solicitude de inscrición.

Para ambos supostos hai modelos normalizados que poden obterse na escola infantil, no Concello de Outeiro de Rei; tamén a través desta nova accésese aos impresos ou premendo no banner que aparece na web municipal (outeiroderei.org) destinado á Escola Infantil Municipal.



PREMIOS. A Biblioteca Pública Municipal de Outeiro de Rei fixo entrega dos premios do V Concurso de Postais Nadal 2020 no que participaron 89 rapaces e rapazas e dos premios do Certame de poesía infantil Nadal 2020 no que se presentaron 116 traballos.

Convocan a concentración parcelaria en dúas parroquias

O Diario Oficial de Galicia publicou os decretos da Consellería do Medio Rural polos que se declaran de utilidade pública dúas novas reestruturacións parcelarias no concello lugués de Outeiro de Rei. Unha delas comprende as parroquias de Arcos, Sobrada de Aguiar e San Lourenzo de Aguiar, mentres que a segunda afecta á parroquia de San Fiz de Paz. Coa publicación destes decretos dáse inicio á fase de bases, que comprende a investigación da propiedade e a clasificación dos terreos. Entre ámbalas dúas concentracións, a Xunta reorganizará unha superficie de máis de 2000 hectáreas que beneficiarán uns 833

propietarios.

Ambos procesos foron apoiados polo Concello e polos titulares das explotacións da zona. Nas dúas áreas están rexistradas 125 granxas, a maior parte delas de vacún. Deste xeito, as granxas verán ampliada a súa base territorial, o que redundará nunha diminución dos custos de produción.

Así, trátase dos dous primeiros decretos de reestruturación parcelaria que se decretan trala entrada en vigor en 2015 da Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga), que busca aumentar a base territorial das explotacións e reducir considerablemente os seus

custos de produción.

Ademais, a Xunta seguirá impulsando estes procesos da man da futura Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, que vén complementar e desenvolver o marco legal actual, para culminar un camiño iniciado pola Lei da Metaga.

Así, na nova Lei apostarase ademais por mecanismos de mobilización voluntarios que permitan unha maior participación dos interesados na explotación das terras, como son os polígonos agroforestais, as agrupacións de xestión conxunta da terra, a iniciativa das aldeas modelo ou as permutas de especial interese agrario, entre outras.

Indignación co Concello pola devolución dunha subvención

Dende o BNG vense de manifestar "a súa indignación" ao ser coñecedores de que o concello de Outeiro tivo que devolver á Xunta máis da metade dunha subvención de 12.000 euros que tiña concedida, dado que o importe do custe do servizo xa fora cuberto coas taxas que lles cobra ás persoas usuarias.

Concretamente, do total dos 12.000 €, o concello xa recibira como adiantamento 9.000 €, tendo aínda así que devolver máis de 3.000 deses porque non se podían xustificar os gastos, pois loxicamente a Xunta non pode subvencionar o custe dun servizo, unha vez que este está cuberto coas aportacións en forma de taxas das persoas usuarias. En total, o que tivo que devolver e o que deixou de percibir suman 6.660 euros.

"A cuestión é moi clara, o alcalde multiplicou as taxas que cobra a este servizo, preferindo que o pagase a xente de Outeiro antes que gastar os cartos da subvención que lle daba a Xunta a tal efecto. Simplemente, non o podemos entender...", continuou o concelleiro do BNG.

Esta subida desmesurada das taxas do servizo de conciliación familiar vén encadrada nunha suba xeneralizada dos impostos e taxas municipais no concello de Outeiro de Rei.

Hai que lembrar que só no último ano o concello de Outeiro subiu un 20% a taxa da auga, un 40% a do lixo, recalificou cun auténtico catastrazo todas as parcelas que están nos núcleos rurais (pola que vai recadar máis de 500.000€) e creou unha taxa de retirada de árbores cando caen ás pistas municipais.



Estado da ruta de sendeirismo a Penas de Rodas

Queixas polo estado das rutas de sendeirismo

Segundo explica o BNG de Outeiro de Rei, as rutas de sendeirismo de Penas de Rodas e Susavila, en Outeiro de Rei, atópanse intransitables pola desidia do concello.

"Debido ás restricións que impiden saír de Galiza moitas persoas da comarca e da propia cidade de Lugo estaban a mirar cara as rutas de sendeirismo que temos en Outeiro de Rei, rutas que conforman uns dos principais atractivos do noso concello", engaden.

Afirman que o problema radica en que cando se chega á de Penas de Rodas ou a Candai, estas rutas non poden ser recorridas, dado o estado do chan en que o deixaron as empresas madeireiras e a falta de sinalización que existe nelas.

"No caso dos buratos e fondas rodeiras que deixaron as empresas

cando procederon á corta de madeira, o BNG xa avisara hai unhas semanas desta situación, solicitando que se arranxaran. Agora, chegamos a estes días festivos sen que o concello fixera nada por corrixir estas deficiencias.

En canto a sinalización, máis do mesmo, pois xa dende hai meses a xente que usa estas rutas véñense queixando do difícil que é recorrerlas se non se coñecen previamente debido a mala sinalización que se fixo despois dos cambios feitos polo concello, situación que se agrava agora unha vez que desapareceron dun xeito moi estrañamente unha boa parte dos sinais que indicaban o camiño para que a xente de fóra do concello que descoñecía o recorrido non se perdesa", din.

DEPUTACIÓN



O Pleno aproba a distribución de fondos do Plan Único

A Corporación provincial aprobou por unanimidade no Pleno ordinario a relación de actuacións e proxectos que os 67 concellos da provincia propuxeron para executar ao abeiro do Plan Único 2021, e que suporán unha inxección de preto de 24M€. Os municipios priorizan os investimentos -aos que dedicarán o 70% do total dos fondos, seguido da creación de emprego, á que destinan 3,5M€ cos que crearán 300 postos de traballo; e do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), para o que reciben 3M€ para atender a máis de 3.000 persoas. Dedicarán tamén 800.000€ para medidas sociais e económicas de loita contra o impacto da Covid-19.

Dos 21,5M€ do conxunto do programa, 15,2M€ vanse destinar a investimentos. Destacan as melloras e acondicionamento de estradas, accesos a núcleos de poboacións e pavimentación de vías públicas. En total son 332 obras ou subministracións, repartidas entre os 67 concellos da provincia. Estas actuacións servirán para renovar pavimentos en estradas, pistas e camiños municipais, acometer redes de abastecemento de augas, mellora do alumeadado público para facelo máis eficiente e dotar de novos puntos de luz a diferentes parroquias da provincia, mantemento de parques e xardíns, realización de plans de ordenación de tráfico e estacionamento, contribuír a unha recollida do lixo óptima e, en definitiva, á atención de necesidades particulares que presenta cada unha das localidades en materia de infraestruturas.

EMPREGO. En relación co fomento do emprego, os concellos destinaron 3,5M€ a impulsar iniciativas que permitan a creación de postos de traballo no municipio. En total, vanse crear 300 postos de traballo moi diversos, como peóns, arquitectos, socorristas, monitores turísticos, ad-

ministrativos, enxeñeiros forestal ou conserxes, entre outros.

AXUDA NO FOGAR. Os concellos de menos de 20.000 habitantes recibirán preto de 3M€ dirixidos a máis de 3.000 veciños e veciñas. Entre esas actuacións inclúense atencións de carácter persoal na realización de actividades básicas da vida diaria no domicilio, acompañamento e seguimento de tramitacións e atencións de carácter psicosocial e educativo enfocadas ao desenvolvemento das capacidades persoais básicas.

MEDIDAS COVID. Así mesmo, o Plan Único recolle nesta anualidade unha nova liña que se creou no 2020 para que as entidades municipais puidesen facer fronte a gastos correntes derivados da pandemia da covid-19. En total, os concellos decidiron destinar máis de 800.000€ para esta finalidade, co que poderán mercar material de protección, conceder axudas directas a autónomos e empresas ou lanzar programas que contribúan a paliar os efectos e consecuencias da pandemia na súa localidade. Por exemplo, é o caso do Concello de Viveiro, que ten previsto destinar 200.000€ a este fin; tamén o Concello de Antas de Ulla, que destinará máis de 100.000€; importante tamén é o que se vai investir en Palas de Rei, cunha partida de 92.000€; en Ribadeo, máis de 93.000€ e, entre outros, o de Mondoñedo, cunha partida de 18.300€.

Por outra banda, so abeiro do Plan Único, os concellos incluíron actividades ou eventos de promoción turística. Para este programa destinaranse 126.540€ para o total dos municipios, entre os que destacan novas visitas guiadas no Concello de Alfoz para coñecer a súa historia e a súa arte; rutas xeolóxicas en Burela; unha campaña de promoción do Concello do Incio para poñer en

valor os recursos e atractivos deste municipio; a Festa da Faba 2021, do Concello de Lourenzá; o impulso do proxecto Gumiralia, do Concello da Pobra do Brollón, ou entre outras, a promoción de localidades coma Monforte de Lemos e O Vicedo.

Así mesmo, este ano os concellos seguen apostando por investir na mellora da administración electrónica e de protección de datos, un programa que ascende a 145.000€. Un total de 15 concellos contemplan fondos. O Plan Único tamén inclúe un apartado propio para Protección Civil que ascende a 14.500€. Nalgúns casos contéplase a adquisición de novo vestiario, como en Burela e Mondoñedo; noutros a renovación do equipamento, como en Negueira de Muñiz; e outros para mantemento, pólizas de seguros e accidentes, como é o caso de Pol e Xermade.

FEIRAS. En canto ao programa relativo a feiras, mercados e outros, nesta anualidade os municipios decidiron destinar preto de 35.000€, unha cantidade moi inferior a anualidades anteriores. Malia iso, concellos coma A Fonsagrada non renunciaron a adaptar a súa tradicional Feira do Butelo aos novos tempos cunha edición dixital con vídeos e foros de debate; tamén Guntín aposta pola promoción do Pemento de Mougán e da Feira de Grelos; Samos adapta a súa Feira do Turismo e do Peregrino e a Feira de artesanía, e Sober, a XXXIX Feira do Viño de Amandi.

Pola súa banda, en actividades culturais tales como escolas de música, teatro ou actuacións ou eventos que se celebren no ano 2021, o orzamento ascende a 221.293,13€.

A Deputación fomenta, así mesmo, o deporte a través deste plan de cooperación. Un total de case 75.000€ van destinados a gastos de escolas deportivas, cursos de ximnasia, carreira populares entre outros.

Compran novos furgóns para os bombeiros

No Pleno do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento aprobouse a modificación do Orzamento para 2021 por vía de crédito extraordinario para a compra de dous furgóns de salvamento e de dous traxes que aumentarán a protección dos efectivos.

En concreto, aprobouse a adquisición cunha partida de 323.000€ de dous furgóns de salvamento con dimensións máis reducidas e tracción 4x4, que permitirán realizar rescates nun menor tempo e chegar a zonas de difícil acceso. Ambos vehículos, que se sumarán ao parque móbil do Consorcio de Bombeiros, estarán dotados con material que permitirá a atención a persoas con equipos de respiración, ademais de ferramenta de excarceración a batería ou un xerador. Tamén substituirán aos camiións de primeira saída cando causen baixa por man-

temento ou reparacións.

Os 117 efectivos sumarán tamén dous traxes que permitirán reducir os riscos nas actuacións. Esta instrumentaria aporta confortabilidade e facilita o traballo dos bombeiros en actuacións de menos risco e de longa duración, ao tratarse de equipamentos máis liviáns. O custe deste traxe de rescate técnico é de 28.659 euros. Tamén se aprobou a adquisición dun traxe de condicións climatolóxicas adversas composto por unha parka e un cubrepantalón, cun custo de 46.250 euros.

Este novo material de protección súmase aos 122 traxes fabricados con tecido PBI, moito máis lixeiros, ergonómicos e que soportan unha maior temperatura, que xa foron adquiridos recentemente polo Consorcio. A compra, que protexerá aos 117 efectivos da provincia na súa labor de extinción de incendios, tivo un investimento de 156.138 €.



Presentación do Plan de Impulso á Economía da Provincia

Comeza a formación para o turismo e a hostalaría

Cincuenta traballadores e traballadoras e concelleiros e concelleiras de 34 entidades locais da provincia participan ata o vindeiro 15 de xuño na acción formativa on line Promoción e Comercialización de Produtos e Servizos Turísticos Locais, unha iniciativa organizada pola Deputación de Lugo dentro do seu apoio a unha das actividades máis prexudicadas polo impacto da pandemia, como son o turismo e a hostalaría.

Con esta acción formativa de 100 horas de duración, a institución provincial dota de ferramentas aos concellos para que adquiran a capacidade suficiente como para desenvolver e xestionar produtos turísticos e favorecer así a recuperación deste sec-

tor e o hostaleiro. Para iso, abordaranse, en catro bloques, estratexias de marketing turístico, proxectos de comercialización de produtos e servizos turísticos locais, o sistema de relación cliente-empresa no sector da hostalaría e o turismo e a utilización das tecnoloxías da información na promoción do destino e para a creación e promoción de produtos turísticos no entorno local. Unha vez rematada a formación, os alumnos recibirán un diploma acreditativo.

Esta medida enmárcase no Plan de Impulso da Economía da Provincia, promovido para apoiar aos sectores produtivos máis afectados polas restricións sanitarias, sobre todo a hostalaría, o turismo e o comercio local.

TERRA CHÁ

A Comarca de Lugo, primeiro punto Eurodesk da provincia

A Asociación de Desenvolvemento Rural da Comarca de Lugo vén de unirse á rede Eurodesk e convértese así no único punto Eurodesk da provincia de Lugo que apoia aos mozos do seu territorio e da provincia, en relación coas oportunidades de traballo, formación, voluntariado, bolsas, prácticas ou competicións a nivel europeo.

Segundo o presidente do GDR e alcalde de Friol, José A. Santos, Eurodesk é unha asociación internacional sen ánimo de lucro creada en 1990. Como organización de apoio Erasmus+, Eurodesk fai que a información sobre a mobilidade de aprendizaxe sexa completa e accesible para os mozos e os que traballan con eles.

Cunha rede de coordinadores nacionais conectados a máis de 1.600 puntos de información locais en 36 países europeos, Eurodesk sensibiliza á mobilidade e ás oportunidades de aprendizaxe e anima aos mozos ofrecendo oportu-

nidades de traballo, formación e voluntariado, bolsas, prácticas ou concursos.

Así, Eurodesk é a principal fonte de información xuvenil sobre políticas europeas, información sobre mobilidade e oportunidades educativas non formais. Responde consultas e ofrece orientación para mozos móbiles de toda Europa. Actualiza e xestiona o contido do Portal Europeo da Xuventude, tamén responde a consultas.

Segundo Santos, as actividades que realiza a Rede Eurodesk son diversas. Como se indicou anteriormente, a razón de ser desta rede é dar a coñecer as diferentes ofertas de mobilidade internacional, e principalmente europeas, a todos aqueles mozos que poidan participar nelas. Para iso, promóvese o voluntariado, os intercambios xuvenís, as bolsas e as prácticas laborais, que sen dúbida promoven o desenvolvemento educativo e individual dos participantes.



Acto de clausura do obradoiro de Outeiro de Rei

Clausurado en Outeiro o obradoiro de 8 concellos

Rematou o Programa Integrado de Emprego promovido conxuntamente polos concellos de Outeiro de Rei, Rábade, Friol, Begonte, Cospeito, Castro de Rei, Abadín e Mondoñedo, no que se formaron durante un ano 100 persoas desempregadas, a maioría delas menores de 30 anos.

A iniciativa que vén de finalizar púxose en marcha cun obxectivo mínimo de inserción laboral do 35% dos participantes. Ademais de impartir o certificado de profesionalidade de limpeza en espazos abertos e instalacións industriais, as accións que se levaron a cabo incluíron técnicas para mellorar a busca de emprego, habilidades para realizar entrevistas

de traballo, estratexias de motivación persoal ou de autoemprego. Tamén a elaboración de itinerarios de inserción individual, tendo en conta o tecido empresarial asentado nos distintos municipios e os perfís profesionais que demandan.

O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, destacou que a Administración autonómica destina importantes recursos a impulsar a formación para o emprego con ferramentas como os programas integrados ou os obradoiros, medidas que "chegan a unha parte importante dos concellos da nosa provincia e supoñen un impulso e mesmo un estímulo para moitas persoas desempregadas".

Estabilidade na comarca


A covid-19 mantén a Meira en alerta media e cunha incidencia moi baixa

A comarca de Terra Chá mantén a covid controlada e polo momento só Meira está en alerta, xa que Rábade, que chegou a estar en alta, recupera a normalidade. No resto da provincia, o Comité clínico que asesora á Xunta na xestión da pandemia mantén a Barreiros en alerta alta. Deixa este estado A Pobra de Brollón, que pasa ao nivel medio, onde tamén entran agora Meira e Trabada. Todas estas medidas entrarán en vigor ás 00,00 horas do venres 16 de abril.

Con estes datos a provincia e tamén a comarca pasan con nota a Semana Santa, na que se esperaba un incremento importante de casos. Malia a incidencia que se rexistra son poucos os casos por concello, xa que non chegan nin a dez.

O que non parece tan controlada é a hospitalización xa que unha media de dez persoas permanecen ingresadas, case todas no Hula.

NOVAS NORMAS. O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo, anunciou os cambios nas restricións xerais en Galicia que serán efectivas a partir do próximo venres 16 e que afectan ao toque de queda e á hostalaría. Deste xeito, o toque de queda establecerase agora nas 23.00 horas mentres que os restaurantes poderán servir ceas ata esa mesma hora. Non así, os bares, que seguirán obrigados a pechar ás nove da noite.



O comité acordou seguir abrindo as residencias da terceira idade, que poderán recibir visitas de calquera persoa que pedisen unha cita previa, mentres que ata o de agora só podían visitar dúas persoas como máximo por maior. Ademais, os residentes poderán saír do centro tres veces por semana cunha duración de catro horas por cada saída. Finalmente, anunciou tamén que a comunidade quedará pechada perimetralmente. A Xunta fixo público tamén unha serie de nomas novas sobre o uso da máscara. Sinala que esta deberá usarse na práctica de deporte nas vías públicas con circulación habitual de viandantes. A obriga non será exixible no caso de deporte indivi-

dual en espazos ao aire libre, exclusivamente durante a realización da práctica deportiva, sempre que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, poida garantirse a distancia de 1,5 metros. Só se poderá fumar, comer e beber na rúa sempre que a persoa o efectúe parada e fóra dos lugares de circulación dos viandantes.

A máscara non será exixible no mar, praias e piscinas, no exterior ou cubertas, lagos, embalses, ríos ou noutras zonas de baño, durante o baño e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade.

A CHMS comprométese a limpar ríos en 12 concellos da provincia

A Confederación Hidrográfica Miño-Sil realizará un total de 18 actuacións de limpeza en 16 ríos de doce municipios da provincia tal e como subliñou a Federación de Veciños, que asegurou ter o compromiso do ente para actuar en próximas datas,

As tarefas de limpeza terá lugar nos ríos Miño, Narla, Cabe, Trimaz, Lavadoiro, Requeixo, Pequeno, Arriba, Toldaos, Chamoso e Mera; así como nos regachos de A Ponticela, O Valiño, Guimarás, Porto Muíño e San Mamede. Polo tanto, os concellos afectados polas melloras serán Monforte, Lugo, Outeiro de Rei, Friol, Guntín, O Corgo, Lánacara, Cospeito, A Pastoriza, Xermade, Guitiriz e Castro de Rei.

En Monforte limparase a beira do

Cabe ao seu paso pola residencia de anciáns. En Lugo será retirado unha gran árbore no leito do Miño baixo a ponte de Ombreiro, así como varios troncos no leito do río Mera ao seu paso por Ponche Liñares e Rebordaos. No mesmo municipio actuarase no regacho de San Mamede, desde a ponte de Conturiz ata a ponte da autovía.

O Miño, ao seu paso polo municipio de Outeiro de Rei limparase desde o caneiro de O Piago ata Castelo, así como 500 metros da desembocadura do Narla. Este tamén se limpará no tramo de Vicente e ao seu paso por Friol, desde a ponte de Cotá ata Santalla de Devesa.

En Guntín retiraranse as árbores que hai no leito do río Miño desde Pontearreas ata Tosende. No Corgo

actuarase no río Chamoso, desde a ponte de Adai ata o de Queizán, así como o arroio da Ponticela.

No municipio de Cospeito, centraranse no tramo dende a ponte de Xustás ata o de Bexán. No lugar de Bexán entre O Pacio e A Reigada. Xa na Pastoriza actuarán no regacho do Valiño e en Xermade limparán o río Trimaz no tramo de Roupar a Cabreiros.

En Guitiriz, as intervencións levaranse a cabo nos ríos Lavadoiro e Requeixo mentres en Castro de Rei, centraranse na roza da maleza do arroio de Guimarás, a limpeza do río Pequeno no seu nacemento e a retirada de árbores da desembocadura do arroio Porto Muíño co río Azúmara.

En Lánacara, limparase o leito do río Toldaos de Monseiro a Luseiro.

Abrirá un novo GES en Friol para atender a cinco concellos

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou na Cidade da Cultura, en Santiago, unha addenda ao convenio de colaboración para o funcionamento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) xunto ao Vicepresidente 1º da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, o Conselleiro de Medio Rural, José González, o presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), Alberto Varela, e o Presidente da Deputación de Ourense, José Manuel Baltar.

Esta modificación do convenio permitirá ampliar a área de actuación deste servizo e optimizará a xestión dos recursos para acurtar o tempo de resposta. Tomé Roca salientou que “se seguirá mellorando a cobertura e a operatividade dos GES” a nivel autonómico. Para a provincia, esta addenda establece un novo emprazamento, en Friol, ao GES que daba cobertura a zona sur da Terra Chá e que agora atenderá aos concellos de Begonte, Friol, Guitiriz, Palas de Rei e Outeiro de Rei.

Ademais, a comunidade galega contará con 5 novos GES: 2 na provincia de Ourense con sedes en A Veiga e Maceda e 3 na de Pontevedra con bases en A Lama, A Cañiza e Mos/Redondela, este último cunha sub-sede en cada un dos dous municipios. A eles súmase o servizo supra-



Tomé, durante a firma da addenda que permite a ampliación dos GES

municipal no concello coruñés de Noia. Cos novos servizos, o mapa de emerxencias de Galicia contará con 29 GES e 4 servizos municipais que cubrirán 190 concellos.

Tomé puxo en valor o espírito co que foron creados os GES. “Son unhas unidades de prevención e de emerxencias que resultan fundamentais nunha provincia como a nosa, que ten un marcado carácter rural e que conta cunha dispersión poboacional moi importante; prestan atención a uns concellos que na súa maioría son de pequeno tamaño, e que por si mesmos non terían capacidade, nin para crear, nin para manter o servizo; e que materializan e poñen

en valor a cooperación e a solidariedade intermunicipal e a cooperación interadministrativa, que dende a Deputación de Lugo consideramos importantes”.

A Deputación de Lugo achega preto de 800.000€ ao ano para o funcionamento dos GES, o que equivale a practicamente ao 1% do Orzamento da Deputación de Lugo. A institución provincial lucense converteuse no 2016 na primeira institución provincial de Galicia que asumiu o custe municipal dos GES, lembrou o Presidente, de tal maneira que os concellos “poidan ofrecer este servizo de prevención e de atención a emerxencias a custe cero”.

O programa Mil Ríos actuará nos lugueses Ulla, Eo, Landro e Sor

O curso fluvial do Sor, xunto aos dos ríos Ulla, Eo e Landro, son nos que se centrará o proxecto Mil Ríos, co obxectivo de poñer en valor o patrimonio natural dos ríos galegos grazas a un investimento de máis de 30 millóns de euros.

Esta iniciativa tradúcese en restaurar e mellorar máis de 300 quilómetros destes ríos, recuperando as poboacións de peixes, incrementando a biodiversidade e a conectividade ecolóxica; ao tempo que se mellora a adaptación dos ríos ao cambio climático e a resiliencia ás posibles catástrofes naturais.

O Proxecto Mil Ríos ten catro eixes principais, como a eliminación e o control de especies exóticas invasoras, tanto de fauna coma de flora; e a recuperación e mellora de hábitats e especies, sobre todo das especies ameazadas.

Un terceiro obxectivo é o seguimento de peixes migradores así como a mellora das infraestruturas dos ecosistemas fluviais, grazas diferentes actuacións.

Caixa Rural Galega acada un beneficio neto de 5,7 millóns

Caixa Rural Galega finalizou satisfactoriamente o exercicio 2020, cun beneficio lixeiramente superior ao do ano anterior, unha vez realizadas importantes dotacións para blindarse dos efectos que a pandemia poida ter no 2021.

Para alixear a carga que está a supoñer a covid-19 sobre os seus socios e clientes, a entidade estableceu unha serie de medidas que tratan de aliviar as cargas financeiras de particulares e empresas. A tal fin concedéronse moratorias a empresas e particulares por valor de 11 millóns de euros, co fin de compasar os calendarios de amortización á xeración dos recursos para a súa atención. Tamén se participou nas liñas covid instauradas polo ICO concedendo financiamento por máis de 40 millóns de euros. Sobre estas liñas están a concederse ampliacións de prazo e/ou carencia segundo o establecido nos diferentes Reais Decretos publicados co obxectivo de preser-

var aquelas empresas que sendo viables afrontan dificultades de liquidez. De igual xeito instrumentalizáronse mecanismos para adiantar o pago dos ERTES e prestacións de desemprego.

Dentro desta conxuntura a entidade foi capaz de incrementar os depósitos e o investimento crediticio mantendo o emprego e as oficinas sen peches nin recortes.

En canto aos resultados, a entidade conseguiu mellorar lixeiramente o resultado do exercicio anterior baseándose nunha maior comercialización de préstamos (fundamentalmente hipotecarios para a adquisición de vivenda) e unha maior chegada das comisións derivadas da venda de seguros. Os crecementos alcanzados nos depósitos (+19%) e no investimento crediticio (+24%) referendan o modelo de negocio da entidade baseado nunha proposta de produtos sinxelos, trato personalizado e moderación nas comisións.

Adamo levará internet de alta velocidade a 76.000 fogares

Adamo continúa co seu despregamento de infraestrutura propia en Lugo. Nesta ocasión, dando un paso de xigante. Así, a empresa de telecomunicacións levará Internet de alta velocidade a 26.530 fogares da provincia ao longo de 2021 e 2022. Desta maneira, o operador poñerá ao dispor dos residentes nesas decenas de miles de vivendas a fibra óptica máis rápida que existe hoxe en día no mercado (1.000 Mbps). Sumadas ás 50.000 actuais, Adamo alcanzará un total que pasa as 76.500 vivendas conectadas á súa rede na provincia de Lugo nos próximos dous anos.

Este crecemento apóiase, por unha banda, nas subvencións do Programa de Banda Ancha de Nova Xeración (PEBA) do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, que está cofinanciado pola Unión Europea (UE). En conxunto, Adamo resultou adxudicatario de 80 millóns de euros para dotar de fibra óptica a preto de 500.000 vivendas situadas en 20 provincias. Dese orzamento, máis de 5,8 millóns destinaranse á instalación desta infraestrutura en Lugo para facilitar, así, a comunicación dos xa citados 26.530 fogares. Por outra banda, esta expansión é posible grazas tamén aos investimentos de Adamo,

que agregará capital propio para o despregamento da internet de alta velocidade en cidades e pobos da rexión.

Cabe lembrar que este desenvolvemento enmárcase nunha forte aposta do operador por Lugo, dado que xa conectou á súa rede da internet de alta velocidade aos concellos de Cervo, A Fonsagrada e Begonte ao longo do último trimestre de 2020.

Neste leste sentido, dada a conxuntura presente, é preciso destacar que o ritmo de crecemento da empresa apenas se ve influído pola irrupción da covid-19: o operador leva fibra óptica a 25.000 novos fogares ao mes en España a pesar do coronavirus.

Adamo ofrece a fibra óptica máis rápida do mercado (1.000 Mbps), que se traduce en poder teletraballar cunha conexión estable, manter videoconferencias sen cortes, estar máis preto dos familiares e amigos que viven lonxe, pasar citas médicas a distancia, comprar a través de Internet, ter a posibilidade de acceder a educación de forma remota ou ver series ou gozar de videoxogos en liña, entre outras opcións.

Así mesmo, a empresa continúa co seu apoio á conectividade nas zonas rurais.

Carteiros rurais venderán material de correos e ampliarán servizos

Correos está a traballar para que os carteiros e carteiros rurais poidan ofrecer no domicilio moitos dos servizos que se prestan nas oficinas, grazas aos dispositivos electrónicos portátiles (PDAs) cos que conta o persoal de repartición. Para iso, Correos ampliou á provincia de Lugo un proxecto piloto polo que 212 carteiros e carteiros rurais poderán ofrecer no mesmo domicilio moitos dos servizos que ata o de agora só prestábanse nas oficinas ou na tenda en liña de Correos.

Os cidadáns atendidos polos servizos rurais de Correos poderán comprar no seu mesmo domicilio, aproveitando a visita diaria do carteiro, produtos postais básicos como blíster de selos, sobres prefranqueados e acolchados así como embalaxes de diferentes tamaños para acondicionar os seus paquetes e envíos utilizando a tarifa plana estándar de paquetería de Correos.

Tamén poderán realizar o pago de recibos de servizos como a luz, o gas ou o teléfono, con tarxeta bancaria a través da PDA dos carteiros.

Ademais, poderanse adquirir os distintivos ambientais da DXT que correspondan aos seus vehículos e ingresar diñeiro na súa conta bancaria a través do servizo Correos Cash. Como todos os servizos rurais de Lugo van provistos con PDAs que permiten a conexión aos sistemas de Correos e a cobranza de cantidades con tarxeta bancaria, os cidadáns só terán que pedir ao carteiro o produto ou servizo que lles interesa e completar a operación no seu propio domicilio, sen necesidade de ter que desprazarse á oficina postal.

Lugo é a segunda provincia de España na que Correos puxo en marcha este proxecto, tras o seu exitoso lanzamento na provincia de Xaén onde obtivo unha boa acollida por parte dos cidadáns do ámbito rural.

DEPORTES

“Estou agradecido ao Vilalbés porque me axudou na miña formación como persoa”

O presidente, Francisco Ruiz Rey, fala dos motivos que o levaron a tomar a decisión de deixar o cargo

No ano 2013 Francisco Ruiz Rey tomaba as rendas da presidencia do club deportivo Rácing Vilalbés trala saída de José Antonio Pita. Despois de oito anos ao cargo dos verdivermellos o pasado mes de febreiro a entidade deportiva chairega anunciou mediante un comunicado a decisión da dimisión da súa xunta directiva, formada tamén por Fernando Cillero, Jose Otero, Juan Vázquez Carreiras, Pablo Vivero e Carlos Vázquez. Ruiz, que leva ligado ao club dende os quince anos, pasando polos papeis de xogador, adestrador e directivo ata chegar á presidencia, define o seu paso pola cabeceira como algo crucial na súa vida, cheo de paixón e sentimentos. Polo momento, segue sen haber candidaturas para celebrar eleccións, pero Ruiz confía en que algún xunte as gañas suficientes para facerse cargo.

Como foi dar o paso cara á presidencia hai oito anos?

Foi no ano 2013 no que comecei como presidente, pero levo no Vilalbés dende os 15 anos primeiro estiven como xogador e despois formando parte de varias directivas en outros cargos, os últimos oito anos si que fun presidente, a directiva anterior deixouno e pasou algo parecido a o que esta pasando agora, non había directiva e animeime sobre todo porque eu estou moi agradecido ao Vilalbés porque me axudou a miña formación como persoa, cría que era unha maneira de devolverllo.

Agora, cal é o balance de todo este tempo no cargo?

Eu creo que o balance en xeral é positivo porque sobre todo cando unha xunta directiva fai todo o que pode para lograr o obxectivo ten que ser positivo, eu creo que eu non son o que ten que valorar estes oito anos, os números e os resultados están aí, o que realmente si poido dicir e que eu e a miña xunta directiva fixemos todo o que puidemos sempre pensando o que era o mellor para o Vilalbés. Eu creo que o ser presidente do Vilalbés é como si fixeras un máster en tema deportivo, en tema social e en coñecemento do pobo. Un máster rápido e un máster autodidacta case.

Se o tes que definir en tres palabras?

Crucial, pasional e sentimental, onde pasei momentos dos difíciles e dos bos, un motivo de sufrimento pero

de moitas moitas satisfaccións.

Cales son os motivos de que a xunta dimita?

Os motivos son moi sinxelos é algo no que eu levo dous ou tres anos con gañas de deixalo, este é o meu oitavo ano e é moito tempo, un cargo de presidente é unha cousa que require moita dedicación e traballo. Hai tres anos tomei a decisión pero non había ninguén que collera o club e decidiuse en asemblea que seguira como presidente un ano mais. O ano seguinte volveu pasar o mesmo e no 2020 xa tiña decidido deixalo outra vez e coincidiu o inicio da pandemia, esta decisión soe tomarse no mes de abril e maio, estabámolo decidindo, pero non nos parecía o momento oportuno para deixalo polas circunstancias. Unha vez que máis ou menos se estabilizou a pandemia, que xa sabemos mais ou menos en que terreo de xogo estamos, decidimos que era o momento de deixalo definitivamente. A decisión que esta tomada desde hai tempo, non se deron as circunstancias para deixalo pero agora é así.

Implicase o pobo e preocúpase polo club?

Eu estoume dando conta agora ao final que realmente se preocupa máis xente polo club da que pode parecer. Agora a xente non para de preguntar se apareceu presidente, o Vilalbés é unha institución dentro de Vilalba, ten 90 anos de historia e a xente esta preocupada. Ao mellor cando estás no medio do mandato non te das conta e eu agora si que me dou conta de que a xente se preocupa do que lle vai pasar o club. Preocúpase do seu futuro iso é bo, demostra que a sociedade está viva. Por un lado é bo, pero por outro lado non está sendo bo que aínda non aparezan novos candidatos.

Seguen sen aparecer candidatos como se explicou no derradeiro comunicado?

Si, a situación é esa. Empezamos este proceso con tempo porque sospetábamos que ía pasar isto. Anunciabamos que sería o remate esta tempada que finaliza o 30 de xuño e confiamos en que antes de esa data apareza unha nova directiva, sobre todo porque sería importante que aparecera antes para que puidera convivir se eles o ven oportuno os últimos meses con nosoutros para saber o funcionamento do club. Temos



Francisco Ruiz Rey, presidente do Rácing Vilalbés

esperanza de que apareza alguén. Nós o que fixemos dende a anterior asemblea foi iniciar os contactos e as consultas cos organismos que están por encima do club, que son co Concello, coa Federación, coa Xunta... para consultarlle o que pasaría si non aparece unha nova directiva, foi o que fixemos e o que presentaremos na próxima asemblea, que será tralo próximo partido que xogue o primeiro equipo na casa.

No caso de que non aparecera ninguén, podería facerse cargo algunha institución?

Nunca se deu a circunstancia de que tivera que facerse cargo unha institución do club, a min persoalmente non me parecería o ideal, os clubs teñen que ser organismos independentes. Se chegou o momento, como medida drástica quizás sería unha opción, pero non o vexo como unha opción persoalmente boa, non por nada senón porque as asociacións deportivas teñen que ser privadas, teñen que ter a colaboración do Concello, pero se todos os concellos tiveran que facerse cargo dos clubs, sería inviable.

En que situación deixades ao Rácing Vilalbés?

Nos creemos que vamos a deixar o club ben deportivamente. No primeiro equipo, a permanencia na terceira división esta asegurada, na

Liga Nacional e nas Galegas tamén. Deportivamente vámolos deixar encamiñado, os resultados que aínda que sexan de aquí a final de tempada os que sexan, como mínimo seguirán tódolos equipos nas mesmas categorías. Un pobo como Vilalba as categorías deportivas que tempos parecen un éxito. A estrutura do club é moi aceptable, se comparas os datos de poboación de Vilalba co o número de equipos, as ligas nas que militan e as súas clasificacións, non coñezo moitos clubs co mesmo rango de poboación que teñan os nosos datos, que están aí. De feito en Lugo, o único club non profesional que ten a base nas categorías que a temos somos nos. Economicamente, se as circunstancias non se torcen, quedará sen débedas malia a complicadísima época que estamos a pasar.

Como foi recibida a noticia pola xente do club?

O primeiro que intentamos transmitir aos xogadores e aos técnicos foi a tranquilidade necesaria de que nós estaremos hasta o remate de tempada, iso fixémoslo antes de anunciar a decisión ao público. O que non debe nin é bo é que renda o medo e o nerviosismo por un proceso electoral. Nos iniciamos este proceso, pero o club esta temporada ten todo perfectamente controlado e no seu sitio. Despois, como reaccionaron? Díciánme que íaa vas seguir outro

Convocada unha asemblea para o sábado 17

O Rácing Club Vilalbés celebrará o sábado 17 de abril, ás 19.45, unha asemblea xeral extraordinaria para tratar sobre a renovación da directiva unha vez que remate a tempada en curso.

A reunión terá lugar no estadio municipal da Magdalena cun único punto na orde do día, a comunicación por parte da xunta directiva das consultas realizadas ante o órgano competente en materia de deporte da Xunta de Galicia, Concello de Vilalba e Real Federación Galega de Fútbol debido á posible disolución do club de non aparecer novo presidente.

A asemblea será 15 minutos despois do remate do encontro de Terceira División, polo que a hora de inicio pode modificarse.

ano máis, pero agora xa ven que é verdade que non vou a seguir, pero que non pasa absolutamente nada.

Seguirás vinculado de algún xeito ao club?

Eu vou seguir vinculado toda a miña vida ao club, xa o levo estando dunha maneira ou de outra sempre. Agora poñereime á disposición da nova directiva, pero desde fóra. Gustaríame agradecer a tódalas persoas que me axudaron, tanto colaboradores, coma socios, exdirectivos, patrocinadores, institucións... sen a súa axuda o Rácing non podería ser o que é. E tamén, claro está, pedir desculpas á xente que se puido ver prexudicada coas miñas decisións. Todas foron tomadas pensando sempre no mellor para o club.

Que ten que ter esa nova directiva?

Gañas de traballar, é o único requisito que fai falta para isto. Nosoutros cando empezábamos non tiñamos outra cousa, gañas de traballar. Á nova directiva pasaralle o mesmo que a nosoutros, aceptará nunhas cousas e equivocarse noutras, pero o requisito e ter gañas de traballar e ter cariño ao club.

Fai pouco o Deportivo fíxote unha homenaxe, como o recibiches?

Moi de sorpresa, enganáronme, ía eu a darlle un detalle a Vilares, fun completamente enganado. Sentín moito agradecemento, sempre che gusta que che recoñezan o teu traballo. Eu ao Deportivo como presidente do Rácing Vilalbés solo teño palabras de agradecemento, a colaboración co club en tódolos aspectos sempre foi extraordinaria, e o agradecemento acollino con moito agrimo.

Guitiriz Termal organiza unha segunda carreira virtual solidaria

O Concello organiza a segunda edición da carreira virtual Guitiriz Termal solidaria. Nesta edición, que se celebra ata o 18 de abril, o obxectivo é recadar fondos para Somos unidos por el Cáncer.

O prazo para anotarse á proba xa está aberto na web oficial <https://guitiriztermal.ccnorte.com/> e os que desexen participar poderán sacar o seu dorsal ata o último día, o 18 de abril. O prezo mínimo é de 2 euros pero a partir desa cantidade poderase facer un donativo a maiores.

A distancia a percorrer será de 5 quilómetros para a carreira e de 7 quilómetros para os que fagan a andaina. Co fin de facilitar a realización, propóñense uns percorridos pero pode facerse onde cada un queira.

Entre os participantes sortearanse 30 vales de 20 euros, doados polo Concello, para gastar na hostalería local. O sorteo terá lugar o luns 19 de abril no Concello e do 20 de ao 30 de abril poderán recoller os vales.



Abre o prazo para inscribirse na Samurai Xtreme Race das Pontes

O lago das Pontes acollerá, o domingo 4 de xullo, a quinta edición da carreira de obstáculos, Samurai Xtreme Race na que, debido á covid, haberá limitación de participación.

A proba, considerada como carreira de obstáculos extrema, desenvolveuse, na súa totalidade, na contorna do lago. Ten unha distancia máxima de 9 quilómetros e inclúe máis de 42 obstáculos, tanto naturais como artificiais. Haberá oito tandas limitadas cada unha a 100 persoas que abar-

carán as categorías elite Octra, elite Samurai e popular. Os recorridos oscilarán entre os 7 e os 9 quilómetros e os 40 e 47 obstáculos.

Os interesados poden informarse ou inscribirse, en individual ou por equipos, en www.samuraixtremrace.es ou en www.championchipnorte.com. Haberá premios para os tres primeiros corredores e equipos e os mellores pontés e pontesa. Previamente, o día 3, ás 20.00 horas, haberá un briefing.



Cuba buscará praza para Tokio no clasificatorio de Bulgaria

O loitador vilalbés José Cuba participou no primeiro clasificatorio olímpico deste 2021 sen obter o paso aos xogos olímpicos. Neste evento continental xogábanse dúas prazas por peso entre os países europeos e enfrontáronse os mellores loitadores europeos que non acadaron unha das seis prazas que se repartiron no pasado mundial do 2019.

Cuba chegou a Budapest despois de moitas dificultades para adestrar tralo confinamento, as limitacións para contar con compañeiros de adestramento e a falla de competición. É así que se viu un primeiro enfrontamento ante o xermano Cudinovic no que

o vilalbés non tivo tempo a meterse no combate cedendo por superioridade sen oportunidade de reaccionar. A boa preparación do xermano que o meteu na final non só lle deu o billete para os Xogos de Tokio senón que tamén lle brindou a oportunidade de Cuba de repescar na loita polas medallas.

Na repesca enfrontouse ao albanés Karepi, e agora xa metido na competición disputou un combate moi igualado que acabou caendo pola mínima do lado do loitador do leste. Cuba afronta a finais de mes a derradeira proba clasificatoria que terá lugar en Sofía (Bulgaria).

María Carballido revalida o ouro en 800 metros en Ourense

Gran actuación dos representantes do Atletismo Friol no Campionato Galego de pista cuberta celebrado en Ourense e onde os representantes friolenses acadaron unha medalla de ouro e tres postos de finalistas a cargo dos catro atletas que acudiron a máxima cita invernal do atletismo na comunidade.

Así, de novo, a gran protagonista era María Carballido, que lograba revalidar o título acadado o ano pasado e

se levaba a medalla de ouro na proba dos 800 metros lisos cun tempo de 2.19 minutos.

Cristian Montecelo tamén conqueira un meritorio quinto posto na disciplina dos 800 metros lisos cunha marca de 2.00 minutos, mentras que Nerea Montes chegaba á final, onde se facía co sétimo posto. Nerea Lage tamén facía marca persoal na proba dos 1.500 metros lisos e conqueirando así a oitava posición.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN
Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA
Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES
Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE
Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI
Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COspeito
Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL
Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa 982 37 10 05

GUITIRIZ
Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA
Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS
Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI
Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL
Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADA
Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIORTORTO
Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VILALBA
Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE
Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

+ Teléfonos: www.terrachaxa.com

TELÉFONOS DE INTERESE



Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



COLABORACIONES

Lareira de soños, un libro sobre as nosas aldeas

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raúl Río

Parece que os nosos gobernantes, tanto dos ministerios madrileños como das consellerías e presidencia da Xunta de Galicia, pretenden acabar co rural, como lle chaman agora ás nosas aldeas, porque pensan que os grelos e os lacóns se crean nas tendas, que o leite nace no tetra-brik e que os polos xa nacen asados e sen plumas nalgun país das maravillas.

Penso eu que estes ministros e conselleiros non queren que saibamos de onde vimos, pero eles ben saben por onde nos queren levar, sen embrago os que nacemos na aldea somos sabedores da importancia que ten o sector primario en todas as sociedades e estamos orgullosos de contribuír á independencia alimentaria, á etnografía e á cultura popular que nos diferencian como pobo. Sen as aldeas o entroido galego sería moi parecido ao español ou estadounidense, que son os modelos de cultura alleos que nos queren impoñer.

Pero os aldeáns de nacemento non queremos acadullar por onde eles derregan e queremos dar valor, porque amamos e defendemos a cultura que mamamos na nosa infancia. Dicia o noso veciño é amigo, Xosé María Díaz Castro, que a verdadeira patria é a infancia, porque el estaba namorado da súa aldea do Vilariño dos Cregos e por iso, cando tivo que deixala escribiu ese precioso poema, "Monumento á ausencia", quizás a mellor despedida que se fixo nunca en poesía, como afirmou Uxío Novoneyra no barrio bilbaíno de Masustegi, fundado e habitado por emigrantes galegos.

A pesar das necesidades que tivemos que pasar nesa longa noite de pedra do franquismo, fomos felices nese entorno que nunca esqueceremos, neses pequenos paraísos nos que acontecen cousas que están na historia que non se escribe, como diría a amiga Marica Campo, nin tampouco saen nas películas, pero que darían un bo guión para calquera delas, pois ás veces ocorren nas



aldeas cousas e casos mais importantes que en calquera cidade, por moi grande que sexa.

Pensando deste xeito foi como a escritora Pastora Veres quixo darlle voz aos que non a teñen e decidiu plasmar nun libro as historias e peripecias dos diferentes veciños, os traballos e o xeito de divertirse; presentarnos as vellas fotografías etnográficas, que por encargo de Manuel María levaba recollendo desde fai moitos anos. No libro "Lareira de soños" están recollidas voces que reflexan o pensamento desas xentes humildes e historias parecidas ás de calquera outra aldea de Galiza, por iso este libro non é un libro localista no que so está representada a parroquia dos Vilares de Díaz Castro, da autora e deste servidor. Nel verá o lector representados moitos personaxes parecidos aos da súa e outras moitas parroquias coas mesmas ledicias, problemas e costumes e a xente das cidades descubrirá ese mundo máxico e universal da aldea, pois como dixo o escritor portugués, Miguel Torga: O universal é o local sen paredes, bonita e certa frase que recolle Pastora no Epílogo e que tamén utiliza Joseba Sarrionandia en "Somos como moros en la niebla?".

Ademais do precioso Limiar, a cargo do periodista Man Castro, e do Epílogo, o libro está distribuído en catro partes: De quen vimos sendo, Os alentos que me quedaron, As vidas silenciosas e Vilaregas de hoxe.

Acompañando o libro vai tamén o DVD "Entrar aos Vilares" realizado por Cibrán Tenreiro, Antonio e Xacobe González, no que estes tres rapaces, fillos de aldeáns,

pero criados na cidade se introducen nese mundo, preguntando aos veciños e tentando vincular o que aprenden á súa propia identidade, rememorando cousas máxicas pasadas que non volverán a suceder.

Lendo o libro saberemos moitas cousas curiosas que lle pasaron a moitos personaxes, na terra ou polo mundo adiante, como Manuel de Zoquiñas do Fagundo, "O Milmañas", que tiña unha carpintería en Cuba, na que agachaba a Fidel Castro cando era neno para que non o vira seu pai pola rúa; que houbo un toureiro dos Vilares que se chamaba "El Triano" e que foi profesional en Colombia e Venezuela; como Pepe de Vila, un primo da poeta Marica Campo, soubu en Caracas que Carmen, filla do Xastre da Ponte e sobriña do tío Pedro, O Trapeiro, debía ser dos Vilares polo xeito de levar o saco na cabeza como facían as trapeiras que pasaban polo Incio; que José André López González (André da Ponte), sobriño de Carmen e neto do xastre, é o investigador que rescatou o noso Apalpador (personaxe moito mais antigo que os Reis Magos e o Santa Claus da Coca Cola) e criou na Casa da Ponte dos Vilares até os cinco anos, que foi cando seus pais o levaron para Santurtzi.

Todas estas historias, e outras moitas parecidas que ocorren ou ocorreron en calquera das nosas aldeas, pode ver e imaxinar o lector da Lareira de soños; un libro moi ameno, escrito con moito cariño, sentindo moita morriña polas nosas aldeas e por esa pequena parroquia de trapeiros e trapeiras, ese pequeno paraíso no que discorreu felizmente a nosa nenez.

Chegados de lonxe

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Nesta columna aludimos de forma habitual —recoñezoo que pode chegar a ser algo canso— a dous fenómenos típicos da Galicia Rural, o despoamento e o avellentamento. Unha constante que nos persegue desde hai décadas e que semella non ter visos de corrixirse.

Mais sempre aparecen excepcións a esta realidade que nos serven, ou deberían servir, primeiro, para pensar que existen opcións e posibilidades de futuro, e en segundo lugar, para dármolos conta que no noso entorno máis próximo atesouramos unhas potencialidades que resulta lamentable non sexamos quen de aproveitalas.

E exemplos do mencionado atopámoslos en tres historias protagonizadas por tres homes chegados de lonxe e que decidiron asentarse na nosa Terra. Os protagonistas son un ruso, un italiano e un galés.

O ruso foi parar ós Ancares, onde ambiciona abrir un museo de ferreiros, desde o cal pretende, a través dos utensilios e ferramentas, así como das historias recopiladas, dar a coñecer un oficio que era fundamental nas nosas aldeas hai décadas e que se foi perdendo. "Un lugar de encontro no corazón de Navia de Suarna". Así é como o mesmo artista o define, desexando que a súa iniciativa teña un carácter interactivo tanto coa veciñanza como cos visitantes.

O italiano é un mozo de trinta anos que apareceu en San Xulián, Sarria, xusto antes de comezar este pesadelo que condiciona a toda a Humanidade. Veterinario el, a súa iniciativa consiste en vender rubia galega por medio da rede social Instagram a clientes do seu país. Descubriu que a carne producida nas nosas fincas pola raza de bovino máis significativa, tería notable éxito nos restaurantes de Milán ou Turín, como así está a aconte-

cer realmente. Veu polas vacas de carne, pero namorouse tamén do estilo de vida.

E a terceira historia ten como actor principal a un oriundo de Gales, nas Illas Británicas. Neste caso, a súa motivación resulta un tanto peculiar, xa que chama a atención o santuario para burros que habilitou en plena Ribeira Sacra, bisbarra da que quedou prendado cando a visitou por primeira vez hai máis de quince anos e na que chegou a vivir con seu pai, como fixeron e están a facer compatriotas deles nunha zona de extraordinario atractivo. Xa son catorce inquilinos aos que presta atencións dentro deste proxecto, o cal traspasa fronteiras a



través da Internet, obtendo recoñecementos e aplausos.

Eles son Pavel Yakushev, Matteo La Mantia e Christopher Crump, naturais de Rusia, Italia e Gales respectivamente. Os tres transmiten un espírito inquieto, inconformista e viaxeiro, que os levou por diferentes lugares ata que finalmente ficaron en destinos dos que a xente propia leva fuxindo anos na procura dunha mellor vida. Pero estes tres atoparon o que buscaban precisamente nunhas aldeas dos Ancares, de Sarria e da Ribeira Sacra. Un rescatando a riqueza dun vello oficio, outro vendendo carne de vaca rubia a restaurantes do seu país e o terceiro poñendo en funcionamento unha residencia para burros.

Cómpre darlles a benvinda e desexarlles éxito na súa aventura, porque eles, cos seus respectivos acentos, están a facer País.

Labora et ora, Risco dixit

A CASA DOS MARIOS




Moncho Paz

Contaba o Chavito que outro dos clientes históricos da Casa dos Marios fora o ourensán Sebastián Martínez-Risco Macías, quen sintonizara moi ben co meu avó na década de 1940 e que por aquela época adoitaba pasar algunhas tempadas curtas en Vilalba, hospedado no Hotel Chao. Nos fogóns da fonda coincidía con outros intelectuais da posguerra, como Álvaro Cunqueiro e Xosé María Díaz Castro. Xuíz de profesión, foi un destacado ensaísta e poeta, incluído por boa parte da crítica dentro da Xeración de 1925, xunto cun grupo de autores coetáneos como Xosé Crecente Vega ou Xosé Manuel Cabada Vázquez.

Procedente dunha familia acomodada, de fonda identidade galeguista e dun gran nivel cultural, contribuíu nas nosas letras con varios poemarios -o máis coñecido, "14 Nadalíñas"- e outros textos, como o ensaio "Presencia da lingua galega", publicado por Ediciós do Castro en 1973, catro anos antes do seu pasamento. Sebastián era sobriño do historiador Marcelo Macías e curmán de Vicente Risco, un dos meirandes teóricos do nacionalismo galego.

Segundo lembraba o meu pai, Sebastián Risco era un home elegante, inqueda e viaxeiro, un agudo observador da realidade. Tras numerosas estadías na capital da Terra Chá, atreveuse incluso a definir o noso carácter: "Labora et ora, por esta orde". Sostiña que os vilalbeses somos trasunto do soporte da nosa terra e, como a chaira acostuada a ouvir o vento, non eludimos o diálogo, pero somos máis de escoitar ca de falar. Cualificábanos como pouco impresionables e tamén pouco efusivos, sinalando especificamente -como deixou escrito- que a dramática do noso espírito consiste en que "as súas reaccións anímicas son, quizais, lentas; a súa vida espiritual, grave e transcendente. As súas ideas son, por iso mesmo, máis claras e arraigadas; os seus sentimentos, máis firmes e duradeiros. O corazón dos vilalbeses é terra abonada para o arraigamento das amizades entrañables, se o xermolo é apto para xermolar nel. Magnífica virtude, en tempos nos que a amizade é planta rara e mal nutrida".

Con estes ollos nos vía o escritor ourensán e membro da Real Academia Galega, quen tiña unha



especial debilidade polo queixo de San Simón, que lle chamaba a atención pola seu sabor afumado e a súa orixinal forma. En certa ocasión contoulle ao meu avó Mario Xosé que degustara este produto por vez primeira en Madrid, e que fora precisamente na capital de España onde se dera a coñecer o queixo artesanal para o gran público, nun acto promovido pola Deputación Provincial de Lugo na Exposición de Industrias Lácteas celebrada en 1913, a instancia das xestións realizadas polo entón alcalde de Vilalba, Andrés Basanta. O máximo mandatario, de liñaxe galega moi antiga, contraera matrimonio cunha ilustre dama, Concepción Silva Posada Villaronte -que proviña dunha adianteira familia mindoniense- que tivo seis fillos: Francisco, Arturo, Santiago, Carmen, Andrés e Eugenio. Co seu bisneto, tamén chamado Andrés e residente na bisbarra de Compostela, manteño

a día de hoxe unha cordial amizade. Hai quen asegura que o seu apelido procede de Villasanta, que posteriormente se transformou en Basanta e se estendeu por toda Galicia.

A Sebastián Risco gustáballe perderse polas rúas e barrios de Vilalba, e sentía unha poderosa atracción pola Torre da Homenaxe do Castelo dos Andrade, símbolo da historia da nosa vila. Adoitaba dicir que as referencias de Vilalba antes do século XIII eran "escasas e imprecisas". Por exemplo, sabemos que a presenza humana na zona remóntase, como mínimo, á Idade de Pedra, dados os múltiples testemuños megalíticos espallados pola Chaira adiante. Diso sabía moito Xosé Ramil Soneira, que xustamente neses anos chegaba a Vilalba para establecerse como médico, tras unha etapa vital como profesor axudante na facultade de Santiago, onde cursara a carreira.

En realidade, foi o historiador local Manuel Mato Vizoso, fundador de El Eco de Villalba, quen concluíu que os primeiros documentos que se refiren ao noso pobo datan do século VI, coa denominación toponímica de Santa María de Montenegro, ao tratarse dunha vila con muralla e castelo que se atopaba baixo a protección da familia dos Montenegro. Segundo as súas investigacións, no século VIII e, posiblemente, ao abeiro das invasións musulmás que se viñan producindo na península dende comezos da centuria, a fortaleza sufriu un incendio que a deixou totalmente devastada. Pero esa xa é outra historia, con maiúscula.

ELISARDO BARCALA



a elección de...



Mario Rouco
Concelleiro socialista de Muras

un libro



Memorias dun neno labrego, de Xosé Neira Vilas

un disco




Calquera de Scorpions

unha película




El reino de los cielos de Ridley Scott

un personaxe histórico




Xulio César

un lugar para visitar



Bergen, Noruega

unha afección



Correr polo monte

unha comida



Polbo á feira

unha bebida



Cervexa

Consulta os eventos en:
www.terrachaxa.com

Tahona Currás
PANES ESPECIALES
Pan de molde
100% integral
Trigo gallego molido en piedra
Novo Cazón 12 Telf. 620417383
San Roque 3. Telf. 982510062

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

A machada votiva do Castro de Viladonga



Miriam Fernández

Sen dúbida o Castro de Viladonga é un dos xacementos arqueolóxicos máis importantes e máis visitados do territorio galego, fonte de información clave para o coñecemento da cultura galaica e galaica romana. As sucesivas campañas de escavación iniciadas en 1971 sacaron á luz gran cantidade de estruturas e restos materiais que se expoñen no museo sito ó pé do xacemento, axudándonos a comprender a da vida cotiá e as costumes das xentes que habitaron este poboad.

A pesar de que este xacemento presenta unha ampla extensión escavada, aínda existen áreas importantes por estudar e das que extraer valiosa información, tal e como testemuñan as últimas intervencións (2018/2020) nas que se consolidaron estruturas e viron a luz novos espazos habitacionais, un alxibe monumental, tramos de pavimentación (camiño empedrado), escaleiras da muralla, etc., así coma restos materiais de diversa índole.

Entre os obxectos descubertos recentemente (2020), atópase unha peza verdadeiramente singular que conecta co universo simbólico ou de culto que practicaban os habitantes do castro: unha machada votiva de bronce de 13 centímetros de longo e 22 gramos de peso, datada do século III a.C. Esta peza foi descuberta no alxi-



be monumental, unha estrutura escavada na rocha de 70 metros cadrados de superficie e catro de profundidade á que se descende mediante chanzos, e que recollía a auga da choiva de dúas minas que escorregaban ata este depósito 150.000 litros de capacidade. Dita estrutura foi tamén un achádego importante xa que as evidencias e os estudos revelaron que se trata dunha obra prerromana do século III a.C., anterior incluso á construción da muralla do asentamento, afinando teorías con respecto á súa orixe indíxena e dando mostra do grande nivel de enxeñería que posuía o castro galaico previo á ocupación romana.

Concretamente a machada atopouse no fondo do alxibe, sobre os chanzos da escaleira de acceso, acompañada por restos cerámicos, unha fíbula de traveseiro, carbón e restos de osos de animais. Non se trata dun exemplar único, pero si escaso, xa que en Galicia polo de agora só se atoparan catro machadas votivas ou sacrificiais (Lalín, Cariño, Cervo e Mondoñedo) que, como o seu nome indica,

estaban destinadas a empregarse probablemente de xeito simbólico en rituais de sacrificio de animais ou de comensalidade (comidas rituais en común).

O aspecto da machada votiva de Viladonga caracterízase por un corpo central ou mango embelecido con incisións sogueadas en espiña de peixe, unha folla de machada sobre a que se atopa un pequeno torque e as representación dun prótomo de touro (cabeza e busto) na zona frontal, un xabaril na zona mesial e un prótomo de carneiro no extremo do mango. A ornamentación é propia deste tipo de pezas, as cales representan os animais que se adoitan sacrificar nos rituais. Entre todos os exemplos galegos a machada de Viladonga recoñécese coma unha das máis completas e decoradas. Coa incorporación desta peza ós fondos e á exposición do museo, Viladonga conserva nesta institución tres das cinco machadas votivas galegas, as tres da provincia de Lugo: Cervo, Mondoñedo e Viladonga. A machada de Cervo (Castro da Atalaia, San Cibrán), tamén e de



Arriba, o alxibe e a machada votiva. Abaixo, un detalle desta última

bronze, mide uns 12,30 cm e pesa 174 gr e conserva unha pátina cor verde. No extremo frontal a folla ten unha forma triangular na que se representa a cabeza dun touro ou carneiro, mentas que o corpo se estende con decoración moldurada. Por outra banda, o bronce de Mondoñedo (Monte da Trindade, Vilamor) é máis sinxelo, compartindo exclusivamente a decoración do torques na folla da brosa. Como se pode ver, o Castro

de Viladonga segue a sorprendernos con interesantes achádegos despois de tantos anos de escavacións, reafirmando a súa importancia para o estudo e coñecemento das xentes galaicas que habitaban nos castros. Agardamos por tanto que as institucións competentes sigan apostando pola súa conservación e estudo, clave para coñecer a nosa historia e para a educación patrimonial das vindeiras xeracións.



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada



Cursos y Certificados

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos
- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista



formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
 alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
 Telf.: 982 51 36 05